

PLENO DO PARLAMENTO

28 de xuño de 2016

10.00 horas

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 28 de xuño de 2016, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 21 de xuño de 2016, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Elección de:

- 1.1 Tres membros do Consello Social da Universidade de Vigo (doc. núm. 50578).
- 1.2 Catro membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (doc. núm. 51223).

Punto 2. Textos legislativos

- 2.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (doc. núm. 47240, 09/PL-000036).
Publicación ditame da Comisión, BOPG n.º 658, do 14.06.2016
Publicación de emendas e votos particulares, BOPG n.º 658, do 14.06.2016
- 2.2 Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única, e urxencia, do Proxecto de Lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013 e, se é o caso, debate e votación do devandito proxecto. (doc. núm. 51420, PL-000040)
- 2.3 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei, de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (doc. núm. 47574, 09/PPL-000042)
Publicación ditame comisión, BOPG n.º 662, do 21.06.2016
Publicación de emendas e votos particulares, BOPG n.º 662, do 21.06.2016

Punto 3. Solicitude de creación dunha Comisión de investigación, por proposta dos dezaioito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a catástrofe que asolou a empresa Fandicosta en Domaio (Moaña) (doc. núm. 51475, 09/SCI-000013)

Punto 4. Mocións

4.1 51384 (09/MOC-000188)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Moción consecuencia da Interpelación nº. 3778, publicada no BOPG nº. 58, do 26.02.2013 e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 659, do 15.06.2016

4.2 51385 (09/MOC-000189)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais. (Moción consecuencia da Interpelación nº. 42684, publicada no BOPG nº. 539, do 21.10.2015 e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 659, do 15.06.2016

4.3 51386 (09/MOC-000190)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa xestión do Goberno galego no referido á situación do sector lácteo, as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto. (Moción consecuencia da Interpelación nº. 43220, publicada no BOPG nº. 545, do 04.11.2015 e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 659, do 15.06.2016

Punto 5. Propositions non de lei en Pleno

5.1 46042 (09/PNP-003819)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Asociación Galega de Familias Numerosas
De iniciativa popular, sobre redución do tipo impositivo do IVE dos

cueiros

- 5.2 50551 (09/PNP-003711)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 646, do 19.05.2016
- 5.3 50798 (09/PNP-003739)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Goldar Güimil, Jesús Antonio e 14 máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de dezaioito anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 652, do 01.06.2016
- 5.4 50889 (09/PNP-003756)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e 2 máis
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 652, do 01.06.2016
- 5.5 50903 (09/PNP-003757)
Grupo Parlamentario Mixto
Fernández Rodríguez, Mónica e Martínez García, María Consuelo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias reflectidas no informe presentado pola organización de conservación da natureza World Wildlife Fund respecto do Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 652, do 01.06.2016
- 5.6 50924 (09/PNP-003759)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 656, do 08.06.2016

- 5.7 51317 (09/PNP-003792)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón e 5 máis
Sobre a aplicación polo Goberno galego, para o curso 2016-2017, dunha tarifa de matrícula reducida a todos os estudantes universitarios sen dereito á docencia procedentes das antigas licenciaturas e dos novos graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 659, do 15.06.2016
- 5.8 51285 (09/PNP-003787)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co baremo para a valoración do grao de discapacidade das persoas con enfermidades neurodexenerativas, e os seus procesos de revisión e actualización
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 659, do 15.06.2016

Punto 6. Interpelacións

- 6.1 44913 (09/INT-001706)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad e 4 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación demográfica de Galicia e as súas consecuencias para a economía e a sociedade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 573, do 16.12.2015
- 6.2 51050 (09/INT-001979)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a política de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 656, do 08.06.2016
- 6.3 51309 (09/INT-001984)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 2 máis
Sobre a diminución do persoal docente e investigador no Sistema universitario de Galicia nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 659, do 15.06.2016


Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

- 7.1 51617 (09/POPX-000195)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre o balance da política xeral do Goberno galego en relación coa mellora dos dereitos da cidadanía
- 7.2 51621 (09/POPX-000196)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa dirección que está a seguir Galicia en materia de emprego
- 7.3 51639 (09/POPX-000197)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as razóns da crítica aos médicos do sistema sanitario público que denunciaron o retraso na dispensación dos medicamentos contra a hepatitis C

Punto 8. Preguntas ao Goberno

- 8.1 50740 (09/POP-004972)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Dorado Soto, Javier e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción da estación intermodal de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 652, do 01.06.2016
- 8.2 51638 (09/PUP-000282)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis
Sobre as medidas que vai implementar o Goberno galego para evitar o incremento dos accidentes laborais graves
- 8.3 47349 (09/POP-004508)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade de dotar de tabletas os centros educativos que imparten a etapa de educación infantil
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 606, do 24.02.2016

- 8.4 45707 (09/POP-004226)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do disposto na Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 590, do 27.01.2016
- 8.5 51626 (09/PUP-000281)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Paz Franco, María Tereixa
Sobre as razóns do Goberno galego para non asinar un convenio colectivo cos traballadores do Consorcio Galego Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
- 8.6 45253 (09/POP-004129)
Grupo Parlamentario Mixto
Martínez García, María Consuelo
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa ampliación dos contratos dos traballadores e traballadoras de Seaga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 20.01.2016
- 8.7 49019 (09/POP-004744)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para recorrer a traballadores do sector privado en lugar do persoal de Seaga para os traballos de limpeza dos montes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 626, do 06.04.2016
- 8.8 49617 (09/POP-004837)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis
Sobre as actuacións concretas susceptibles de realización, ao abeiro do convenio de colaboración proposto a través da Consellería do Medio Rural aos concellos galegos, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 635, do 20.04.2016
- 8.9 50310 (09/POP-004929)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recousó, Juan Manuel e 5 máis



Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos medios técnicos necesarios para posibilitarlles aos mariscadores da ría de Ferrol a obtención das guías de transporte de xeito telemático sen necesidade de desprazarse fisicamente á máquina de expedición do documento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 646, do 19.05.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 21/06/2016 17:59:10

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

María Carmen Acuña do Campo	S
María do Carme Adán Villamarín	BNG
Pedro Manuel Arias Veira	P
Agustín Baamonde Díaz	P
José Manuel Balseiro Orol	P
Xosé Manuel Beiras Torrado	AGE
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Concepción Burgo López	S
Angel Camino Copa	P
María Teresa Cancelo Márquez	P
Jaime Castiñeira Broz	P
Sandra María Devesa Bouzas	P
Ricardo Vicente Docasar Docasar	S
Javier Dorado Soto	P
Juan Manuel Fajardo Recousó	AGE
Hipólito Fariñas Sobrino	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Jackeline Elizabeth Fernández Macías	P
Mónica Fernández Rodríguez	M
María de los Ángeles Ferreiro Vidarte	S
María Carmen Gallego Calvar	S
José Manuel Gallego Lomba	S
Pablo García García	S
María Isabel García Pacín	P
Jesús Antonio Goldar Güimil	P
Alejandro Gómez Alonso	P
Elena Cruz González Sánchez	P
Juan Carlos González Santín	S
Javier Jorge Guerra Fernández	P
Carmen Iglesias Sueiro	M
Jaime Íñiguez Martínez	P
Francisco Xesús Jorquera Caselas	BNG
Abel Fermín Losada Álvarez	S
María Consuelo Martínez García	M
Vidal Martínez-Sierra López	P
José Luis Méndez Romeu	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
Enrique Nóvoa López	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Ambrosio Oróns Baña	P
Rosa Oubiña Solla	P

María Tereixa Paz Franco	BNG
Berta Pérez Hernández	P
Cosme Eladio Pombo Rodríguez	BNG
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Herminia Pouso Maneiro	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Pedro Puy Fraga	P
María Remedios Quintas Álvarez	S
Daniel Rodas Chapela	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
José Javier Ron Fernández	AGE
Alfonso Rueda Valenzuela	P
José Antonio Sánchez Bugallo	S
Antón Sánchez García	AGE
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Ramón Santos Pérez	P
José Francisco Santos Regueiro	P
Eva Solla Fernández	AGE
María Soledad Soneira Tajés	S
Miguel Angel Tellado Filgueira	P
Gonzalo Trenor López	P
José Ramón Val Alonso	S
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Emilio Vázquez Blanco	S
Ramón Vázquez Díaz	AGE
Patricia Vilán Lorenzo	S

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia

IX Lexislatura

(Actualizada a 23 de febreiro de 2016)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST.
1. Acuña do Campo, María Carmen	S			
2. Adán Villamarín, María do Carme	BNG			
3. Arias Veira, Pedro Manuel	P			
4. Baamonde Díaz, Agustín	P			
5. Beiras Torrado, Xosé Manuel	AGE			
6. Blanco Paradelo, Moisés	P			
7. Blanco Rodríguez, Noela	S			
8. Camino Copa, Ángel	P			
9. Cancelo Márquez, María Teresa	P			
10. Castiñeira Broz, Jaime	P			
11. Devesa Bouzas, Sandra María	P			
12. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	S			
13. Dorado Soto, Javier	P			
14. Fajardo Recouso, Juan Manuel	AGE			
15. Fariñas Sobrino, Hipólito	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Macías, Jackeline Elizabeth	P			
19. Fernández Rodríguez, Mónica	M			
20. Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles	S			
21. Gallego Calvar, María Carmen	S			
22. Gallego Lomba, José Manuel	S			
23. García García, Pablo	S			
24. García Pacín, María Isabel	P			
25. Goldar Güimil, Jesús Antonio	P			
26. Gómez Alonso, Alejandro	P			
27. González Sánchez, Elena Cruz	P			
28. González Santín, Juan Carlos	S			
29. Guerra Fernández, Javier Jorge	P			
30. Iglesias Sueiro, Carmen	M			
31. Íñiguez Martínez, Jaime	P			
32. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	BNG			

33. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
34. Martínez García, María Consuelo	M			
35. Martínez Sierra López, Vidal	P			
36. Méndez Romeu, José Luis	S			
37 Moreira Ferro, Jacobo	P			
38. Mouriño Villar, Antonio	P			
39. Nóvoa López, Enrique	P			
40. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
41. Oróns Baña, Ambrosio	P			
42. Oubiña Solla, Rosa	P			
43. Paz Franco, María Tereixa	BNG			
44. Pérez Hernández, Berta	P			
45. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	BNG			
46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
47 Pouso Maneiro, María Herminia	P			
48. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
49. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
50. Puy Fraga, Pedro	P			
51. Quintas Álvarez, María Remedios	S			
52. Rodas Chapela, Daniel	BNG			
53. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
54. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
55. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
56 Ron Fernández, José Javier	AGE			
57. Sánchez Bugallo, José Antonio	S			
58. Sánchez García, Antón	AGE			
59. Santos Pérez, Ramón	P			
60. Santos Regueiro, José Francisco	P			
61. Solla Fernández, Eva	AGE			
62. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
63. Trenor López, Gonzalo	P			
64. Val Alonso, José Ramón	S			
65. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	P			
66. Vázquez Blanco, Emilio	PSOE			
67. Vázquez Díaz, Ramón	AGE			
68. Vilán Lorenzo, Patricia	S			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijóo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, Concepción	S			
72. Balseiro Orol, José Manuel	P			
73. Soneira Tajés, María Soledad	S			
74. Rodríguez Arias, Marta	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

1. Elección de:

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

- 1.1 Tres membros do Consello Social da Universidade de Vigo (doc. ným. 50578).

Acordo da Mesa do Parlamento do 21 de xuño de 2016, de apertura de prazo para presentar candidaturas para a provisión de cargos vacantes no Consello Social da Universidade de Vigo

O pasado 23 de maio de 2016, a Mesa da Cámara tomou coñecemento do escrito do presidente do Consello Social da Universidade de Vigo no que solicita, con motivo do próximo cesamento de tres dos membros do Consello Social designados polo Parlamento, a iniciación dos trámites parlamentarios para proceder a súa á renovación por un segundo mandato de catro anos ou a súa substitución (doc. núm. 50578).

Os membros que cesarán nos seus cargos o 27 de setembro de 2016 e non poden ser renovados son os seguintes:

- D. José Natalio Blanco Sierra, proposto polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.
- D. Antonio Coello Bufill, proposto polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.
- D.^a Natalia Zunzunegui Garrido, proposto polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Os membros que, conforme o solicitado polo Consello Social da Universidade de Vigo, poden ser ratificados ou substituídos, se é o caso, son os seguintes:

- D. Xosé Manuel Atanes Limia, proposto polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
- D. Francisco Javier Casares Mouriño, proposto polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.
- D.^a Mercedes Castro Mouzo, proposta polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Vistos os Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia, aprobados o 17 de setembro de 2013 (BOPG 163, do 19 de setembro de 2013).

Logo da audiencia da Xunta de Portavoces do 21 de xuño de 2016.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

- Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
- Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
- Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
- Sr. Portavoz do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda
- Sra. Portavoz do G.P. Mixto

1.º) Os grupos parlamentarios poderán propoñer un máximo de tres candidatas ou candidatos para a substitución dos tres membros que son irreelixibles.

Respecto dos tres membros para os que o Consello Social solicita ratificación, os grupos parlamentarios poderán presentar como candidatos os actuais membros ou outros novos.

Deberán reunir as condicións de idoneidade preceptuadas nos artigos 77.3 e 78 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, e na proposta deberá constar a aceptación expresa do candidato ou candidata e a súa declaración de reunir as condicións legais preceptuadas.

A presentación de candidaturas farase por escrito, dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

A Mesa do Parlamento logo de cualificadas as propostas presentadas, elaborará unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos ou candidatas e os grupos parlamentarios propoñentes. Desta lista daráselles traslado aos portavoces dos grupos parlamentarios cunha antelación mínima de seis horas ao inicio da sesión plenaria na que se realice a correspondente designación.

2.º) O prazo para formalizar candidaturas remata ás 18:30 horas do 27 de xuño de 2016.

3.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2016

Marta Rodríguez Arias
Vicepresidenta 1ª

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias, Vicepresidenta 1ª na data 22/06/2016 12:55:06

Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Sr. Portavoz do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda
Sra. Portavoz do G.P. Mixto



CONSELLO SOCIAL
Universidade de Vigo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

13 MAI. 2016

Núm. 50578

SAIDA
Consello Social
Universidade de Vigo

Nº.- 133
Data.- 10.05.2016

Consello Social

Consonte a documentación que se xunta, remitida ao Consello Social da Universidade de Vigo pola Secretaría Xeral de Universidades, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, proximamente expirará o mandato dos membros que rematan a 27 de setembro de 2016 neste Consello Social, debendo proceder polo tanto, e en cumprimento da normativa aplicable, ben á renovación por un segundo mandato de catro anos ou á substitución dos seguintes membros:

- José Natalio Blanco Sierra (nomeado pola Orde do 18.09.12, DOG do 27.09.12)
- Antonio Coello Bufill (nomeado pola Orde do 18.09.12, DOG do 27.09.12)
- Natalia Zunzunegui Garrido (nomeada pola Orde do 18.09.12, DOG do 27.09.12)


Así mesmo, aos efectos da preceptiva publicación no DOG da lista conxunta de tódolos membros deste Consello Social, solicítase a ratificación, no seu caso, dos nomeamentos seguintes:

- Xosé Manuel Atanes Limia (nomeado pola Orde do 16.03.16, DOG do 30.03.16)
- Francisco Javier Casares Mouriño (nomeado pola Orde do 16.03.16, DOG do 30.03.16)
- Mercedes Castro Mouzo (nomeada pola Orde do 16.03.16, DOG do 30.03.16)

A decisión que corresponda deberá ser comunicada a este Consello Social á maior brevidade posible, a fin de dar curso á tramitación nos prazos debidos.

Para calquera dúbida, agradézolle diríxase á seguinte dirección de correo electrónico:
secoso@uvigo.es

Vigo, 10 de maio de 2016
O presidente do Consello Social,



Ernesto Pedrosa Silva

Don Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

ENTRADA
Consello Edificio Admini
Universidade 15781 Santiago
Nº 091
Data 09.05.16

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANT AGO DE COMPOSTELA

Data 04/05/2016 08:44:09

SAÍDA 48498 / RX 818221



Asunto: Designación membros consellos sociais do SUG etapa 2016/2020

Mediante Orde do 18 de setembro de 2012 (DOG 27 setembro), publicouse a composición dos consellos sociais das universidades do Sistema Universitario de Galicia.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, establece no seu artigo 77 a composición e duración do mandato dos membros dos consellos sociais:

1. O consello social está integrado por un máximo de trinta e unha persoas membros, que se designarán consonte o disposto nos puntos seguintes.

2. Son membros natos do consello social o reitor ou a reitora da universidade, o secretario ou a secretaria xeral e o ou a xerente da universidade. Así mesmo, serán persoas membros do consello social un profesor ou unha profesora, un ou unha estudante e un ou unha representante do persoal de administración e servizos, elixidos e elixidas polo consello de goberno da universidade de entre os seus membros na forma que determinen os seus estatutos. En todo caso, os nomeamentos serán publicados no Diario Oficial de Galicia.

3. A representación dos intereses sociais no consello social corresponde a personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral ou social, de acordo coa seguinte distribución:

- a) O presidente ou a presidenta do consello social.*
- b) Seis membros designados polo Parlamento de Galicia.*
- c) Seis membros designados pola Xunta de Galicia.*
- d) Un membro designado por cada un dos sindicatos máis representativos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- e) Catro membros designados polas organizacións empresariais máis representativas dos sectores estratéxicos da economía galega, na área de influencia da universidade.*
- f) Un membro designado polas corporacións dos municipios en que se sitúan os campus.*
- g) Un membro designado pola asociación de antigos alumnos de cada unha das universidades.*
- h) Un membro designado polos colexios profesionais, a través da súa entidade asociativa máis representativa, vinculados coa oferta formativa de cada unha das universidades.*



Próxima a expiración do actual mandato dos membros dos consellos sociais (setembro de 2016), e co fin de axilizar os trámites de nomeamento dos novos integrantes, solicitamos comuniquen a esta Secretaría Xeral de Universidades o acordo de designación dos novos membros que formarán parte dese órgano.

Para a designación dos novos membros deberá terse en conta o seguinte:

- A duración do mandato dos membros do consello social sinalados no artigo 77.2 será a establecida polos estatutos da universidade.
- A duración do mandato dos membros do consello social sinalados no artigo 77.3 será de catro anos, renovable por unha soa vez.
- Na composición deste órgano de goberno procurarase a presenza equilibrada de mulleres e homes.
- A condición de persoa membro do consello social é incompatible co desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos directivos en empresas ou sociedades que contraten coa universidade, así como coa participación superior ao 10 % no seu capital social. Quedan exceptuados desta incompatibilidade os contratos que se subscriban consonte o regulado no artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- Os membros do consello social designados en representación dos intereses sociais non poderán pertencer á comunidade universitaria.

Para calquera dúbida, poderá poñerse en contacto na seguinte dirección de correo electrónico: coordinacion.sug@edu.xunta.es

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2016

O Secretario Xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

Sr. Presidente do Consello Social da Universidade de Vigo

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

- 1.2 Catro membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (doc. ným. 51223).

Acordo da Mesa do Parlamento do 21 de xuño de 2016, de apertura de prazo para presentar candidaturas para a provisión de cargos vacantes no Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

O pasado 6 de xuño de 2016, a Mesa da Cámara tomou coñecemento do escrito do presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela no que solicita, con motivo do próximo cesamento de catro dos membros do Consello Social designados polo Parlamento, a iniciación dos trámites parlamentarios para proceder a súa á renovación (doc. núm. 51223).

Os membros que cesarán nos seus cargos o 27 de setembro de 2016 e non poden ser renovados son os seguintes:

-D. Enrique Feáns García, proposto polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

-D.^a María Isabel Salazar Bello, proposta polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

-D. Raúl López Gómez, proposto polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

-D. José Sierra Fernández, proposto polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Os membros que, conforme o solicitado polo Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, poden ser ratificados ou substituídos, se é o caso, son os seguintes:

-D. José Luís Castro Rodríguez, proposto polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

-D. Jesús Couceiro Rivas, proposto polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Vista a comunicación da Secretaría Xeral de Universidades que se achega ao citado escrito na que se indica que non procede a renovación do seu mandato senón a substitución das citadas persoas xa que, segundo o artigo 77.6 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, a duración do mandato dos membros dos consellos sociais será de 4 anos, renovable por unha soa vez. As citadas persoas esgotarán proximamente o seu mandato logo de oito anos de pertenza a ese órgano.

Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia

Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Sr. Portavoz do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

Sra. Portavoz do G.P. Mixto

Vistos os Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia, aprobados o 17 de setembro de 2013 (BOPG 163, do 19 de setembro de 2013).

Logo da audiencia da Xunta de Portavoces do 21 de xuño de 2016.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Os grupos parlamentarios poderán propoñer un máximo de catro candidatas ou candidatos para a substitución dos catro membros que son irreelixibles.

Respecto dos dous membros para os que o Consello Social solicita ratificación, os grupos parlamentarios poderán presentar como candidatos os actuais membros ou outros novos.

Deberán reunir as condicións de idoneidade preceptuadas nos artigos 77.3 e 78 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, e na proposta deberá constar a aceptación expresa do candidato ou candidata e a súa declaración de reunir as condicións legais preceptuadas.

A presentación de candidaturas farase por escrito, dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

A Mesa do Parlamento logo de cualificadas as propostas presentadas, elaborará unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos ou candidatas e os grupos parlamentarios propoñentes. Desta lista daráselles traslado aos portavoces dos grupos parlamentarios cunha antelación mínima de seis horas ao inicio da sesión plenaria na que se realice a correspondente designación.

2.º) O prazo para formalizar candidaturas remata ás 18:30 horas do 27 de xuño de 2016.

3.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2016

Marta Rodríguez Arias
Vicepresidenta 1ª

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias, Vicepresidenta 1ª na data 22/06/2016 12:53:06


Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia

Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Sr. Portavoz do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

Sra. Portavoz do G.P. Mixto



Consonte a documentación que se adxunta, remitida ao Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela pola Secretaría Xeral de Universidades, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, proximamente expirará o actual mandato dos membros deste Consello Social no vindeiro mes de setembro, debéndose proceder polo tanto, e en cumprimento da normativa aplicable, á renovación por un segundo mandato de catro anos ou ben á substitución dos membros.

Procede, polo tanto á substitución, por esgotar os oito anos de pertenza a este órgano de goberno, dos membros seguintes:

- **D. Enrique Feáns García** (nomeado pola Orde do 7 de febreiro do 2008 e nun segundo mandato pola Orde do 18 de setembro de 2012)
- **D^a M^a Isabel Salazar Bello** (nomeada pola Orde do 7 de febreiro do 2008 e nun segundo mandato pola Orde do 18 de setembro de 2012)
- **D. Raúl López López** (nomeado pola Orde do 7 de febreiro do 2008 e nun segundo mandato pola Orde do 18 de setembro de 2012)
- **D. José Sierra Fernández** (nomeado pola Orde do 7 de febreiro do 2008 e nun segundo mandato pola Orde do 18 de setembro de 2012)

Así mesmo, aos efectos da preceptiva publicación no Diario Oficial de Galicia da lista conxunta de todos os membros deste Consello Social, solicítase a ratificación ou substitución dos membros seguintes:

- **D. Juan Luís Castro Rodríguez** (nomeado pola Orde do 9 de xuño de 2014)
- **D. Jesús Couceiro Rivas** (nomeado pola Orde do 18 de setembro de 2012)

A decisión que corresponda deberá ser comunicada á Secretaría deste Consello Social na maior brevidade posible, co fin de dar curso á tramitación preceptiva nos prazos debidos.

Para calquera dúbida poderá dirixirse á dirección de correo electrónico csocial@usc.es es ou ben no telefono 881 812 900.



Santiago, 27 de maio de 2016

O PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL


José María Arias Mosquera

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



Edificio Administrativo
15781 Santiago de Compostela

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/05/2016 08:44:09

SAÍDA 49497 / RX 818222



Asunto: Designación membros consellos sociais do SUG etapa 2016/2020

Mediante Orde do 18 de setembro de 2012 (DOG 27 setembro), publicouse a composición dos consellos sociais das universidades do Sistema Universitario de Galicia.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, establece no seu artigo 77 a composición e duración do mandato dos membros dos consellos sociais:

1. O consello social está integrado por un máximo de trinta e unha persoas membros, que se designarán consonte o disposto nos puntos seguintes.

2. Son membros natos do consello social o reitor ou a reitora da universidade, o secretario ou a secretaria xeral e o ou a xerente da universidade. Así mesmo, serán persoas membros do consello social un profesor ou unha profesora, un ou unha estudante e un ou unha representante do persoal de administración e servizos, elixidos e elixidas polo consello de goberno da universidade de entre os seus membros na forma que determinen os seus estatutos. En todo caso, os nomeamentos serán publicados no Diario Oficial de Galicia.

3. A representación dos intereses sociais no consello social corresponde a personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral ou social, de acordo coa seguinte distribución:

- a) O presidente ou a presidenta do consello social.*
- b) Seis membros designados polo Parlamento de Galicia.*
- c) Seis membros designados pola Xunta de Galicia.*
- d) Un membro designado por cada un dos sindicatos máis representativos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- e) Catro membros designados polas organizacións empresariais máis representativas dos sectores estratéxicos da economía galega, na área de influencia da universidade.*
- f) Un membro designado polas corporacións dos municipios en que se sitúan os campus.*
- g) Un membro designado pola asociación de antigos alumnos de cada unha das universidades.*
- h) Un membro designado polos colexios profesionais, a través da súa entidade asociativa máis representativa, vinculados coa oferta formativa de cada unha das universidades.*



Próxima a expiración do actual mandato dos membros dos consellos sociais (setembro de 2016), e co fin de axilizar os trámites de nomeamento dos novos integrantes, solicitamos comuniquen a esta Secretaría Xeral de Universidades o acordo de designación dos novos membros que formarán parte dese órgano.


Para a designación dos novos membros deberá terse en conta o seguinte:

- A duración do mandato dos membros do consello social sinalados no artigo 77.2 será a establecida polos estatutos da universidade.
- A duración do mandato dos membros do consello social sinalados no artigo 77.3 será de catro anos, renovable por unha soa vez.
- Na composición deste órgano de goberno procurarase a presenza equilibrada de mulleres e homes.
- A condición de persoa membro do consello social é incompatible co desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos directivos en empresas ou sociedades que contraten coa universidade, así como coa participación superior ao 10 % no seu capital social. Quedan exceptuados desta incompatibilidade os contratos que se subscriban consonte o regulado no artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- Os membros do consello social designados en representación dos intereses sociais non poderán pertencer á comunidade universitaria.

Para calquera dúbida, poderá poñerse en contacto na seguinte dirección de correo electrónico: coordinacion.sug@edu.xunta.es

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2016

O Secretario Xeral de Universidades



José Alberto Díez de Castro

Sr. Presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

2. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

- 2.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de políticas locais (doc. n.ºm. 47240, 09/PL-000036).

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 10 de xuño de 2016, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 47240 (09/PL-000036)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais

BOPG nº 602, do 17.02.2016

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 10 de xuño de 2016, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (09/PL-000036; doc. núm. 47240), de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

Texto articulado

Exposición de motivos

I

Desde a súa entrada en vigor, a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, xunto

coas normas ditadas para o seu desenvolvemento, mostráronse como un conxunto normativo que constitúe unha ferramenta necesaria para potenciar cambios importantes nos corpos de Policía local e no seu persoal, que xa permitiron que estes corpos amosasen unha visible homoxeneidade en todos os concellos galegos.

Pola súa banda, dentro do marco establecido para o efecto pola mesma lei no seu artigo 16, a Xunta de Galicia está a desenvolver as funcións de coordinación das policía locais de Galicia, con respecto á autonomía local recoñecida pola Constitución e ás competencias estatais en materia de seguridade. Para ese labor conta coa axuda dos órganos colexiados de referencia, como son o Gabinete Técnico e a Comisión de Coordinación de Policía Locais, e os grupos técnicos de traballo derivados desta.

No marco desta actividade de coordinación, ao longo destes anos os actores con competencias neste ámbito –Administración autonómica, concellos e representantes dos policía locais– foron constatando que determinadas cuestións reguladas na lei resultaban pouco operativas e mesmo, en determinados casos, chegaban a supoñer un atranco ou unha dificultade para aspectos importantes de cara á estrutura e conformación dos corpos de Policía local prevista na propia lei, de xeito que con esa perspectiva temporal semellan agora necesarias algunhas modificacións nela co fin de establecer unha serie de cambios e axustes que permitan acadar un maior índice de eficacia tanto no que atinxe ás expectativas dos concellos como no relativo á organización e estrutura dos cadros de persoal das policía locais.

Por outra banda, o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril, como lexislación básica que afecta tamén a normativa de coordinación de policía locais na súa parte xeral, xunto coa entrada en vigor da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, obriga á adaptación dalgúns artigos da Lei 4/2007 a aquela lexislación básica de ámbito estatal.

Do mesmo xeito, a entrada en vigor da Lei orgánica 4/2010, do 20 de maio, do réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía, introduce algunhas disposicións de obrigada referencia por atoparse dentro da parte orgánica

daquel texto normativo, que supoñen tamén un cambio no articulado dentro do título VII da Lei 4/2007, especialmente no que afecta a descrición das faltas e a súa tipoloxía, a enumeración das sancións e a prescrición de ambas.

Tamén cómpre engadir a esta situación o impacto que provoca a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 13 de novembro de 2014, ao considerar discriminatorio o establecemento dun límite de idade de acceso nos procesos de selección para o persoal dos corpos de Policía local, por non xulgalgo acorde coa Directiva 2000/78/CE, do 27 de novembro de 2000, agás a excepción recollida nela.

En relación con esta cuestión, o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou, así mesmo, a Sentenza 00681/2014, do 26 de novembro, na cal mantén unha liña argumental derivada da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

II

A existencia de procesos selectivos en desenvolvemento afectados por estas cuestións, así como as expectativas doutros concellos de convocaren procesos selectivos para cubrir vacantes nos corpos de Policía local, fan necesaria unha urxente revisión da actual Lei de coordinación, co fin de adaptala e actualizala aos novos requirimentos, derivados tanto de determinadas lagoas da propia lei de coordinación como das exixencias de leis de carácter básico e, mesmo, das sentenzas xudiciais anteditas, de maneira que se garanta o principio de seguridade xurídica na elaboración dos contidos das bases das convocatorias.

Por esta razón, con esta lei preténdese modificar aqueles artigos da Lei 4/2007 afectados por algún dos procesos descritos, pero tamén aqueloutros que, ao longo dos anos de vixencia da lei, se mostraron pouco efectivos para facilitar os avances e a actualización da propia lei, co obxecto de permitir unha mellor resposta aos problemas dos corpos de Policía local, que afectan, así mesmo, as administracións locais.

Deste xeito, mantendo a estrutura fundamental da Lei 4/2007, hai unha serie de artigos cuxa modificación resulta obrigada para axustalos tanto aos contidos normativos de carácter básico como ás sentenzas dos tribunais que resultan

de obrigada observancia e mesmo, noutro caso, para permitir unha maior eficacia da lei en determinados aspectos operativos e de organización dos corpos de Policía local, favorecendo tanto os propios concellos como o persoal que se integra nestes corpos.

Artigo único. Modificación da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, queda modificada como segue:

Un.

O punto 4 do artigo 11 queda redactado como segue:

«Para estes efectos, os concellos que o desexen poderán asociarse para construír e equipar unha galería de tiro, co fin de facer un uso conxunto dela.»

Engádese un número 6º na alínea c) do punto 1 do artigo 18 co seguinte texto:

«6º) Un representante designado pola asociación profesional de Policía local que acredite a maior representación do persoal funcionario dos corpos de Policía local.»

O punto 1 do artigo 19 queda redactado como segue:

«1. A comisión reunirse preceptivamente, con carácter ordinario, dúas veces ao ano, e de forma extraordinaria por petición dun terzo das persoas que a integran ou por disposición da Presidencia.»

Engádese un novo artigo 22 bis:

«Artigo 22 bis. *Acordos de colaboración para a prestación de servizos de policía local*

1. Cando dous ou máis concellos galegos limítrofes, cuxa poboación non supere en conxunto os 40.000 habitantes, non dispoñan separadamente de recursos suficientes para prestar os servizos de policía local, poderán asociarse para a prestación destes servizos, de acordo co establecido na disposición adicional quinta da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, e na normativa que a desenvolva.

2. Para iso, os concellos interesados deberán establecer un acordo de colaboración, no que constarán todos os aspectos determinados na normativa de desenvolvemento da citada lei orgánica.

3. Con carácter previo á subscrición deste acordo, deberán solicitar e obter a autorización correspondente do órgano competente.»

Dous.

Os puntos 2 e 3 do artigo 24 quedan redactados como segue:

«2. Cada escala corresponde cos seguintes grupos de clasificación:

- a) As escalas superior e técnica: grupo A, subgrupo A1.
- b) A escala executiva: grupo A, subgrupo A2.
- c) A escala básica: grupo C, subgrupo C1.

3. A titulación exixible para cada grupo ou subgrupo será a establecida na lexislación xeral sobre función pública.»

Engádese un punto 2 ao artigo 31:

«2. Os concellos que se atopen na situación anteriormente exposta, no prazo máximo de dous anos desde a declaración de dispensa de requisitos, buscarán a fórmula de asociación para a prestación do servizo con concellos limítrofes para poder acadar os mínimos exixidos nesta lei, contando para tal efecto coa asistencia da consellaría competente en materia de seguridade.»

Tres.

O artigo 32 queda redactado como segue:

«1. Os sistemas de selección para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía local serán acordes cos principios seguintes:

a) Igualdade, con especial atención á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

b) Mérito e capacidade.

c) Publicidade das convocatorias e das súas bases.

d) Transparencia e obxectividade no desenvolvemento dos procesos selectivos e no funcionamento dos órganos de selección.

e) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

f) Independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

g) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver.

h) Eficacia, eficiencia e axilidade, sen prexuízo da obxectividade, no desenvolvemento dos procesos selectivos.

2. Os procesos selectivos iniciaranse mediante convocatoria pública. As bases da convocatoria, como mínimo, deben conter:

a) O número de prazas, o subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, o corpo e, de ser o caso, a escala, ou a categoría laboral.

b) As condicións e os requisitos que deben reunir as persoas aspirantes.

c) O sistema selectivo aplicable, coa indicación do tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios ou, de ser o caso, os baremos de puntuación dos méritos.

d) O programa das probas selectivas ou a referencia da súa publicación oficial.

e) A orde de actuación das persoas aspirantes.

f) O réxime aplicable ao órgano de selección.

g) As características, os efectos e a duración dos cursos e/ou do período de prácticas que deban realizar, de ser o caso, as persoas seleccionadas.

h) A porcentaxe de prazas reservadas para a promoción interna e para persoas con discapacidade, de proceder.

3. As convocatorias e as súas bases publicaranse no boletín oficial da provincia, así como un anuncio delas no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*, en que aparecerá, en todo caso, o concello convocante, o número de prazas que se convoca, a escala e categoría a que pertencen, o sistema de acceso e unha cita dos boletíns oficiais en que figuren as bases correspondentes, que serán vinculantes para a Administración, os tribunais que avalíen as probas selectivas e as persoas participantes.

4. As probas selectivas para ingresar nas escalas e categorías dos corpos da Policía local de Galicia son de carácter teórico e práctico e poden incluír probas de capacidade física, psicotécnicas, médicas e de coñecementos, que se fixarán nas bases da convocatoria. Así mesmo, incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

5. Por vía regulamentaria fixaranse os programas dos temarios para o ingreso na categoría de policía, os baremos dos concursos de méritos e os programas dos cursos selectivos que se desenvolvan na Academia Galega de Seguridade Pública.

6. Os concellos poderanlle solicitar á consellaría competente en materia de seguridade a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de Policía local na forma que regulamentariamente se estableza.

7. Así mesmo, a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración.

8. Pódense convocar procesos selectivos conxuntos para o ingreso en diversos corpos ou escalas do persoal funcionario.»

Catro.

O artigo 33 queda agora redactado como segue:

«1. Ademais de estar en posesión da titulación requirida en cada caso, os requisitos de ingreso nos corpos de Policía

local de Galicia serán os establecidos con carácter xeral para o ingreso na Administración local e aqueloutros relacionados co carácter específico deste corpo, os cales se determinarán regulamentariamente.

2. As probas selectivas de ingreso na categoría de policía serán de carácter teórico e práctico e nelas incluíranse, en todo caso, un recoñecemento médico, un exame psicotécnico, probas de aptitude física e probas de capacitación de coñecementos, tanto xerais como específicos, en materias relacionadas co exercicio profesional, así como a demostración do coñecemento da lingua galega, a través da realización dun exame, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

Cinco.

O artigo 34 queda redactado como segue:

«Os órganos de selección serán designados pola alcaldía correspondente de acordo cos seguintes principios:

1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade das persoas que os integren, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

2. Non poderá formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ningún.

4. Os órganos de selección estarán constituídos por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

5. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no

cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao exixido para participar no proceso selectivo.»

Modifícase o punto 4 do artigo 35, que terá a seguinte redacción:

«4. Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservarse, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos.»

Seis.

Modifícanse as alíneas a) e b) e engádese unha alínea c) ao artigo 37, redactadas como segue:

«a) Por promoción interna, mediante concurso-oposición, entre o persoal do corpo que teña un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de policía e posúa a titulación académica de acceso á categoría.»

«b) Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservarse, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos.»

«c) De non se cubrir a praza ou prazas a través das convocatorias establecidas nas alíneas a) e b) anteriores, poderá/n ser cuberta/s, mediante concurso-oposición, por persoal funcionario doutros corpos de Policía local de Galicia coa categoría de policía, en posesión da titulación académica de acceso e unha antigüidade de cinco anos na categoría.»

Sete.

Modifícanse as alíneas a) e b) e engádense as alíneas c) e d) ao artigo 38, redactadas como segue:

«a) Por promoción interna, mediante concurso-oposición, entre o persoal do corpo que teña un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de oficial e posúa a titulación académica de acceso á categoría.»

«b) Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservarse, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos.»

«c) De non se cubrir a praza ou prazas a través das convocatorias establecidas nas alíneas a) e b) anteriores, poderá/n cubrirse mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre persoal do corpo coa categoría de oficial e policía, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.

d) De non se cubrir a praza ou prazas a través do sistema anterior, poderá/n ser cuberta/s, mediante concurso-oposición, por persoal funcionario doutros corpos de Policía local de Galicia coa categoría de oficial, en posesión da titulación académica de acceso e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.»

Oito.

Modifícanse as alíneas a) e b) e engádense as alíneas c) e d) ao artigo 39, redactadas como segue:

«a) Por promoción interna, mediante concurso-oposición, entre o persoal do corpo que teña un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de inspector/a e posúa a titulación académica de acceso á categoría.»

«b) Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservarse, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos.»

«c) De non se cubrir a praza ou prazas a través das convocatorias establecidas nas alíneas a) e b) anteriores, poderá/n cubrirse mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre persoal do corpo coa categoría de inspector/a e oficial, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.

d) De non se cubrir a praza ou prazas a través do sistema anterior, poderá/n ser cuberta/s, mediante concurso-oposición, por persoal funcionario doutros corpos de Policía local de Galicia coa categoría de inspector/a, en posesión da titulación académica de acceso e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.»

Nove.

Modifícanse as alíneas a) e b) e engádense as alíneas c) e d) ao artigo 40, redactadas como segue:

«a) Por promoción interna, mediante concurso-oposición, entre o persoal do corpo que teña un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de inspector/a principal e posúa a titulación académica de acceso á categoría.»

«b) Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservarse, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos.»

«c) De non se cubrir a praza ou prazas a través das convocatorias establecidas nas alíneas a) e b), poderá/n cubrirse mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre persoal do corpo coa categoría de inspector/a principal e inspector/a, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.

d) De non se cubrir a praza ou prazas a través do sistema anterior, poderá/n ser cuberta/s, mediante concurso-oposición, por persoal funcionario doutros corpos de Policía local de Galicia coa categoría de inspector/a principal, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.»

Dez.

O artigo 44 queda redactado como segue:

«Os alcaldes, logo do informe dos respectivos xefes da Policía local, poderán autorizar a permuta de destinos entre

os membros correspondentes dos corpos de Policía local ou axentes de policía en activo que sirvan en diferentes concellos, sempre e cando cumpran os seguintes requisitos:

a) Que ambos sexan funcionarios dos corpos de Policía local.

b) Que pertencen á mesma escala e categoría.

c) Que a ningunha das persoas que pretendan a permuta lle falten menos de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa.

d) Que a ningún dos solicitantes se lle estea incoando un expediente disciplinario.

e) Non poderá solicitar unha nova permuta ningún dos permutantes ata que transcorran cinco anos desde a obtención dunha anterior.»

Engádese o punto 4 ao artigo 48:

«4. No marco da Comisión de Coordinación de Policías Locais de Galicia, determinaranse os conceptos retributivos que poidan ser comúns a todos os concellos, respectando a necesaria independencia dos entes locais.»

Once.

Modifícase o artigo 61, que queda redactado como segue:

«A xubilación forzosa do persoal dos corpos de Policía local de Galicia declararase de oficio ao cumprir a idade legalmente establecida no réxime da Seguridade Social aplicable para o acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón de idade, sempre de acordo co que se dispoña na indicada lexislación.»

Doce.

Modifícase o artigo 64.3, que queda redactado como segue:

«3. Así mesmo, o concello, tras a comunicación á consellaría competente en materia de seguridade, poderá aprazar o

pase á situación de segunda actividade, por sucesivos períodos dun ano, cando exista solicitude expresa da persoa interesada, e sempre que se achegue informe médico favorable.»

Trece.

Modifícase o artigo 65.1, que queda redactado como segue:

«1. Pasará á situación de segunda actividade, sen a limitación das idades determinadas no artigo anterior, o persoal funcionario dos corpos da Policía local que teña diminuídas as aptitudes físicas, psíquicas ou sensoriais necesarias para o desempeño da función policial, ben por incapacidade temporal, enfermidade ou accidente, de orixe común ou laboral, e sempre que non constitúa causa de incapacidade permanente absoluta. O dito procedemento poderase iniciar de oficio ou por solicitude da persoa interesada.»

Catorce.

De acordo coas previsións contidas na Lei orgánica 4/2010, do 20 de maio, do réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía, o título VII da Lei 4/2007 queda redactado como segue:

«TÍTULO VII

Do réxime disciplinario

Artigo 75. Disposicións xerais

1. O réxime disciplinario dos corpos da Policía local, sen prexuízo da observancia das garantías recoñecidas no ordenamento xurídico, inspirarase nos principios básicos de actuación que se establecen no capítulo II do título II desta lei.

2. Sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que poidan proceder, o réxime disciplinario aplicable ao persoal dos corpos da Policía local será o que se establece nesta lei, na Lei orgánica 4/2010, na Lei orgánica 2/1986 e, na súa falta, na lexislación vixente en materia de función pública.

Artigo 76. Ámbito de aplicación

1. Esta lei é aplicable ao persoal funcionario dos corpos de Policía local que se atope nas situacións de servizo activo e de segunda actividade ocupando destino no corpo de Policía local.

2. O persoal funcionario en situación de segunda actividade sen ocupar destino no corpo de Policía local estará sometido ao réxime xeral disciplinario da función pública.

3. Aquel persoal que se atope en situación distinta das anteriores incurrirá en responsabilidade disciplinaria polas faltas previstas nesta lei que poida cometer dentro das súas peculiares situacións administrativas en razón da súa pertenza a un corpo de Policía local, sempre que non lle sexa aplicable outro réxime disciplinario ou que, de selo, non estea prevista nel aquela conduta.

4. O persoal en prácticas queda sometido ás normas de réxime disciplinario establecidas no Regulamento de réxime interior da Academia Galega de Seguridade Pública e, con carácter supletorio para aqueles supostos en que o feito non constitúa falta de disciplina docente, ás normas desta lei que lle sexan aplicables, sen prexuízo das normas específicas que regulen o seu procedemento de selección.

Artigo 77. Persoas responsables, obriga de comunicación de infraccións e extensión de responsabilidade

1. O persoal dos corpos da Policía local pode incurrir en responsabilidade disciplinaria pola comisión das faltas que se tipifican neste título, desde o momento da toma de posesión ata o da xubilación ou da perda da condición de persoal funcionario.

2. O persoal dos corpos de Policía local terá a obriga de comunicar por escrito ao mando superior inmediato os feitos de que teña coñecemento que considere constitutivos de faltas graves e moi graves, agás cando este mando superior sexa a persoa que se vai denunciar; en tal caso, a comunicación efectuaráselle ao mando superior inmediato daquela.

3. Incurrirán na mesma responsabilidade prevista para as persoas autoras dunha falta aquelas que induzan á súa comisión.

4. Así mesmo, incurrirán en falta de inferior grao as persoas que encubrisen a comisión dunha falta moi grave ou grave e os mandos que a toleren. Entenderase por encubrimiento non dar conta ao mando superior xerárquico competente, de forma inmediata, dos feitos constitutivos de falta moi grave ou grave de que se teña coñecemento.

Artigo 78. Faltas disciplinarias

As faltas disciplinarias en que pode incorrer o persoal dos corpos de Policía local poderán ser moi graves, graves ou leves.

Artigo 79. Faltas moi graves

Son faltas moi graves:

a) O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía no exercicio das funcións.

b) Ter sido condenado/a en virtude de sentenza firme por un delito doloso relacionado co servizo ou que cause grave dano á Administración ou ás persoas.

c) O abuso de atribucións que cause grave dano á cidadanía, ao persoal subordinado, á Administración ou ás entidades con personalidade xurídica.

d) A práctica de tratos inhumanos, degradantes, discriminatorios ou vexatorios á cidadanía que se atope baixo custodia policial.

e) A insubordinación individual ou colectiva, respecto das autoridades ou mandos de que dependan.

f) O abandono de servizo, agás que exista causa de forza maior que impida comunicar ao mando superior o dito abandono.

g) A publicación ou a utilización indevida de segredos oficiais, declarados así conforme a lexislación específica na materia.

h) A violación do segredo profesional cando prexudique o desenvolvemento do labor policial, a cidadanía ou as entidades con personalidade xurídica.

i) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades cando iso dea lugar a unha situación de incompatibilidade.

j) A participación en folgas, en accións substitutivas destas ou en actuacións concertadas co fin de alterar o normal funcionamento dos servizos.

k) A falta de colaboración manifesta con outro persoal das forzas e corpos de seguridade, cando resulte prexudicado gravemente o servizo ou deriven consecuencias graves para a seguridade cidadá.

l) Embriagarse ou consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas durante o servizo ou realizalo en estado de embriaguez ou baixo os efectos manifestos dos produtos citados.

m) A negativa inxustificada a someterse a recoñecemento médico ou a proba de alcoholemia ou de detección de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, lexitimamente ordenados, co fin de constatar a capacidade psicofísica para prestar o servizo.

n) Toda actuación que supoña discriminación por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, sexo, lingua, opinión, lugar de nacemento ou veciñanza, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

ñ) O acoso sexual e o acoso laboral, consistente este último na realización reiterada, no marco dunha relación de servizo, de actos de acoso psicolóxico ou hostilidade.

o) A obstaculización grave ao exercicio das liberdades públicas e dereitos sindicais.

p) As infraccións tipificadas como moi graves na lexislación sobre utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos.

Artigo 80. Faltas graves

Son faltas graves:

a) A grave desconsideración co persoal de pertenza ao corpo ou coa cidadanía, no exercicio das súas funcións ou cando cause descrédito notorio á institución policial.

b) A desobediencia aos mandos superiores xerárquicos ou responsables do servizo con motivo das ordes ou instrucións lexítimas dadas por aqueles, agás que constitúan infracción manifesta do ordenamento xurídico.

c) A omisión da obriga de informar a superioridade coa debida dilixencia de todo asunto que, pola súa entidade, requira o seu coñecemento ou decisión urxente.

d) A falta de presentación ou posta á disposición inmediata na dependencia de destino ou na máis próxima, nos casos de declaración dos estados de alarma, excepción ou sitio ou cando así se dispoña, no caso de alteración grave da seguridade cidadá.

e) A terceira falta inxustificada de asistencia ao servizo nun período de tres meses cando as dúas anteriores fosen obxecto de sanción firme por falta leve.

f) Non prestar servizo alegando suposta enfermidade.

g) A falta de rendemento reiterada que ocasione un prexuízo á cidadanía, ás entidades con personalidade xurídica ou á eficacia dos servizos.

h) O abuso de atribucións cando non constitúa infracción moi grave.

i) A emisión de informes sobre asuntos de servizo que, sen faltar abertamente á verdade, a desnaturalicen, valéndose de termos ambiguos, confusos ou tendenciosos, ou a alteren mediante inexactitudes, cando se cause prexuízo á Administración ou á cidadanía, sempre que o feito non constitúa delito ou falta moi grave.

j) A intervención nun procedemento administrativo cando concorran algunha das causas legais de abstención.

k) Non portar durante o servizo o uniforme regulamentario, cando o seu uso sexa preceptivo, os distintivos da categoría ou cargo, a arma regulamentaria ou os medios de protección ou acción que se determinen, sempre que non medie autorización en contrario.

l) Exhibir armas sen causa que o xustifique, así como utilízalas en acto de servizo ou fóra del infrinxindo as normas que regulan o seu emprego.

m) Dar lugar ao extravío, perda ou subtracción por negligencia inescusable dos distintivos de identificación ou da arma regulamentaria.

n) Asistir de uniforme a calquera manifestación ou reunión pública, agás que se trate de actos de servizo ou actos oficiais en que a asistencia de uniforme estea indicada ou fose autorizada.

ñ) Causar, por negligencia inescusable, danos graves na conservación dos locais, do material ou dos demais elementos relacionados co servizo ou dar lugar ao extravío, á perda ou á subtracción destes.

o) Impedir, limitar ou obstaculizar ao persoal subordinado o exercicio dos dereitos que teñan recoñecidos, sempre que non constitúa falta moi grave.

p) Embriagarse ou consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas fóra do servizo, cando tales circunstancias teñan carácter habitual ou afecten a imaxe do corpo policial. Entenderase que existe habitualidade cando estiveren acreditados tres ou máis episodios de embriaguez ou consumo das substancias referidas nun período dun ano.

q) A tenza de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, agás que esa tenza derive de actuacións propias do servizo.

r) Solicitar e obter cambios de destino mediando calquera recompensa ou ánimo de lucro ou falseando as condicións que os regulan.

s) Empregar ou autorizar a utilización para usos non relacionados co servizo ou con ocasión deste, ou sen que medie causa xustificada, de medios ou recursos inherentes á función policial.

t) As infraccións ao disposto na lexislación sobre utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos non constitutivas de falta moi grave.

u) O incumprimento dos prazos ou outras disposicións de procedemento en materia de incompatibilidades, cando non supoñan mantemento dunha situación de incompatibilidade.

v) A violación do segredo profesional cando non prexudique o desenvolvemento do labor policial, as entidades con personalidade xurídica ou a cidadanía.

w) A falta de colaboración manifesta con outro persoal dos corpos e forzas de seguridade, sempre que non mereza a cualificación de falta moi grave.

x) A infracción de deberes ou obrigas legais inherentes ao cargo ou á función policial, cando se produzan de forma grave e manifesta.

y) Ter sido condenado/a en virtude de sentenza firme por un delito doloso, sempre que non constituía infracción moi grave, ou por unha falta dolosa cando a infracción penal cometida estea relacionada co servizo.

z) A non prestación de auxilio con urxencia naqueles feitos ou circunstancias graves en que sexa obrigada a súa actuación, agás que constituía delito.

z bis) A infracción das normas de prevención de riscos laborais que poña en grave risco a vida, a saúde ou a integridade física, propia ou do demais persoal do corpo de pertenza.

z ter) A negativa reiterada a tramitar calquera solicitude, reclamación ou queixa relacionada co servizo, sempre que non constituía falta leve.

z quáter) Aquelas accións ou omisións tipificadas como faltas moi graves que, de acordo cos criterios que se establecen no artigo 82, merezan a cualificación de graves, e sen que estas, pola súa vez, poidan ser cualificadas como faltas leves.

Artigo 81. *Faltas leves*

Son faltas leves:

a) O atraso ou a negligencia no cumprimento das funcións e ordes recibidas.

b) A incorrección coa cidadanía, ou con outro persoal dos corpos e forzas de seguridade, sempre que non mereza unha cualificación máis grave.

c) A inasistencia ao servizo que non constituía falta de maior gravidade e o incumprimento da xornada de traballo, así como as faltas repetidas de puntualidade, nos trinta días precedentes.

d) O mal uso ou o descoido na conservación dos locais, do material ou dos demais elementos dos servizos, así como o incumprimento das normas dadas nesta materia, cando non constituía falta máis grave.

e) Dar lugar ao extravío, perda ou subtracción, por simple negligencia, dos distintivos de identificación, da arma regulamentaria ou doutros medios ou recursos destinados á función policial.

f) A exhibición dos distintivos de identificación sen causa xustificada.

g) Prescindir do conduto regulamentario para formular calquera solicitude, reclamación ou queixa relacionada co servizo, así como non tramitalas.

Quedan exceptuadas do conduto regulamentario aquelas que sexan formuladas pola representación das organizacións sindicais no exercicio da súa actividade sindical.

h) O descoido no aseo persoal e o incumprimento das normas sobre a uniformidade, sempre que non constituía falta grave.

i) A ausencia inxustificada de calquera servizo, cando non mereza cualificación máis grave.

j) A omisión intencionada de saúdo a un superior, que este non o devolva ou infrinxir doutro modo as normas que o regulan.

k) Calquera clase de xogo que se leve a cabo nas dependencias policiais, sempre que prexudique a prestación do servizo ou menoscabe a imaxe policial.

l) Portar insignias, condecoracións ou outros distintivos sen estar autorizado para iso, sempre que non mereza unha cualificación máis grave.

m) Ter sido condenado/a en virtude de sentenza firme por unha falta dolosa cando a infracción penal cometida cause dano á Administración ou á cidadanía.

n) Aquelas accións ou omisións tipificadas como faltas graves que, de acordo cos criterios que se establecen no artigo 82, merezan a cualificación de leves.

Artigo 82. *Criterios de graduación de sancións*

Para a graduación da sanción que se vaia impoñer, e actuando baixo o principio de proporcionalidade, teranse en conta os seguintes criterios:

a) A intencionalidade.

b) A reincidencia. Existe reincidencia cando a persoa, ao cometer a falta, xa fose anteriormente sancionada en resolución firme por outra falta de maior gravidade ou por dúas de gravidade igual ou inferior e que non fosen canceladas.

Para os efectos da reincidencia, non se computarán os antecedentes disciplinarios cancelados ou que debesen selo.

c) O historial profesional, para estes efectos, só se poderá valorar como circunstancia atenuante.

d) A incidencia sobre a seguridade cidadá.

e) A perturbación no normal funcionamento da Administración ou dos servizos que lle estean encomendados.

f) O grao de afectación aos principios de disciplina, xerarquía e subordinación.

g) No caso dos artigos 79.b) e 80.y) valorarase especificamente a contía ou entidade da pena imposta en virtude de sentenza firme, así como a relación da conduta delituosa coas funcións policiais.

Artigo 83. *Sancións*

1. As sancións que se poden impoñer pola comisión de faltas moi graves son:

a) A separación do servizo.

b) A suspensión de funcións desde tres meses e un día ata un máximo de seis anos.

2. Por faltas graves poderase impoñer a sanción de suspensión de funcións desde cinco días a tres meses.

3. As sancións que se poden impoñer pola comisión de faltas leves son:

a) A suspensión de funcións dun a catro días, que non supoñerá a perda de antigüidade nin implicará a inmovilización no escalafón.

b) O apercibimento.

Artigo 84. *Prescripción das faltas*

1. As faltas moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos; e as leves, ao mes.

2. O prazo de prescripción comezase a contar desde que a falta se cometese, agás que esta derive de feitos que sexan obxecto de condena por delito doloso; en tal caso, o prazo comezará a contar desde a data de firmeza da sentenza condenatoria.

3. A prescripción interromperase pola iniciación do procedemento; para estes efectos, a resolución pola que se acorde a súa incoación deberá ser debidamente rexistrada e notificada á persoa expedientada ou publicada, sempre que esta non for achada. O prazo de prescripción reiniciarase se o procedemento permanecese paralizado durante máis de seis meses por causa non imputable á persoa sometida a expediente.

4. Cando se inicie un procedemento penal contra persoal funcionario de policía, a prescripción das infraccións disciplinarias que dos feitos poidan derivar quedará suspendida pola incoación daquel procedemento, mesmo cando non se procedese disciplinariamente. Nestes supostos, o prazo volverá correr desde a data de firmeza da resolución xudicial.

Artigo 85. *Prescripción das sancións*

1. As sancións moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos; e as leves, ao mes. O prazo de prescripción das sancións comezase a contar desde o día seguinte a aquel en que adquiren firmeza.

2. No suposto de suspensión de sancións, se estas son firmes, o prazo de prescripción computarase desde o día seguinte a aquel en que se levou a efecto a suspensión.

3. No caso de concorrencia de varias sancións, o prazo de prescrición das sancións que sexan firmes e estean pendentes de cumprimento comezarase a contar desde o día seguinte a aquel en que quede extinguida a sanción que a preceda na orde de cumprimento ou, de ser o caso, desde a data en que producise eficacia a inexecución da sanción.

4. O cumprimento dos prazos de prescrición da sanción supón a cancelación das correspondentes anotacións no expediente persoal.

Transcorrido o prazo para a prescrición da sanción, o órgano competente acordarao de oficio e notificarao ás persoas interesadas.

Artigo 86. *Cancelación*

1. As sancións disciplinarias anotarase no rexistro de persoal, coa indicación das faltas que as motivan.

2. Transcorridos seis meses desde o cumprimento da sanción se se trata de faltas leves, ou dous e tres anos, respectivamente, segundo se trate de faltas graves ou moi graves non sancionadas con separación do servizo, acordarase de oficio a cancelación daquelas anotacións, sempre que durante aquel tempo non fose sancionada a persoa expedientada por feitos cometidos neses mesmos períodos.

3. A cancelación producirá o efecto de anular a anotación sen que poida certificarse sobre ela, agás cando o soliciten as autoridades competentes para iso, facéndose constar expresamente a cancelación, e para os únicos efectos do seu expediente persoal.

Artigo 87. *Procedemento*

1. O procedemento sancionador do persoal dos corpos de Policía local axustarase aos principios de legalidade, impulso de oficio, imparcialidade, axilidade, eficacia, publicidade, contradición, irretroactividade, tipicidade, responsabilidade, proporcionalidade e concorrencia de sancións, e comprende esencialmente os dereitos á presunción de inocencia, información, defensa e audiencia.

2. Unicamente se poderán impoñer sancións disciplina-rias en virtude de procedemento disciplinario instruído para

o efecto, de acordo co que se determine regulamentariamente segundo a tipoloxía das faltas.

3. A iniciación dun procedemento penal contra o persoal dos corpos de Policía local non impedirá a incoación de procedementos disciplinarios polos mesmos feitos. Non obstante, a súa resolución definitiva só se poderá producir cando a sentenza ditada no ámbito penal sexa firme, e a declaración de feitos probados que conteña vinculará a Administración.

4. Só poderá recaer sanción penal e administrativa sobre os mesmos feitos cando non houber identidade de fundamento xurídico e ben xurídico protexido.»

Quince.

O punto 3 do artigo 92 queda redactado como segue:

«3. Para o acceso a vixilante municipal requirirase a certificación de ter superada a educación secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente, correspondente ao grupo C, subgrupo C2, do Estatuto básico do empregado público.»

Dezaseis.

O punto 5 do artigo 95 queda redactado como segue:

«5. Para a contratación como persoal auxiliar da Policía local requirirase a certificación de ter superada a educación secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente, correspondente ao grupo C, subgrupo C2, do Estatuto básico do empregado público.»

Dezasete.

A disposición adicional segunda queda redactada como segue:

«Os/As vixilantes e auxiliares de policía e persoal interino cunha antigüidade mínima nestes postos de tres anos continuados na respectiva entidade local e que no momento da entrada en vigor desta lei estean prestando servizos no concello de que se trate integraranse no corpo de Policía local xa existente ou no que se cree, tras a superación, nun prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei e por

un máximo de dúas convocatorias, dun concurso-oposición coa dispensa dos requisitos de idade e estatura.»

Adición dunha nova disposición adicional segunda bis).
Regulamentos

1. Os concellos poderán elaborar e aprobar un regulamento de organización e funcionamento do corpo de Policía local, que deberá axustarse ao establecido na normativa de coordinación vixente, como normas marco de referencia.

2. Este regulamento deberá contar co informe favorable da Comisión de Coordinación de Policía Local de Galicia.

3. Nel poderán recollese aqueles aspectos relacionados coa estrutura do corpo, a creación de unidades funcionais e a provisión de postos nela e mais a definición e cobertura dos postos de mando e da xefatura do corpo se é o caso, así como aquelas cuestións relacionadas coa prestación do servizo polo persoal en situación de segunda actividade.

Dezaoito.

O punto 2 da disposición transitoria primeira queda redactado como segue:

«2. Transcorridos tres anos, contados desde a entrada en vigor desta lei, o persoal funcionario que posúa a titulación académica requirida para o acceso ás escalas e categorías en que é reclasificado quedará integrado, para todos os efectos, nelas. Pola contra, aquel que careza da citada titulación académica quedará integrado, para todos os efectos, nas escalas e categorías en que é reclasificado, pero neste caso na situación de «para extinguir», e permanecerá nelas ata que acredite a obtención dos niveis de titulación académica exixidos en cada caso.»

Disposición adicional única. *Equivalencia de titulacións para os efectos do acceso aos corpos e escalas do persoal funcionario dos subgrupos de clasificación profesional A1, A2 e C1*

1. Poden ingresar por oposición na categoría de policía, como persoal funcionario do subgrupo de clasificación C1, as persoas que estean en posesión da titulación de bacharel ou técnico.

2. Poden acceder por promoción interna ou mobilidade ás categorías de persoal funcionario do subgrupo de clasificación C1 as persoas que estean en posesión da titulación de bacharel ou técnico, ou calquera outra que sexa equivalente ou correspondente ou dea acceso segundo a lexislación xeral.

3. Poden acceder por promoción interna ou mobilidade ás categorías e escalas de persoal funcionario dos subgrupos de clasificación A2 ou A1 as persoas que estean en posesión da titulación de grao, ou calquera outra que sexa equivalente ou correspondente ou dea acceso segundo a lexislación xeral.

Disposición adicional única bis). *Acceso aos corpos de Policía local do persoal funcionario previsto no artigo 53.3 da Lei orgánica 2/1986*

Sen prexuízo do disposto no artigo 35 desta lei, os concellos que contén con persoal funcionario previsto no artigo 53.3 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, para o exercicio exclusivo das funcións establecidas na alínea b) do punto 1 do citado artigo, poderán efectuar, no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta lei, procesos selectivos para o acceso deste persoal ao respectivo corpo de Policía local a través dun procedemento de concurso-oposición.

En todo caso, este persoal deberá contar cos seguintes requisitos:

- Antigüidade mínima de tres anos continuados nestes postos.
- Titulación académica de acceso para o grupo C1.

Por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de seguridade determinaranse aqueloutros requisitos de carácter específico para este procedemento especial de acceso, que en todo caso incluírá a superación de probas teóricas e prácticas equivalentes ás que se exixan para o acceso libre ao respectivo corpo de Policía local e a superación tanto dun curso de formación na Academia Galega de Seguridade Pública como dun período de prácticas.

Disposición transitoria única. *Procedementos disciplina-rios en trámite*

Os procedementos disciplinarios en trámite no momento de entrada en vigor desta lei tramitaranse e serán resoltos de acordo coa normativa anterior; non obstante, será aplicable a presente lei naquilo que favoreza o persoal funcionario obxecto de expediente.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para realizar, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, o desenvolvemento regulamentario que poida derivar das modificacións recollidas nesta lei.

En particular, nun prazo non superior aos seis meses desde a entrada en vigor desta lei, aprobarase, por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de seguridade, unha regulación da mobilidade horizontal entre os corpos de policía locais de Galicia, que deberá ser negociada no marco da Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2016

Agustín Baamonde Díaz

Presidente da Comisión

Ricardo Vicente Docasar Docasar

Secretario da Comisión



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 658

IX lexislatura

14 de xuño de 2016

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

— G.P. Mixto (doc. núm. 51382)

[153469](#)

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais

— G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 51414) [153466](#)

— G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 51435) [153467](#)

— G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 51436) [153468](#)

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que **mantén para a súa defensa en Pleno**, as **emendas** presentadas, ao Proxecto de lei de polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, que non foron incorporadas ao ditame da comisión (09/PL-000036- doc. 47240).

Pazo do Parlamento, 10 de xuño de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/06/2016 13:36:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao **Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais** [doc. núm. **47240 (09/PL-000036)**], que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 13/06/2016 10:01:46

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, mantén, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas apresentadas ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, doc. 47240 (09/PL-000036) que non foron incorporadas ao Dictame da Comisión.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2016.

Asdo.: Antón Sánchez García

Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 13/06/2016 11:31:36

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Mixto**, a través da súa voceira e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, as emendas presentadas ao **Proxecto de Lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais** (doc. núm. 47240, 09/PL-000036), que non foron incorporadas ao Ditame da Comisión:


Pazo do Parlamento a 10 de xuño de 2016

Asdo.: Consuelo Martínez García

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 10/06/2016 11:42:31



Texto para Pleno

**PROXECTO DE LEI POLA QUE SE MODIFICA A LEI 4/2007, DO 20 DE
ABRIL, DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS**

Proxecto de lei: BOPG núm. 602 (f.1), do 17.02.2016
Emendas: BOPG núm. 628, do 08.04.2016
Informe da Ponencia: BOPG núm. 655, do 07.06.2016
Ditame da Comisión: BOPG núm. 658, do 14.06.2016

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo único. Modificación da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, queda modificada como segue:

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Un.

O punto 4 do artigo 11 queda redactado como segue:

«Para estes efectos, os concellos que o desexen poderán asociarse para construír e equipar unha galería de tiro, co fin de facer un uso conxunto dela.»

Engádese un número 6.º) da alínea c) do punto 1 do artigo 18 co seguinte texto:

«6.º) Un representante designado pola asociación profesional de Policía local que acredite a maior representación do persoal funcionario dos corpos de Policía local.»

O punto 1 do artigo 19 queda redactado como segue:

«1. A comisión reunirase preceptivamente, con carácter ordinario, dúas veces ao ano, e de forma extraordinaria por petición dun terzo das persoas que a integran ou por disposición da Presidencia.»

Engádese un novo artigo 22 bis.

«Artigo 22 bis. Acordos de colaboración para a prestación de servizos de policía local

1. Cando dous ou máis concellos galegos limítrofes, cuxa poboación non supere en conxunto os 40.000 habitantes, non dispoñan separadamente de recursos suficientes para prestar os servizos de policía local, poderán asociarse para a prestación destes servizos, de acordo co establecido na disposición adicional quinta da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, e na normativa que a desenvolva.

2. Para iso, os concellos interesados deberán establecer un acordo de colaboración, no que constarán todos os aspectos determinados na normativa de desenvolvemento da citada lei orgánica.

3. Con carácter previo á subscripción deste acordo, deberán solicitar e obter a autorización correspondente do órgano competente.»

NON TEN EMENDAS

EMENDAS QUE SE MANTÈÑEN:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº1, de Adición.

Modifícase o punto 2 do artigo 9.

Onde di: "... excepcionais en que o órgano"; debe dicir: "... excepcionais en que polo alcalde ou alcaldesa ou polo órgano...."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, de Adición.

Artigo único. Un. Engadir un novo punto co seguinte texto:

"Un bis). O punto 2 do artigo 9 queda redactado como segue:
Todas as persoas membros dos corpos de Policía local vestirán o uniforme regulamentario cando estean de servizo, agás nos casos de dispensa previstos na Lei orgánica de corpos e forzas de seguridade e naqueles casos excepcionais en que a persoa que ocupe a alcaldía autorice o contrario. Neste suposto deberá identificarse co documento de acreditación profesional."

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº1, ao apartado Un bis), de Adición.

Modifícase o artigo 9 ao que se lle engade un novo punto 7 co seguinte texto:

7. Todas as persoas membros da Policía local dispoñerán dos equipos de protección individual pertinentes para a prevención de riscos laborais, e nomeadamente de chalecos antibalas.

EMENDAS QUE SE MANTENEN:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº2, de Adición.

Modifícase a alinea a) do artigo 16.

"Onde di:.... seguimeto necesarias", debe dicir: "...
seguimento e inspección necesarias..."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº1, ao apartado novo, de Adición.

Proponse engadir un novo apartado a remate do artigo 16 que
quede redactado da seguinte maneira:

"Exercer as actuacións de inspección precisas para as funcións
de coordinación e para garantir o cumprimento dos parámetros
establecidos nesta lei.

Establecer as medidas de control e seguimento necesarias
para garantir que os concellos apliquen e cumpran coas
normas de coordinación e cos mínimos establecidos nesta lei,
así como determinar o sistema de información que asegure a
efectividade delas.

As actuacións de inspección e as medidas de control
estableceranse regulamentariamente."

EMENDAS QUE SE MANTENEN:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº2, de Modificación.

Propónse a modificación do punto cuarto do actual artigo 18 da lei 4/2007, que quedaría redactado como segue:

“4º) Sete representantes dos membros dos corpos das policía locais designados polos sindicatos máis representativos nas policía locais de Galicia. Enténdese por sindicatos máis representativos todos aqueles que teñan máis de 75 afiliados e afiliadas no total dos cadros de persoal das policía locais de Galicia. As persoas representantes repartiranse en principio en 1 por cada un dos sindicatos. No caso de non acadar o número de representantes o total de 7, os restantes serán atribuídos de forma proporcional aos sindicatos baseándose no maior número de afiliación nos cadros de persoal das policía locais de Galicia.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº2, de Adición.

Artigo único. Un. Engadir un novo punto co seguinte texto:

“Un ter). O punto 1.c).4º) do artigo 18 queda redactado como segue:

4º) Catro representantes das persoas membros dos corpos das policía locais de concellos de máis de 50.000 habitantes e outros catro de concellos de menos de 50.000 habitantes, designados polos sindicatos máis representativos na Administración local no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

4º bis) Un representante designado por cada un dos sindicatos máis representativos no ámbito da Administración local no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.”

DITAME DA COMISIÓN:

Dous.

Os puntos 2 e 3 do artigo 24 quedan redactados como segue:

«2. Cada escala corresponde cos seguintes grupos de clasificación:

a) As escalas superior e técnica: grupo A, subgrupo A1.

b) A escala executiva: grupo A, subgrupo A2.

c) A escala básica: grupo C, subgrupo C1.

3. A titulación exixible para cada grupo ou subgrupo será a establecida na lexislación xeral sobre función pública.»

Engádese un punto 2 ao artigo 31:

«2. Os concellos que se atopen na situación anteriormente exposta, no prazo máximo de dous anos desde a declaración de dispensa de requisitos, buscarán a fórmula de asociación para a prestación do servizo con concellos limítrofes para poder acadar os mínimos exixidos nesta lei, contando para tal efecto coa asistencia da consellaría competente en materia de seguridade.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS QUE SE MANTÈÑEN:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº5, ao apartado Dous bis), de Adición.

Modifícase o artigo 30, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 30. Número mínimo de membros

1. O número mínimo de efectivos con que contarán os corpos de Policía local será de 4 policía e 1 oficial en concellos de 5.000 habitantes cando se cree o corpo de Policía local.
2. Os concellos que contén cun corpo de Policía local e superen a cifra de 5.000 habitantes estarán obrigados a manter un ratio permanente mínimo de 1 policía por cada 1.000 habitantes. Este ratio mínimo tenderase a incrementar en función da dispoñibilidade orzamentaria de cada concello.
3. O número máximo de vixilantes municipais que poderán ter os concellos que non teñan creado o corpo de Policía local será de 2."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº6, ao apartado novo, de Adición.

Propónse engadir previo ao texto un apartado 1 bis ao actual artigo 30 que queda redactado como segue:

"1 bis. Os concellos que contén con corpo de Policía local e superen a cifra de 5.000 habitantes estarán obrigados a manter un ratio permanente mínimo de 1,4 policía por cada 1.000 habitantes. Este ratio mínimo tenderase a incrementar ata acadar o de 1,8 policía por cada 1.000 habitantes, en función das posibilidades de cada concello."

EMENDAS QUE SE MANTÈÑEN:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº8, ao apartado novo bis), de Adición.

Proponse engadir, previo ao texto, unha modificación á redacción actual do artigo 31, que quedaría como segue:

“1. A consellaría competente en materia de seguridade, con carácter excepcional, poderá dispensar dos requisitos mínimos previstos nos artigos anteriores, en canto á estrutura do respectivo corpo de Policía local, aqueles concellos que o solicitasen e xustificasen motivadamente a imposibilidade do seu cumprimento, logo do informe da Comisión de Coordinación das Policía Localis.”

DITAME DA COMISIÓN:

Tres.

O artigo 32 queda redactado como segue:

«1. Os sistemas de selección para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía local serán acordes cos principios seguintes:

- a) Igualdade, con especial atención á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- b) Mérito e capacidade.
- c) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- d) Transparencia e obxectividade no desenvolvemento dos procesos selectivos e no funcionamento dos órganos de selección.
- e) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- f) Independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- g) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver.
- h) Eficacia, eficiencia e axilidade, sen prexuízo da obxectividade, no desenvolvemento dos procesos selectivos.

2. Os procesos selectivos iniciaranse mediante convocatoria pública. As bases da convocatoria, como mínimo, deben conter:

- a) O número de prazas, o subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, o corpo e, de ser o caso, a escala, ou a categoría laboral.
- b) As condicións e os requisitos que deben reunir as persoas aspirantes.
- c) O sistema selectivo aplicable, coa indicación do tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios ou, de ser o caso, os baremos de puntuación dos méritos.
- d) O programa das probas selectivas ou a referencia da súa publicación oficial.
- e) A orde de actuación das persoas aspirantes.
- f) O réxime aplicable ao órgano de selección.
- g) As características, os efectos e a duración dos cursos e/ou do período de prácticas que deban realizar, de ser o caso, as persoas seleccionadas.
- h) A porcentaxe de prazas reservadas para a promoción interna e para persoas con discapacidade, de proceder.

3. As convocatorias e as súas bases publicaranse no boletín oficial da provincia, así como un anuncio delas no *Diario Oficial*

de Galicia e no *Boletín Oficial del Estado*, en que aparecerá, en todo caso, o concello convocante, o número de prazas que se convoca, a escala e categoría a que pertencen, o sistema de acceso e unha cita dos boletíns oficiais en que figuren as bases correspondentes, que serán vinculantes para a Administración, os tribunais que avalíen as probas selectivas e as persoas participantes.

4. As probas selectivas para ingresar nas escalas e categorías dos corpos da Policía local de Galicia son de carácter teórico e práctico e poden incluír probas de capacidade física, psicotécnicas, médicas e de coñecementos, que se fixarán nas bases da convocatoria. Así mesmo, **incluirase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.**

5. Por vía regulamentaria fixaranse os programas dos temarios para o ingreso na categoría de policía, os baremos dos concursos de méritos e os programas dos cursos selectivos que se desenvolvan na Academia Galega de Seguridade Pública.

6. Os concellos poderanlle solicitar á consellaría competente en materia de seguridade a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de Policía local na forma que regulamentariamente se estableza.

7. Así mesmo, a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración.

8. Pódense convocar procesos selectivos conxuntos para o ingreso en diversos corpos ou escalas do persoal funcionario.»

EMENDAS QUE SE MANTEÑEN:

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº3, ao apartado 4, de Substitución.

Debe ser substituída no punto 4 do número Tres do artigo único a expresión “...poden...” por “...deben incluír...”

DITAME DA COMISIÓN:

Catro.

O artigo 33 queda agora redactado como segue:

«1. Ademais de estar en posesión da titulación requirida en cada caso, os requisitos de ingreso nos corpos de Policía local de Galicia serán os establecidos con carácter xeral para o ingreso na Administración local e aqueloutros relacionados co carácter específico deste corpo, os cales se determinarán regulamentariamente.

2. As probas selectivas de ingreso na categoría de policía serán de carácter teórico e práctico e nelas incluíranse, en todo caso, un recoñecemento médico, un exame psicotécnico, probas de aptitude física e probas de capacitación de coñecementos, tanto xerais como específicos, en materias relacionadas co exercicio profesional, así como a demostración do coñecemento da lingua galega, **a través da realización dun exame, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.**

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Cinco.

O artigo 34 queda redactado como segue:

«Os órganos de selección serán designados pola alcaldía correspondente de acordo cos seguintes principios:

1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade das persoas que os integren, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.
2. Non poderá formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.
3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.
4. Os órganos de selección estarán constituídos por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.
5. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao exixido para participar no proceso selectivo.»

Modifícase o punto 4 do artigo 35, que terá a seguinte redacción:

«4. Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservarse, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos.»

EMENDAS QUE SE MANTEÑEN:

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº6, ao apartado 4, de Adición.

Debe ser engadido ao final do punto 4 do número Catro do artigo único o seguinte seguinte texto: "...Unha das persoas que exerza como vogal será designada pola representación sindical do concello."

DITAME DA COMISIÓN:

Seis.

Modifícanse as alíneas a) e b) e engádese unha alínea c) ao artigo 37, redactadas como segue:

«a) Por promoción interna, mediante concurso-oposición, entre o persoal do corpo que teña un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de policía e posúa a titulación académica de acceso á categoría.»

«b) Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservarse, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos.»

«c) De non se cubrir a praza ou prazas a través das convocatorias establecidas nas alíneas a) e b) anteriores, poderá/n ser cuberta/s, mediante concurso-oposición, por persoal funcionario doutros corpos de Policía local de Galicia coa categoría de policía, en posesión da titulación académica de acceso e unha antigüidade de cinco anos na categoría.»

EMENDAS QUE SE MANTEÑEN:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº11, ao apartado alínea C, de Modificación.

Propónse a modificación da redacción da alínea C do proxecto de lei, que quedará como segue:

“c) Mediante concurso-oposición entre persoal funcionario doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma para membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de policía, reservarse para esta modalidade, como mínimo, un 20 % das prazas convocadas.”

DITAME DA COMISIÓN:

Sete.

Modifícanse as alíneas a) e b) e engádense as alíneas c) e d) ao artigo 38, redactadas como segue:

«a) Por promoción interna, mediante concurso-oposición, entre o persoal do corpo que teña un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de oficial e posúa a titulación académica de acceso á categoría.»

«b) Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservarase, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos.»

«c) De non se cubrir a praza ou prazas a través das convocatorias establecidas nas alíneas a) e b) anteriores, poderá/n cubrirse mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre persoal do corpo coa categoría de oficial e policía, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.

d) De non se cubrir a praza ou prazas a través do sistema anterior, poderá/n ser cuberta/s, mediante concurso-oposición, por persoal funcionario doutros corpos de Policía local de Galicia coa categoría de oficial, en posesión da titulación académica de acceso e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.»

EMENDAS QUE SE MANTÈNEN:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.

Emenda nº13, ao apartado alínea D, de Modificación.

Proponse modificar a redacción proposta na nova alínea D do proxecto de lei ao artigo 38, que quedará como segue:

“d) Mediante concurso-oposición entre persoal funcionario doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma para membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de oficial, entre funcionarios e funcionarias do concello convocante e doutros concellos de Galicia que dispoñan da titulación requirida e unha antigüidade mínima de catro anos na categoría de policía para os

pertencentes ao concello convocante, e unha antigüidade de cinco anos na categoría de policía para o persoal que pertenza a outro cadro de persoal distinto do convocante, reservarse para esta modalidade, como mínimo, un 20 % das prazas convocadas.”

DITAME DA COMISIÓN:

Oito.

Modifícanse as alíneas a) e b) e engádense as alíneas c) e d) ao artigo 39, redactadas como segue:

«a) Por promoción interna, mediante concurso-oposición, entre o persoal do corpo que teña un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de inspector/a e posúa a titulación académica de acceso á categoría.»

«b) Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservarse, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos.»

«c) De non se cubrir a praza ou prazas a través das convocatorias establecidas nas alíneas a) e b) anteriores, poderá/n cubrirse mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre persoal do corpo coa categoría de inspector/a e oficial, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.

d) De non se cubrir a praza ou prazas a través do sistema anterior, poderá/n ser cuberta/s, mediante concurso-oposición, por persoal funcionario doutros corpos de Policía local de Galicia coa categoría de inspector/a, en posesión da titulación académica de acceso e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.»

EMENDAS QUE SE MANTÉÑEN:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.

Emenda nº15, ao apartado alínea D, de Modificación.

Proponse modificar a redacción achegada na nova alínea D do proxecto de lei ao artigo 39, para que reste como segue:

“d) Mediante concurso-oposición entre persoal funcionario doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma para membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de inspector ou inspectora, entre funcionarios e funcionarias do concello convocante e doutros

concellos de Galicia que dispoñan da titulación requirida e unha antigüidade mínima de catro anos na categoría de oficial para os pertencentes ao concello convocante, e unha antigüidade de cinco anos na categoría de oficial para o persoal que pertenza a outro cadro de persoal distinto do convocante, reservarase para esta modalidade, como mínimo, un 20 % das prazas convocadas.”

DITAME DA COMISIÓN:

Nove.

Modifícanse as alíneas a) e b) e engádense as alíneas c) e d) ao artigo 40, redactadas como segue:

«a) Por promoción interna, mediante concurso-oposición, entre o persoal do corpo que teña un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de inspector/a principal e posúa a titulación académica de acceso á categoría.»

«b) Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservarse, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos.»

«c) De non se cubrir a praza ou prazas a través das convocatorias establecidas nas alíneas a) e b), poderá/n cubrirse mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre persoal do corpo coa categoría de inspector/a principal e inspector/a, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.

d) De non se cubrir a praza ou prazas a través do sistema anterior, poderá/n ser cuberta/s, mediante concurso-oposición, por persoal funcionario doutros corpos de Policía local de Galicia coa categoría de inspector/a principal, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.»

EMENDAS QUE SE MANTÈNEN:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº19, ao apartado alínea D, de Modificación.

Proponse modificar a redacción proposta na nova alínea D do proxecto de lei ao artigo 40, que quedará como segue:

“d) Mediante concurso-oposición entre persoal funcionario doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma para

membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de inspector/a principal, entre funcionarios e funcionarias do concello convocante e doutros concellos de Galicia que dispoñan da titulación requirida e unha antigüidade mínima de catro anos na categoría de inspector/a para o persoal pertencente ao concello convocante, e unha antigüidade de cinco anos na categoría de inspector/a para o que pertenza a outro cadro de persoal distinto do convocante, reservarse para esta modalidade, como mínimo, un 20 % das prazas convocadas.”

EMENDAS QUE SE MANTÈNEN:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº14, ao apartado Nove quater), de Adición.

Adición dunha nova alínea b) bis, ao artigo 41, que quedará redactado co seguinte contido:

"b bis) Mediante concurso-oposición entre funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de intendente, entre funcionarios do concello convocante e doutros concellos de Galicia que dispoñan da titulación requirida e unha antigüidade mínima de catro anos na categoría de inspector/a principal para os pertencentes ao concello convocante, e unha antigüidade de cinco anos na categoría de inspector/a principal para os que pertencen a outro cadro de persoal distinto do convocante, reservarase para esta modalidade, como mínimo, un 20 % das prazas convocadas."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.

Emenda nº17, de Adición.

Logo do texto, propónse a engádegas dunha nova alínea C do actual artigo 41, que quedaría como segue:

"c) Mediante concurso-oposición entre persoal funcionario doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma para membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de intendente, entre funcionarios e funcionarias do concello convocante e doutros concellos de Galicia que dispoñan da titulación requirida e unha antigüidade mínima de catro anos na categoría de inspector/a principal para os pertencentes ao concello convocante, e unha antigüidade de cinco anos na categoría de inspector/a principal para quen pertenza a outro cadro de persoal distinto do convocante, reservarase para esta modalidade, como mínimo, un 20 % das prazas convocadas."

EMENDAS QUE SE MANTENEN:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº15, ao apartado Nove quinquies), de Adición.

Modifícase alínea b) do artigo 42, que quedará redactado co seguinte contido:

"b) Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservarase como mínimo un 20 % das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.

Emenda nº22, de Adición.

Proponse modificar a alínea B do actual artigo 42 da lei, coa seguinte redacción:

"b) Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservarase como mínimo un 20 % das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos."

EMENDAS QUE SE MANTÈÑEN:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº16, ao apartado Nove sexies), de Adición.

Adición dunha nova alinea b) bis. ao artigo 42., que quedará redactado co seguinte contido:

"b bis) Mediante concurso-oposición entre funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de inspector/a principal, entre funcionarios do concello convocante e doutros concellos de Galicia que dispoñan da titulación requirida e unha antigüidade mínima de catro anos na categoría de intendente para os pertencentes ao concello convocante, e unha antigüidade de cinco anos na categoría de intendente para os que pertenzan a outro cadro de persoal distinto do convocante, reservarase para esta modalidade, como mínimo, un 20 % das prazas convocadas."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.

Emenda nº18, de Adición.

Ao remate do texto, engadir unha nova alínea C no actual artigo 42 da lei, coa seguinte redacción:

"c) Mediante concurso-oposición entre persoal funcionario doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma para membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de inspector/a principal, entre funcionarios e funcionarias do concello convocante e doutros concellos de Galicia que dispoñan da titulación requirida e unha antigüidade mínima de catro anos na categoría de intendente para os pertencentes ao concello convocante, e unha antigüidade de cinco anos na categoría de intendente para o persoal que pertenza a outro cadro de persoal distinto do convocante, reservarase para esta modalidade, como mínimo, un 20 % das prazas convocadas."

EMENDAS QUE SE MANTENEN:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº17, ao apartado Nove septies), de Adición.

Modifícase o artigo 43, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 43. Garantía da mobilidade e de acceso a categoría superior

1. Para garantir o dereito á mobilidade dos membros dos corpos de Policía local de Galicia, reflectido nos artigos 35 e 37 a 42, cando non for posible cubrir as vacantes coas porcentaxes sinaladas, as fraccións sobrantes acumularanse á seguinte ou seguintes convocatorias.

2. Aplicarase do mesmo xeito o establecido no punto anterior cando non for posible cubrir as vacantes coas porcentaxes sinaladas en referencia ao acceso dos membros funcionarios doutros corpos de Policía local de Galicia polo procedemento de concurso-oposición.

3. Tanto nos procedementos convocados por mobilidade como pola modalidade de concurso-oposición para membros funcionarios doutros corpos de Policía local de Galicia en que quedasen vacantes, as prazas acumularanse á quenda de promoción interna. No caso de acceso a categoría de policía, as prazas non cubertas pola modalidade de mobilidade acumularanse á quenda libre."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.

Emenda nº24, de Adición.

Antes do texto, proponse engadir os puntos 2 e 3 ao actual artigo 43 da lei para que quede como segue:

"2. Aplicarase do mesmo xeito o establecido no punto anterior cando non for posible cubrir as vacantes coas porcentaxes sinaladas en referencia ao acceso dos membros funcionarios doutros corpos de Policía local de Galicia polo procedemento de concurso-oposición.

3. Tanto nos procedementos convocados por mobilidade como pola modalidade de concurso-oposición para membros funcionarios doutros corpos de Policía local de Galicia en que quedasen vacantes, as prazas acumularanse á quenda de

promoción interna. No caso de acceso a categoría de policía, as prazas non cubertas pola modalidade de mobilidade acumularanse á quenda libre.”

DITAME DA COMISIÓN:

Dez.

O artigo 44 queda redactado como segue:

«Os alcaldes, logo do informe dos respectivos xefes da Policía local, poderán autorizar a permuta de destinos entre os membros correspondentes dos corpos de Policía local ou axentes de policía en activo que sirvan en diferentes concellos, sempre e cando cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que ambos sexan funcionarios dos corpos de Policía local.
- b) Que pertencan á mesma escala e categoría.

c) Que a ningunha das persoas que pretendan a permuta lle falten menos de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa.

d) Que a ningún dos solicitantes se lle estea incoando un expediente disciplinario.

e) Non poderá solicitar unha nova permuta ningún dos permutantes ata que transcorran cinco anos desde a obtención dunha anterior.»

Engádese o punto 4 ao artigo 48:

«4. No marco da Comisión de Coordinación de Policías Locais de Galicia, determinaranse os conceptos retributivos que poidan ser comúns a todos os concellos, respectando a necesaria independencia dos entes locais.»

NON TEN EMENDAS

EMENDAS QUE SE MANTENEN:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº7, ao apartado Dez bis), de Adición.

Modifícase o artigo Artigo 55 engadíndose unha nova aliña 4 co seguinte texto:

4. No caso de embarazo das funcionarias dos corpos de Policía local ou de funcionarias policía dos concellos que non teñan constituído corpo de Policía local, será aplicable o que dispón a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de protección da maternidade.

EMENDAS QUE SE MANTEÑEN:

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº8, ao apartado Dez ter), de Adición.

Modifícase o artigo Artigo 55 engadíndose unha nova aliña 4 co seguinte texto:

4. O establecemento da xornada, o horario, os descansos e o resto de condicións de traballo serán obxecto de negociación cos representantes sindicais, nos termos previstos pola lexislación vixente.

DITAME DA COMISIÓN:

Once.

Modifícase o artigo 61, que queda redactado como segue:

«A xubilación forzosa do persoal dos corpos de Policía local de Galicia declararase de oficio ao cumprir a idade legalmente establecida no réxime da Seguridade Social aplicable para o acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón de idade, sempre de acordo co que se dispoña na indicada lexislación.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Doce.

Modifícase o artigo 64.3, que queda redactado como segue:

«3. Así mesmo, o concello, tras a comunicación á consellaría competente en materia de seguridade, poderá aprazar o pase á situación de segunda actividade, por sucesivos períodos dun ano, cando exista solicitude expresa da persoa interesada, e sempre que se achegue informe médico favorable.»

EMENDAS QUE SE MANTEÑEN:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº9, de Substitución.

Debe ser substituída no número Doce do artigo único a expresión "*... e sempre que se achegue informe médico favorable.*" por "*...informe médico do/a profesional facultativo do Sergas correspondente.*"

DITAME DA COMISIÓN:

Trece.

Modifícase o artigo 65.1, que queda redactado como segue:

«1. Pasará á situación de segunda actividade, sen a limitación das idades determinadas no artigo anterior, o persoal funcionario dos corpos da Policía local que teña diminuídas as aptitudes físicas, psíquicas ou sensoriais necesarias para o desempeño da función policial, ben por incapacidade temporal, **enfermidade ou accidente, de orixen común ou laboral**, e sempre que non constitúa causa de incapacidade permanente absoluta. O dito procedemento poderase iniciar de oficio ou por solicitude da persoa interesada.»

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Catorce.

De acordo coas previsións contidas na Lei orgánica 4/2010, do 20 de maio, do réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía, o título VII da Lei 4/2007 queda redactado como segue:

«TÍTULO VII

Do réxime disciplinario

Artigo 75. *Disposicións xerais*

1. O réxime disciplinario dos corpos da Policía local, sen prexuízo da observancia das garantías recoñecidas no ordenamento xurídico, inspirarase nos principios básicos de actuación que se establecen no capítulo II do título II desta lei.
2. Sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que poidan proceder, o réxime disciplinario aplicable ao persoal dos corpos da Policía local será o que se establece nesta lei, na Lei orgánica 4/2010, na Lei orgánica 2/1986 e, na súa falta, na lexislación vixente en materia de función pública.

Artigo 76. *Ámbito de aplicación*

1. Esta lei é aplicable ao persoal funcionario dos corpos de Policía local que se atope nas situacións de servizo activo e de segunda actividade ocupando destino no corpo de Policía local.
2. O persoal funcionario en situación de segunda actividade sen ocupar destino no corpo de Policía local estará sometido ao réxime xeral disciplinario da función pública.
3. Aquel persoal que se atope en situación distinta das anteriores incorrerá en responsabilidade disciplinaria polas faltas previstas nesta lei que poida cometer dentro das súas peculiares situacións administrativas en razón da súa pertenza a un corpo de Policía local, sempre que non lle sexa aplicable outro réxime disciplinario ou que, de selo, non estea prevista nel aquela conduta.
4. O persoal en prácticas queda sometido ás normas de réxime disciplinario establecidas no Regulamento de réxime interior da Academia Galega de Seguridade Pública e, con carácter supletorio para aqueles supostos en que o feito non constituía falta de disciplina docente, ás normas desta lei que lle sexan

aplicables, sen prexuízo das normas específicas que regulen o seu procedemento de selección.

Artigo 77. Persoas responsables, obriga de comunicación de infraccións e extensión de responsabilidade

1. O persoal dos corpos da Policía local pode incorrer en responsabilidade disciplinaria pola comisión das faltas que se tipifican neste título, desde o momento da toma de posesión ata o da xubilación ou da perda da condición de persoal funcionario.
2. O persoal dos corpos de Policía local terá a obriga de comunicar por escrito ao mando superior inmediato os feitos de que teña coñecemento que considere constitutivos de faltas graves e moi graves, agás cando este mando superior sexa a persoa que se vai denunciar; en tal caso, a comunicación efectuaráselle ao mando superior inmediato daquela.
3. Incorrerán na mesma responsabilidade prevista para as persoas autoras dunha falta aquelas que induzan á súa comisión.
4. Así mesmo, incorrerán en falta de inferior grao as persoas que encubrisen a comisión dunha falta moi grave ou grave e os mandos que a toleren. Entenderase por encubrimento non dar conta ao mando superior xerárquico competente, de forma inmediata, dos feitos constitutivos de falta moi grave ou grave de que se teña coñecemento.

Artigo 78. Faltas disciplinarias

As faltas disciplinarias en que pode incorrer o persoal dos corpos de Policía local poderán ser moi graves, graves ou leves.

Artigo 79. Faltas moi graves

Son faltas moi graves:

- a) O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía no exercicio das funcións.
- b) Ter sido condenado/a en virtude de sentenza firme por un delito doloso relacionado co servizo ou que cause grave dano á Administración ou ás persoas.
- c) O abuso de atribucións que cause grave dano á cidadanía, ao persoal subordinado, á Administración ou ás entidades con personalidade xurídica.

- d) A práctica de tratos inhumanos, degradantes, discriminatorios ou vexatorios á cidadanía que se atope baixo custodia policial.
- e) A insubordinación individual ou colectiva, respecto das autoridades ou mandos de que dependan.
- f) O abandono de servizo, agás que exista causa de forza maior que impida comunicar ao mando superior o dito abandono.
- g) A publicación ou a utilización indebida de segredos oficiais, declarados así conforme a lexislación específica na materia.
- h) A violación do segredo profesional cando prexudique o desenvolvemento do labor policial, a cidadanía ou as entidades con personalidade xurídica.
- i) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades cando iso dea lugar a unha situación de incompatibilidade.
- j) A participación en folgas, en accións substitutivas destas ou en actuacións concertadas co fin de alterar o normal funcionamento dos servizos.
- k) A falta de colaboración manifesta con outro persoal das forzas e corpos de seguridade, cando resulte prexudicado gravemente o servizo ou deriven consecuencias graves para a seguridade cidadá.
- l) Embriagarse ou consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas durante o servizo ou realizalo en estado de embriaguez ou baixo os efectos manifestos dos produtos citados.
- m) A negativa inxustificada a someterse a recoñecemento médico ou a proba de alcoholemia ou de detección de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, lexitimamente ordenados, co fin de constatar a capacidade psicofísica para prestar o servizo.
- n) Toda actuación que supoña discriminación por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, sexo, lingua, opinión, lugar de nacemento ou veciñanza, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- ñ) O acoso sexual e o acoso laboral, consistente este último na realización reiterada, no marco dunha relación de servizo, de actos de acoso psicolóxico ou hostilidade.
- o) A obstaculización grave ao exercicio das liberdades públicas e dereitos sindicais.
- p) As infraccións tipificadas como moi graves na lexislación sobre utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos.

Artigo 80. *Faltas graves*

Son faltas graves:

- a) A grave desconsideración co persoal de pertenza ao corpo ou coa cidadanía, no exercicio das súas funcións ou cando cause descrédito notorio á institución policial.
- b) A desobediencia aos mandos superiores xerárquicos ou responsables do servizo con motivo das ordes ou instrucións lexítimas dadas por aqueles, agás que constitúan infracción manifesta do ordenamento xurídico.
- c) A omisión da obriga de informar a superioridade coa debida dilixencia de todo asunto que, pola súa entidade, requira o seu coñecemento ou decisión urgente.
- d) A falta de presentación ou posta á disposición inmediata na dependencia de destino ou na máis próxima, nos casos de declaración dos estados de alarma, excepción ou sitio ou cando así se dispoña, no caso de alteración grave da seguridade cidadá.
- e) A terceira falta inxustificada de asistencia ao servizo nun período de tres meses cando as dúas anteriores fosen obxecto de sanción firme por falta leve.
- f) Non prestar servizo alegando suposta enfermidade.
- g) A falta de rendemento reiterada que ocasione un prexuízo á cidadanía, ás entidades con personalidade xurídica ou á eficacia dos servizos.
- h) O abuso de atribucións cando non constitúa infracción moi grave.
- i) A emisión de informes sobre asuntos de servizo que, sen faltar abertamente á verdade, a desnaturalicen, valéndose de termos ambiguos, confusos ou tendenciosos, ou a alteren mediante inexactitudes, cando se cause prexuízo á Administración ou á cidadanía, sempre que o feito non constitúa delito ou falta moi grave.
- j) A intervención nun procedemento administrativo cando concorra algunha das causas legais de abstención.
- k) Non portar durante o servizo o uniforme regulamentario, cando o seu uso sexa preceptivo, os distintivos da categoría ou cargo, a arma regulamentaria ou os medios de protección ou acción que se determinen, sempre que non medie autorización en contrario.
- l) Exhibir armas sen causa que o xustifique, así como utilízalas en acto de servizo ou fóra del infrinxindo as normas que regulan o seu emprego.
- m) Dar lugar ao extravío, perda ou subtracción por negligencia inescusable dos distintivos de identificación ou da arma regulamentaria.

- n) Asistir de uniforme a calquera manifestación ou reunión pública, agás que se trate de actos de servizo ou actos oficiais en que a asistencia de uniforme estea indicada ou fose autorizada.
- ñ) Causar, por negligencia inescusable, danos graves na conservación dos locais, do material ou dos demais elementos relacionados co servizo ou dar lugar ao extravío, á perda ou á subtracción destes.
- o) Impedir, limitar ou obstaculizar ao persoal subordinado o exercicio dos dereitos que teñan recoñecidos, sempre que non constitúa falta moi grave.
- p) Embriagarse ou consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas fóra do servizo, cando tales circunstancias teñan carácter habitual ou afecten a imaxe do corpo policial. Entenderase que existe habitualidade cando estiveren acreditados tres ou máis episodios de embriaguez ou consumo das substancias referidas nun período dun ano.
- q) A tenza de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, agás que esa tenza derive de actuacións propias do servizo.
- r) Solicitar e obter cambios de destino mediando calquera recompensa ou ánimo de lucro ou falseando as condicións que os regulan.
- s) Empregar ou autorizar a utilización para usos non relacionados co servizo ou con ocasión deste, ou sen que medie causa xustificada, de medios ou recursos inherentes á función policial.
- t) As infraccións ao disposto na lexislación sobre utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos non constitutivas de falta moi grave.
- u) O incumprimento dos prazos ou outras disposicións de procedemento en materia de incompatibilidades, cando non supoñan mantemento dunha situación de incompatibilidade.
- v) A violación do segredo profesional cando non prexudique o desenvolvemento do labor policial, as entidades con personalidade xurídica ou a cidadanía.
- w) A falta de colaboración manifesta con outro persoal dos corpos e forzas de seguridade, sempre que non mereza a cualificación de falta moi grave.
- x) A infracción de deberes ou obrigas legais inherentes ao cargo ou á función policial, cando se produzan de forma grave e manifesta.
- y) Ter sido condenado/a en virtude de sentenza firme por un delito doloso, sempre que non constitúa infracción moi grave, ou por unha falta dolosa cando a infracción penal cometida estea relacionada co servizo.

z) A non prestación de auxilio con urxencia naqueles feitos ou circunstancias graves en que sexa obrigada a súa actuación, agás que constitúa delito.

z bis) A infracción das normas de prevención de riscos laborais que poña en grave risco a vida, a saúde ou a integridade física, propia ou do demais persoal do corpo de pertenza.

z ter) A negativa reiterada a tramitar calquera solicitude, reclamación ou queixa relacionada co servizo, sempre que non constitúa falta leve.

z quáter) Aquelas accións ou omisións tipificadas como faltas moi graves que, de acordo cos criterios que se establecen no artigo 82, merezan a cualificación de graves, e sen que estas, pola súa vez, poidan ser cualificadas como faltas leves.

Artigo 81. *Faltas leves*

Son faltas leves:

a) O atraso ou a negligencia no cumprimento das funcións e ordes recibidas.

b) A incorrección coa cidadanía, ou con outro persoal dos corpos e forzas de seguridade, sempre que non mereza unha cualificación máis grave.

c) A inasistencia ao servizo que non constitúa falta de maior gravidade e o incumprimento da xornada de traballo, así como as faltas repetidas de puntualidade, nos trinta días precedentes.

d) O mal uso ou o descoido na conservación dos locais, do material ou dos demais elementos dos servizos, así como o incumprimento das normas dadas nesta materia, cando non constitúa falta máis grave.

e) Dar lugar ao extravío, perda ou subtracción, por simple negligencia, dos distintivos de identificación, da arma regulamentaria ou doutros medios ou recursos destinados á función policial.

f) A exhibición dos distintivos de identificación sen causa xustificada.

g) Prescindir do conduto regulamentario para formular calquera solicitude, reclamación ou queixa relacionada co servizo, así como non tramitalas.

Quedan exceptuadas do conduto regulamentario aquelas que sexan formuladas pola representación das organizacións sindicais no exercicio da súa actividade sindical.

h) O descoido no aseo persoal e o incumprimento das normas sobre a uniformidade, sempre que non constitúa falta grave.

i) A ausencia inxustificada de calquera servizo, cando non mereza cualificación máis grave.

- j) A omisión intencionada de saúdo a un superior, que este non o devolva ou infrinxir doutro modo as normas que o regulan.
- k) Calquera clase de xogo que se leve a cabo nas dependencias policiais, sempre que prexudique a prestación do servizo ou menoscabe a imaxe policial.
- l) Portar insignias, condecoracións ou outros distintivos sen estar autorizado para iso, sempre que non mereza unha cualificación máis grave.
- m) Ter sido condenado/a en virtude de sentenza firme por unha falta dolosa cando a infracción penal cometida cause dano á Administración ou á cidadanía.
- n) Aquelas accións ou omisións tipificadas como faltas graves que, de acordo cos criterios que se establecen no artigo 82, merezan a cualificación de leves.

Artigo 82. Criterios de graduación de sancións

Para a graduación da sanción que se vaia impoñer, e actuando baixo o principio de proporcionalidade, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) A intencionalidade.
- b) A reincidencia. Existe reincidencia cando a persoa, ao cometer a falta, xa fose anteriormente sancionada en resolución firme por outra falta de maior gravidade ou por dúas de gravidade igual ou inferior e que non fosen canceladas. Para os efectos da reincidencia, non se computarán os antecedentes disciplinarios cancelados ou que debesen selo.
- c) O historial profesional, para estes efectos, só se poderá valorar como circunstancia atenuante.
- d) A incidencia sobre a seguridade cidadá.
- e) A perturbación no normal funcionamento da Administración ou dos servizos que lle estean encomendados.
- f) O grao de afectación aos principios de disciplina, xerarquía e subordinación.
- g) No caso dos artigos 79.b) e 80.y) valorarase especificamente a contía ou entidade da pena imposta en virtude de sentenza firme, así como a relación da conduta delituosa coas funcións policiais.

Artigo 83. Sancións

1. As sancións que se poden impoñer pola comisión de faltas moi graves son:

- a) A separación do servizo.

- b) A suspensión de funcións desde tres meses e un día ata un máximo de seis anos.
- 2. Por faltas graves poderase impoñer a sanción de suspensión de funcións desde cinco días a tres meses.
- 3. As sancións que se poden impoñer pola comisión de faltas leves son:
 - a) A suspensión de funcións dun a catro días, que non supoñerá a perda de antigüidade nin implicará a inmovilización no escalafón.
 - b) O apercibimento.

Artigo 84. Prescrición das faltas

- 1. As faltas moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos; e as leves, ao mes.
- 2. O prazo de prescrición comezase a contar desde que a falta se cometese, agás que esta derive de feitos que sexan obxecto de condena por delito doloso; en tal caso, o prazo comezará a contar desde a data de firmeza da sentenza condenatoria.
- 3. A prescrición interromperase pola iniciación do procedemento; para estes efectos, a resolución pola que se acorde a súa incoación deberá ser debidamente rexistrada e notificada á persoa expedientada ou publicada, sempre que esta non for achada. O prazo de prescrición reiniciarase se o procedemento permanecese paralizado durante máis de seis meses por causa non imputable á persoa sometida a expediente.
- 4. Cando se inicie un procedemento penal contra persoal funcionario de policía, a prescrición das infraccións disciplinarias que dos feitos poidan derivar quedará suspendida pola incoación daquel procedemento, mesmo cando non se procedese disciplinariamente. Nestes supostos, o prazo volverá correr desde a data de firmeza da resolución xudicial.

Artigo 85. Prescrición das sancións

- 1. As sancións moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos; e as leves, ao mes. O prazo de prescrición das sancións comezase a contar desde o día seguinte a aquel en que adquiran firmeza.
- 2. No suposto de suspensión de sancións, se estas son firmes, o prazo de prescrición computarase desde o día seguinte a aquel en que se levou a efecto a suspensión.

3. No caso de concorrencia de varias sancións, o prazo de prescrición das sancións que sexan firmes e estean pendentes de cumprimento comezarase a contar desde o día seguinte a aquel en que quede extinguida a sanción que a preceda na orde de cumprimento ou, de ser o caso, desde a data en que producise eficacia a inexecución da sanción.

4. O cumprimento dos prazos de prescrición da sanción supón a cancelación das correspondentes anotacións no expediente persoal.

Transcorrido o prazo para a prescrición da sanción, o órgano competente acordarao de oficio e notificarao ás persoas interesadas.

Artigo 86. *Cancelación*

1. As sancións disciplinarias anotarase no rexistro de persoal, coa indicación das faltas que as motivan.

2. Transcorridos seis meses desde o cumprimento da sanción se se trata de faltas leves, ou dous e tres anos, respectivamente, segundo se trate de faltas graves ou moi graves non sancionadas con separación do servizo, acordarase de oficio a cancelación daquelas anotacións, sempre que durante aquel tempo non fose sancionada a persoa expedientada por feitos cometidos neses mesmos períodos.

3. A cancelación producirá o efecto de anular a anotación sen que poida certificarse sobre ela, agás cando o soliciten as autoridades competentes para iso, facéndose constar expresamente a cancelación, e para os únicos efectos do seu expediente persoal.

Artigo 87. *Procedemento*

1. O procedemento sancionador do persoal dos corpos de Policía local axustarase aos principios de legalidade, impulso de oficio, imparcialidade, axilidade, eficacia, publicidade, contradición, irretroactividade, tipicidade, responsabilidade, proporcionalidade e concorrencia de sancións, e comprende esencialmente os dereitos á presunción de inocencia, información, defensa e audiencia.

2. Unicamente se poderán impoñer sancións disciplinarias en virtude de procedemento disciplinario instruído para o efecto, de acordo co que se determine regulamentariamente segundo a tipoloxía das faltas.

3. A iniciación dun procedemento penal contra o persoal dos corpos de Policía local non impedirá a incoación de

procedementos disciplinarios polos mesmos feitos. Non obstante, a súa resolución definitiva só se poderá producir cando a sentenza ditada no ámbito penal sexa firme, e a declaración de feitos probados que conteña vinculará a Administración.

4. Só poderá recaer sanción penal e administrativa sobre os mesmos feitos cando non houber identidade de fundamento xurídico e ben xurídico protexido.»

EMENDAS QUE SE MANTEÑEN:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº11, de Substitución.

Debe ser substituído no punto 4 do artigo 77 do número Catorce a expresión “...*en falta de inferior grao*...” pola seguinte: “...grave ou grave...”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, de Substitución.

Artigo único. Catorce. Substituír o texto do artigo 79. h) polo seguinte:

“Artigo 79. *Faltas moi graves*

....

h) A violación do segredo profesional sempre que prexudique o desenvolvemento do labor policial, cause prexuízo á cidadanía, á Administración ou ás entidades con personalidade xurídica ou ás persoas detidas ou investigadas ou se utilice o seu coñecemento en proveito da propia persoa funcionaria.”

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº12, de Substitución.

Debe ser substituída a letra h) do artigo 79 do número Catorce polo seguinte texto:

h) A violación do segredo profesional e a falta do debido sixilo respecto dos asuntos que coñezan por razón do seu cargo, sempre que prexudique o desenvolvemento do labor policial, cause prexuízo á Administración, ás persoas detidas e/ou investigadas ou a calquera outra persoa afectada pola investigación policial ou se utilice o dito coñecemento en proveito da propia persoa funcionaria.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, de Supresión.

No artigo 79 suprimir o apartado j)

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº13, de Supresión.

Debe ser suprimida a letra j) do artigo 79 do número Catorce.

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº14, de Supresión.

Debe ser suprimida na letra l) do artigo 79 do número Catorce a palabra "...tóxicas..."

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº15, de Supresión.

Debe ser suprimida na letra m) do artigo 79 do número Catorce a palabra "...tóxicas..."

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº16, de Substitución.

Debe ser substituída a letra ñ) do artigo 79 do número Catorce polo seguinte texto:

ñ) O acoso sexual e o acoso laboral, consistente este último en toda conduta que constitúa agresión ou fustrigamento reiterados, exercida pola persoa empregadora ou por un/unha ou máis traballadores/as, en contra doutro/a ou doutros/as traballadores/as, por calquera medio, e que teña como resultado para a persoa ou persoas afectadas o seu menoscabo, maltrato ou humillación, ou ben que ameace ou prexudique a súa situación laboral ou as súas oportunidades no emprego.

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº17, ao apartado p bis), de Adición.

Debe ser engadida unha nova letra q) ao artigo 79 do número Catorce coa seguinte redacción:

q) A non prestación de auxilio con urxencia naqueles feitos ou circunstancias graves en que sexa obrigada a súa actuación.

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº18, ao apartado p ter), de Adición.

Debe ser engadida unha nova letra q) ao artigo 79 do número Catorce coa seguinte redacción:

q) A reincidencia por tres veces en falta grave.

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº19, ao apartado p quater), de Adición.

Debe ser engadida unha nova letra q) ao artigo 79 do número Catorce coa seguinte redacción:

q) Exhibir armas sen causa que o xustifique, así como utilízalas en acto de servizo ou fóra del infrinxindo as normas que regulan o seu emprego.

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº20, ao apartado p quinquies), de Adición.

Debe ser engadida unha nova letra q) ao artigo 79 do número Catorce coa seguinte redacción:

q) Dar lugar ao extravío, perda ou subtracción por negligencia inescusable da arma regulamentaria.

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº21, de Adición.

Debe ser engadido ao final da letra a) do artigo 80 do número Catorce o seguinte texto: "...ao concello e/ou á Xunta de Galicia"

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº22, de Adición.

Debe ser engadido na letra g) do artigo 80 do número Catorce o seguinte texto: "...manifesta e inxustificada..." quedando redactada a alínea do seguinte xeito:

g) A falta de rendemento reiterada, manifesta e inxustificada, que ocasione un prexuízo á cidadanía, ás entidades con personalidade xurídica ou á eficacia dos servizos.

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº23, de Supresión.

Debe ser suprimida a letra l) do artigo 80 do número Catorce.

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº24, de Supresión.

Debe ser suprimida na letra m) do artigo 80 do número Catorce a seguinte expresión “...ou da arma regulamentaria.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, de Substitución.

Artigo único. Catorce. Substituír o texto do artigo 80 p) polo seguinte:

“Artigo 80. *Faltas graves*

.....

p) Embebedarse ou consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas durante o servizo ou sempre que prexudiquen a súa prestación ou facelo en dependencias policiais ou fóra de servizo cando teñan carácter habitual e afecten a imaxe do corpo policial. Enténdese que existe habitualidade e afecta a imaxe do corpo que se acrediten máis de tres episodios nun ano e que estes fosen nun lugar público e se producisen molestias a outras persoas ou actitudes escandalosas.”

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº25, de Substitución.

Debe ser substituída a letra z) do artigo 80 do número Catorce polo seguinte texto:

z) A non prestación de auxilio con urxencia naqueles feitos ou circunstancias en que, sen seren graves, estea obrigada a súa actuación.

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº26, ao apartado z bis), de Adición.

Debe ser engadida unha nova letra z quinquies) ao artigo 80 do número Catorce coa seguinte redacción:

z quinquies) A reincidencia por tres veces en falta leve.

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº27, de Substitución.

Debe ser substituído na letra c) do artigo 81 do número Catorce a expresión “...nos 30 días precedentes.” por “...nos últimos tres meses.”

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº28, de Substitución.

Debe ser substituído na letra b) do punto 1 do artigo 83 do número Catorce a palabra “...seis...” por “...tres...”

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº29, de Substitución.

Debe ser substituído no punto 2 do artigo 83 do número Catorce a expresión “...tres meses.” por “...un ano.”

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº30, de Adición.

Debe ser engadida un novo punto 4 ao artigo 83 do número Catorce coa seguinte redacción:

4. As sancións inscribíranse nos respectivos expedientes persoais, coa indicación das faltas que as motivaron.

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº31, de Substitución.

Debe ser substituído o texto do punto 1 do artigo 84 do número Catorce polo seguinte:

1. As faltas moi graves prescribirán aos dous anos desde a data da súa comisión, as graves ao ano e as leves ao mes.

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº32, de Substitución.

Debe ser substituído no punto 3 do artigo 84 do número Catorce a palabra “...seis...” por “...tres...”

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº33, de Substitución.

Debe ser substituído o texto do punto 1 do artigo 85 do número Catorce polo seguinte:

1. As sancións moi graves prescribirán aos dous anos, as graves ao ano e as leves ao mes. O prazo de prescrición das sancións comezarase a contar desde o día seguinte a aquel en que adquiran firmeza.

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº34, de Substitución.

Debe ser substituído no punto 2 do artigo 86 do número Catorce a expresión “...*dous e tres*...” por “...un e dous...”

DITAME DA COMISIÓN:

Quince.

O punto 3 do artigo 92 queda redactado como segue:

«3. Para o acceso a vixilante municipal requirirase a certificación de ter superada a educación secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente, correspondente ao grupo C, subgrupo C2, do Estatuto básico do empregado público.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Dezaseis.

O punto 5 do artigo 95 queda redactado como segue:

«5. Para a contratación como persoal auxiliar da Policía local requirirase a certificación de ter superada a educación secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente, correspondente ao grupo C, subgrupo C2, do Estatuto básico do empregado público.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Dezasete.

A disposición adicional segunda queda redactada como segue:

«Os/As vixilantes e auxiliares de policía e persoal interino cunha antigüidade mínima nestes postos de tres anos continuados na respectiva entidade local e que no momento da entrada en vigor desta lei estean prestando servizos no concello de que se trate integraranse no corpo de Policía local xa existente ou no que se cree, tras a superación, nun prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei e por un máximo de dúas convocatorias, dun concurso-oposición coa dispensa dos requisitos de idade e estatura.»

Adición dunha nova Disposición adicional segunda bis). Regulamentos

- 1. Os concellos poderán elaborar e aprobar un regulamento de organización e funcionamento do corpo de Policía local, que deberá axustarse ao establecido na normativa de coordinación vixente, como normas marco de referencia.**
- 2. Este regulamento deberá contar co informe favorable da Comisión de Coordinación de Policía Local de Galicia.**
- 3. Nel poderán recollerse aqueles aspectos relacionados coa estrutura do corpo, a creación de unidades funcionais e a provisión de postos nela e mais a definición e cobertura dos postos de mando e da xefatura do corpo se é o caso, así como aquelas cuestións relacionadas coa prestación do servizo polo persoal en situación de segunda actividade.**

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Dezaoitto.

O punto 2 da disposición transitoria primeira queda redactado como segue:

«2. Transcorridos tres anos, contados desde a entrada en vigor desta lei, o persoal funcionario que posúa a titulación académica requirida para o acceso ás escalas e categorías en que é reclasificado quedará integrado, para todos os efectos, nelas. Pola contra, aquel que careza da citada titulación académica quedará integrado, para todos os efectos, nas escalas e categorías en que é reclasificado, pero neste caso na situación de «para extinguir», e permanecerá nelas ata que acredite a obtención dos niveis de titulación académica exixidos en cada caso.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional única. *Equivalencia de titulacións para os efectos do acceso aos corpos e escalas do persoal funcionario dos subgrupos de clasificación profesional A1, A2 e C1*

- 1. Poden ingresar por oposición na categoría de policía, como persoal funcionario do subgrupo de clasificación C1, as persoas que estean en posesión da titulación de bacharel ou técnico.**
- 2. Poden acceder por promoción interna ou mobilidade ás categorías de persoal funcionario do subgrupo de clasificación C1 as persoas que estean en posesión da titulación de bacharel ou técnico, ou calquera outra que sexa equivalente ou correspondente ou dea acceso segundo a lexislación xeral.**
- 3. Poden acceder por promoción interna ou mobilidade ás categorías e escalas de persoal funcionario dos subgrupos de clasificación A2 ou A1 as persoas que estean en posesión da titulación de grao, ou calquera outra que sexa equivalente ou correspondente ou dea acceso segundo a lexislación xeral.**

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional única bis). **Acceso aos corpos de Policía local do persoal funcionario previsto no artigo 53.3 da Lei orgánica 2/1986**

Sen prexuízo do disposto no artigo 35 desta lei, os concellos que contén con persoal funcionario previsto no artigo 53.3 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, para o exercicio exclusivo das funcións establecidas na alínea b) do punto 1 do citado artigo, poderán efectuar, no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta lei, procesos selectivos para o acceso deste persoal ao respectivo corpo de Policía local a través dun procedemento de concurso-oposición.

En todo caso, este persoal deberá contar cos seguintes requisitos:

- **Antigüidade mínima de tres anos continuados nestes postos.**

- **Titulación académica de acceso para o grupo C1.**

Por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de seguridade determinaranse aqueloutros requisitos de carácter específico para este procedemento especial de acceso, que en todo caso incluírá a superación de probas teóricas e prácticas equivalentes ás que se exixan para o acceso libre ao respectivo corpo de Policía local e a superación tanto dun curso de formación na Academia Galega de Seguridade Pública como dun período de prácticas.

EMENDAS QUE SE MANTÈÑEN:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº35, de Adición.

Debe ser engadida unha nova disposición adicional única bis) coa seguinte redacción:

Disposición adicional única bis. *Servizos de Policía local mancomunados*

1. Todos/as os/as axentes da Policía local de Galicia recibirán obrigatoriamente formación en igualdade de xénero e prevención e loita contra ela. Ademais, en todos os corpos de

Policía local de Galicia existirá un grupo de axentes cunha avaliación positiva en formación e sensibilización específica de igualdade de xénero e violencia de xénero que atenderá as demandas xeradas en relación coa prevención e protección das vítimas, garantindo o dito servizo durante as vinte e catro horas dos 365 días do ano.

Para garantir a prestación do dito servizo, os concellos poderán proceder a subscribir un acordo de colaboración de xeito que permita prestar un servizo mancomunado que garanta a mellor proteccións ás vítimas.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria única. *Procedementos disciplinarios en trámite*

Os procedementos disciplinarios en trámite no momento de entrada en vigor desta lei tramitaranse e serán resoltos de acordo coa normativa anterior; non obstante, será aplicable a presente lei naquilo que favoreza o persoal funcionario obxecto de expediente.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS QUE SE MANTENEN:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº36, de Adición.

Debe ser engadida unha nova disposición transitoria única bis) coa seguinte redacción:

Disposición transitoria única bis. *Revisión de oficio de sancións*

Na data de entrada en vigor desta lei, se da súa aplicación resultan efectos máis favorables para a persoa funcionaria sancionada, revisaranse de oficio as resolucións, aínda que sexan firmes, cuxo cumprimento non se iniciase ou finalizase na devandita data. Non será posible a revisión de resolucións nas que se impuxese a sanción de separación do servizo.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira primeira. ***Desenvolvemento normativo***

Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para realizar, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, o desenvolvemento regulamentario que poida derivar das modificacións recollidas nesta lei.

En particular, nun prazo non superior aos seis meses desde a entrada en vigor desta lei, aprobarase, por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de seguridade, unha regulación da mobilidade horizontal entre os corpos de policía locais de Galicia, que deberá ser negociada no marco da Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*
Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación
no *Diario Oficial de Galicia*.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos.

1

Desde a súa entrada en vigor, a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, xunto coas normas ditadas para o seu desenvolvemento, mostráronse como un conxunto normativo que constitúe unha ferramenta necesaria para potenciar cambios importantes nos corpos de Policía local e no seu persoal, que xa permitiron que estes corpos amosasen unha visible homoxeneidade en todos os concellos galegos.

Pola súa banda, dentro do marco establecido para o efecto pola mesma lei no seu artigo 16, a Xunta de Galicia está a desenvolver as funcións de coordinación das policía locais de Galicia, con respecto á autonomía local recoñecida pola Constitución e ás competencias estatais en materia de seguridade. Para ese labor conta coa axuda dos órganos colexiados de referencia, como son o Gabinete Técnico e a Comisión de Coordinación de Policía Locais, e os grupos técnicos de traballo derivados desta.

No marco desta actividade de coordinación, ao longo destes anos os actores con competencias neste ámbito – Administración autonómica, concellos e representantes dos policía locais– foron constatando que determinadas cuestións reguladas na lei resultaban pouco operativas e mesmo, en determinados casos, chegaban a supoñer un atranco ou unha dificultade para aspectos importantes de cara á estrutura e conformación dos corpos de Policía local prevista na propia lei, de xeito que con esa perspectiva temporal semellan agora necesarias algunhas modificacións nela co fin de establecer unha serie de cambios e axustes que permitan acadar un maior índice de eficacia tanto no que atinxe ás expectativas dos concellos como no relativo á organización e estrutura dos cadros de persoal das policía locais.

Por outra banda, **o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público**, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril, como lexislación básica que afecta tamén a normativa de coordinación de policía locais na súa parte xeral, xunto coa entrada en vigor da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, obriga á adaptación dalgúns artigos da Lei 4/2007 a aquela lexislación básica de ámbito estatal.

Do mesmo xeito, a entrada en vigor da Lei orgánica 4/2010, do 20 de maio, do réxime disciplinario do Corpo Nacional de

Policía, introduce algunhas disposicións de obrigada referencia por atoparse dentro da parte orgánica daquel texto normativo, que supoñen tamén un cambio no articulado dentro do título VII da Lei 4/2007, especialmente no que afecta a descrición das faltas e a súa tipoloxía, a enumeración das sancións e a prescrición de ambas.

Tamén cómpre engadir a esta situación o impacto que provoca a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 13 de novembro de 2014, ao considerar discriminatorio o establecemento dun límite de idade de acceso nos procesos de selección para o persoal dos corpos de Policía local, por non xulgallo acorde coa Directiva 2000/78/CE, do 27 de novembro de 2000, agás a excepción recollida nela.

En relación con esta cuestión, o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou, así mesmo, a Sentenza 00681/2014, do 26 de novembro, na cal mantén unha liña argumental derivada da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

2

A existencia de procesos selectivos en desenvolvemento afectados por estas cuestións, así como as expectativas doutros concellos de convocaren procesos selectivos para cubrir vacantes nos corpos de Policía local, fan necesaria unha urxente revisión da actual Lei de coordinación, co fin de adaptala e actualizala aos novos requirimentos, derivados tanto de determinadas lagoas da propia lei de coordinación como das exixencias de leis de carácter básico e, mesmo, das sentenzas xudiciais anteditas, de maneira que se garanta o principio de seguridade xurídica na elaboración dos contidos das bases das convocatorias.

Por esta razón, con esta lei preténdese modificar aqueles artigos da Lei 4/2007 afectados por algún dos procesos descritos, pero tamén aqueloutros que, ao longo dos anos de vixencia da lei, se mostraron pouco efectivos para facilitar os avances e a actualización da propia lei, co obxecto de permitir unha mellor resposta aos problemas dos corpos de Policía local, que afectan, así mesmo, as administracións locais.

Deste xeito, mantendo a estrutura fundamental da Lei 4/2007, hai unha serie de artigos cuxa modificación resulta obrigada para axustalos tanto aos contidos normativos de carácter básico como ás sentenzas dos tribunais que resultan de obrigada observancia e mesmo, noutro caso, para permitir unha maior eficacia da lei en determinados aspectos operativos e de organización dos corpos de Policía local, favorecendo tanto os propios concellos como o persoal que se integra nestes corpos.

NON TEN EMENDAS


Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 28.06.2016

Hora: 10:00

Orde do día

- 2.2 Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única, e urxencia, do PL polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013 e, se é o caso, debate e votación do devandito proxecto.
(doc. n.º 51420, PL-000040)



Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de xuño 2016, polo que se acorda elevar ao Pleno a proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei polo que se aproba una retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013 (doc. núm. 51429, PL-000040)

A Mesa do Parlamento de Galicia, na reunión do día 14 de xuño de 2016 acordou a admisión a trámite polo procedemento de urxencia do Proxecto de lei polo que se aproba una retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013, e o seu traslado á Xunta de Portavoces. Logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, na reunión do 21 de xuño de 2016, a Mesa adoptou o seguinte acordo:

1.º) Proponerlle ao Pleno, na sesión prevista para o 28 de xuño de 2016, que se tramite polo procedemento especial de lectura única o Proxecto de lei polo que se aproba una retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.

2.º) Abrir o prazo de presentación de emendas á totalidade ata o día do 27 de xuño de 2016 ás 18.30 horas.

3.º) Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 21/06/2016 13:57:42

Sr. deputado/Sra. deputada.
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Sr. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Sr. Portavoz do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda
Sra. Portavoz do G.P. Mixto
Sra. Directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Boletín Oficial do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

AG/mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia, polo procedemento de tramitación en lectura única, de conformidade co disposto no artigo 134 do Regulamento da Cámara, e de ser o caso polo procedemento de urxencia establecido no artigo 98.1 do citado Regulamento, achégolle o **"Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013"**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 9 de xuño de 2016.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO
DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,


CERTIFIC O :

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día nove de xuño de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar o Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013, coa solicitude da súa tramitación en lectura única, de conformidade co disposto no artigo 134 do Regulamento da Cámara e, de ser o caso, polo procedemento de urxencia establecido no artigo 98.1 do devandito Regulamento”.

E para que conste asino a presente co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a nove de xuño de dous mil dezaseis.

Vº. e Praxe
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA

PROXECTO DE LEI POLA QUE SE APROBA UNHA RETRIBUCIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO PARA OS EMPREGADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA, EN CONCEPTO DE RECUPERACIÓN DOS IMPORTES EFECTIVAMENTE DEIXADOS DE PERCIBIR DE ACORDO COA LEI 2/2013, DO 27 DE FEBREIRO DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2013, NA PARTE PROPORCIONAL AO TEMPO DE SERVIZOS PRESTADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE XANEIRO E O 28 DE FEBREIRO DE 2013.



XUNTA DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, aprobou, para o persoal funcionario, unha redución do complemento específico anual equivalente á suma das pagas adicionais correspondentes aos meses de xuño e decembro, pasando a percibirse en doce mensualidades. A devandita medida retributiva estendeuse na lei, por razóns de equidade e xustiza, aos restantes empregados públicos do sector público autonómico, así como ao persoal do ensino concertado.

A lei, por tanto, reduciu a contía máxima anual do complemento específico para o ano 2013 do persoal funcionario e, nunha porcentaxe equivalente, o correspondente ao resto de empregados públicos e para todos aqueles que perciben retribucións con cargo aos recursos públicos autonómicos. Así pois, con independencia da súa entrada en vigor, a Lei 2/2013 establecía para o persoal funcionario o importe total anual do complemento específico a percibir en 2013, así como a súa percepción en doce pagas. Tendo en conta que as nóminas de xaneiro e febreiro se percibiron conforme ao establecido na Lei de orzamentos para 2012 prorrogada, a administración autonómica, en execución da Lei 2/2013, determinou na Orde do 11 de marzo de 2013, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2013, a porcentaxe do axuste nas restantes nóminas para alcanzar o importe máximo anual de complemento específico que fixaba a Lei 2/2013, do 27 de febreiro. Polo exposto, para a aplicación de maneira homoxénea da redución e evitar a variación mensual do complemento específico, o axuste efectuouse mediante a supresión das pagas adicionais de xuño e decembro, percibíndose o complemento específico en 12 mensualidades iguais. O axuste para o restante persoal ao servizo do sector público autonómico, definiuse na Orde citada con base a unha porcentaxe equivalente sobre as retribucións íntegras, tratando de garantir a equidade do axuste entre todos os traballadores públicos.

Porén, o Tribunal Supremo confirmou neste ano a sentenza ditada no seu día en procedemento de conflito colectivo pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se declarou, entre outros pronunciamentos, o dereito do persoal con relación laboral sometido ao V Convenio colectivo único a percibir a paga adicional de xuño de 2013 na parte proporcional á prestación de servizos dende o 1 de xaneiro de 2013 ata o 28 de febreiro de 2013, entendendo que esta non está recollida nas contías efectivamente satisfeitas.



XUNTA DE GALICIA

Unha vez confirmada a sentenza é vontade da Comunidade Autónoma facer efectivas as cantidades que de tal recoñecemento se derivan a todo o persoal afectado polo conflito e que, en definitiva, resulta ser o sometido ao V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia para posibilitar a súa percepción sen que teña que recorrer á reclamación individual das devanditas contías.

Neste contexto, a Administración autonómica e as organizacións sindicais representadas na Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos iniciaron un proceso de negociación que culminou na sinatura dun acordo acadado coas organizacións sindicais CCOO, CSIF e UGT. Na súa virtude, as partes acordaron a reposición do complemento específico ou concepto equivalente nas pagas extraordinarias a partir do 1 de xaneiro de 2017, que se plasmará a través da Lei de Orzamentos para o vindeiro exercicio, e tamén a devolución dos importes deixados de percibir de acordo coa Lei 2/2013, na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013, que se fai efectiva a través da presente lei.

En aplicación do principio de universalidade que informou o deseño do axuste retributivo da lei 2/2013, do 27 de febreiro, de Orzamentos para 2013, compre facer extensible a recuperación da parte proporcional do axuste polos servizos prestados entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013 ao resto de empregados públicos que viron reducidas as súas retribucións, así como para as restantes persoas que perciben retribucións con cargo aos recursos públicos autonómicos.

Desta forma, a presente lei aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir de acordo coa Lei 2/2013, do 27 de febreiro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.



XUNTA DE GALICIA

Así mesmo, na lei recóllense as previsións necesarias para estender a medida ao persoal docente da ensinanza concertada en réxime de pagamento delegado que prestou servizos entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.

Por último, a Lei dispón a aprobación do crédito extraordinario necesario para a articulación efectiva das medidas adoptadas.



XUNTA DE GALICIA

Artigo único.- Retribución de carácter extraordinario para o persoal do sector público autonómico.

Un. Retribución de carácter extraordinario para o persoal do sector público autonómico.

1. O persoal do sector público autonómico definido no artigo 13 seis da Lei 2/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, que prestou servizos entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013, percibirá, no que resta de exercicio 2016, unha retribución de carácter extraordinario en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir durante o ano 2013 en aplicación do axuste retributivo aprobado pola Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no mencionado período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.

2. O importe desta retribución de carácter extraordinario será proporcional ao número de días en activo nos meses de xaneiro e febreiro do ano 2013 respecto ao total anual da redución retributiva da que fora obxecto o empregado público ao longo do ano 2013. Naqueles casos nos que non se estivera en activo na totalidade do período a porcentaxe anterior modificarase ao cómputo de días que corresponda.

3. As cantidades a aboar minoraranse nas contías que se satisfixesen por eses mesmos conceptos e períodos de tempo como consecuencia de sentenza xudicial ou doutras actuacións. En ningún caso se aboará a mencionada paga aos empregados aos que se liquidara no seu día a parte proporcional correspondente aos servizos efectivamente prestados entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.

Dous.- Persoal ao servizo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades instrumentais.

1. Para os efectos do previsto no punto un, para o cálculo das cantidades correspondentes ao mencionado período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013, utilizaranse as regras de cómputo aplicables a cada tipo de persoal de acordo co seu réxime xurídico en vigor no momento no que se produciu o axuste retributivo.



XUNTA DE GALICIA

2. O persoal funcionario e o persoal ao servizo das institucións sanitarias a que se refiren, respectivamente, os artigos 20 e 21 da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, percibirá durante este exercicio 2016 unha retribución de carácter extraordinario equivalente aos importes efectivamente deixados de percibir en aplicación do axuste retributivo aprobado pola Lei 2/2013, polo concepto de paga adicional do complemento específico de xuño de 2013 na parte proporcional ao tempo de servizos prestados entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.

3. O persoal dos corpos ao servizo da Administración de xustiza a que se refire o artigo 23 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, percibirá durante este exercicio unha retribución de carácter extraordinario equivalente á establecida no número 1 do apartado un deste artigo. O seu importe será proporcional ao tempo de servizos prestados entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013 en relación á cantidade anual axustada pola mencionada Lei 2/2013.

4. O persoal laboral sometido ao V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia percibirá durante este exercicio 2016 unha retribución de carácter extraordinario equivalente aos importes efectivamente deixados de percibir en aplicación do axuste retributivo aprobado pola Lei 2/2013, polo concepto de paga adicional do complemento específico de xuño de 2013 na parte proporcional ao tempo de servizos prestados entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.

5. O resto do persoal ao servizo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia definido no artigo 13 Seis da Lei 11/2011, de 26 de decembro, así como o persoal incluído dentro dos artigos 17 e 19 da devandita lei, ao que se lle axustaran as súas retribucións por aplicación da mencionada norma e tivera servizos prestados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013, percibirá durante este exercicio unha retribución de carácter extraordinario equivalente á establecida no número 1 do apartado un deste artigo. O seu importe será proporcional ao tempo de servizos prestados entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013 en relación á cantidade anual axustada pola mencionada Lei 2/2013.

6. O persoal ao servizo dos entes instrumentais do sector público autonómico definido no artigo 13 Seis apartados f,g,h e i da Lei 11/2011, de 26 de decembro, ao que se lle axustaran as súas retribucións por aplicación da mencionada norma e tivera servizos prestados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e



XUNTA DE GALICIA

o 28 de febreiro de 2013, percibirá durante este exercicio unha retribución de carácter extraordinario equivalente á establecida no número 1 do apartado un deste artigo. O seu importe será proporcional ao tempo de servizos prestados entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013 en relación á cantidade anual axustada pola mencionada Lei 2/2013.

Tres.- Persoal ao servizo dos órganos estatutarios de Galicia.

Os órganos estatutarios realizarán as operacións precisas para aplicar ao seu persoal a medida recollida no punto un anterior, co seu mesmo contido e alcance.

Catro.- Persoal do Sistema Universitario de Galicia.

1. As universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes realizarán as operacións precisas para aplicar ao seu persoal a medida contida nos artigos anteriores, co contido e alcance sinalado neles.

2. Para os mencionados efectos, as transferencias do fondo estrutural do Sistema universitario de Galicia incrementaranse na 59/365 parte dos importes reducidos a cada entidade por aplicación do artigo 37 Dous da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

Cinco.- Persoal da ensinanza concertada en réxime de pagamento delegado.

1. Co fin de estender a medida ao persoal docente da ensinanza concertada en réxime de pagamento delegado que prestou servizos entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013, a compoñente dos módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento dos centros educativos concertados “complemento retributivo da comunidade autónoma” incrementarase na mesma contía na que foron minorados os módulos para o sostemento dos centros concertados en aplicación do artigo 59 e anexo 4 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, para os devanditos meses.

2.- Aos efectos do abono do disposto no parágrafo anterior aplicaranse as cautelas establecidas nos números Uno.2 e Un.3 deste artigo.



XUNTA DE GALICIA

Seis.- *Créditos extraordinarios.*

1. Para atender as obrigas de pagamento derivadas desta lei, concédese un crédito extraordinario no orzamento da Sección 23 “Gastos de diversa consellerías”, Servizo 02 “Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, Programa 621B “Imprevistos e funcións non clasificadas”, Capítulo I “Gastos de persoal”, Artigo 17 “Fondo de recuperación retributiva”, Concepto 171 “Fondo de recuperación retributiva”, por importe de 23.977.872 €.

2. Con cargo ao crédito extraordinario xerado no apartado anterior, realizaranse as correspondentes transferencias de crédito para dotar nas seccións do orzamento de gastos da comunidade autónoma os créditos precisos para proceder ao aboamento da retribución de carácter extraordinario recollida nos apartados anteriores.

3. Ás transferencias que se realicen en aplicación do disposto no apartado 2 deste artigo non lles será de aplicación a limitación establecida nos artigos 68 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e 8 da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Sete.- *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede nesta lei financiárase con cargo aos remanentes de crédito en proxección do capítulo I e aos fondos de continxencia aos que se refire a Disposición transitoria segunda da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, nos que se practicarán as correspondentes retencións polo centro directivo competente en materia de Orzamentos para proceder á súa baixa.



Disposicións derradeiras





XUNTA DE GALICIA

Primeira.- *Habilitación normativa.*

Autorízase á consellería competente en materia de facenda para que dite as normas precisas para a execución do disposto na presente lei.





XUNTA DE GALICIA

Segunda.- Entrada en vigor.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 28.06.2016

Hora: 10:00

Orde do día

- 2.3 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei, de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (doc. núm. 47574, 09/PPL-000042)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 17 de xuño de 2016, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión.

- 47574 (09/PPL-000042)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

BOPG nº 606, do 24.02.2016

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Ditame emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 17 de xuño de 2016, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e

seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

Texto articulado

Exposición de motivos

A Constitución española, no seu artigo 148.1.20º, establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de asistencia social.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, ten por obxecto estruturar e regular como servizo público os servizos sociais de Galicia para a construción do Sistema galego de benestar.

No artigo 29 do seu título II, sobre a prestación dos servizos sociais, regúlanse as formas de prestación dos servizos sociais en Galicia e dispónse que os servizos sociais os prestarán as administracións públicas galegas directamente ou, de maneira indirecta, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público, nomeadamente mediante a modalidade de concerto.

No artigo 33 do mesmo título II regúlase o fomento de previsións de índole social na contratación pública e establece o seguinte:

— Considera que os pregos de condicións administrativas particulares das licitacións que convoquen as administracións públicas de Galicia en materia de servizos sociais poderán sinalar a preferencia na adxudicación dos contratos ás proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que teñan no seu cadro de persoal un número de traballadoras e traballadores con discapacidade superior ao dous por cento, sempre que as ditas proposicións igualem ás máis vantaxosas.

— Nos termos previstos na normativa de contratación pública, os pregos de cláusulas que reñan a contratación dos

servizos sociais poden dar preferencia na adxudicación de contratos, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, ás proposicións presentadas por empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social.

— Na mesma forma e condicións poderá converterse tal preferencia na adxudicación dos contratos relativos á prestación de carácter social ou asistencial para as proposicións presentadas por entidades sen ánimo de lucro.

Consideramos necesaria unha modificación da Lei de servizos sociais de Galicia co obxectivo de potenciar o papel das entidades de iniciativa social na prestación de servizos e dotalas dun novo mecanismo que permita impulsar as relacións entre as administracións públicas e as entidades, á vez que dote dunha maior seguridade xurídica as actividades económicas deste sector.

Para iso, cómpre establecer o concerto social como modalidade contractual diferenciada da do concerto xeral recollido na norma xeral de contratos do sector público e, asemade, instaurar os acordos marco para a xestión de servizos sociais coas entidades que prestan servizos sociais coa finalidade de atender na medida en que sexa posible a libre elección da persoa destinataria do servizo de que se trate.

Por outra banda, hai que acudir ao dereito comunitario, e en concreto á Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE. A devandita directiva recolle na súa consideración 114 que os estados membros e os poderes públicos seguen tendo liberdade para prestar por si mesmos ou organizar os servizos sociais de modo que non sexa necesario formalizar contratos públicos, sempre que o dito sistema garanta unha publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación.

Polo tanto, tendo en conta a regulación comunitaria e á vista da lexislación doutras comunidades autónomas, na medida en que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a configuración do sistema propio de servizos sociais, acométese a modificación parcial da Lei de servizos sociais coa introdución do concerto social como modalidade diferenciada con respecto á modalidade contractual do con-

certo xeral recollida no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, garantindo asemade o cumprimento dos principios informadores da normativa estatal e europea en materia de concertación entre a iniciativa pública e privada, así como a figura dos acordos marco para a xestión de servizos sociais coas entidades coa finalidade de atender, na medida en que sexa posible, a libre elección da persoa destinataria do servizo de que se trate.

Artigo único. *Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O punto 1 do artigo 29, «Formas de prestación dos servizos sociais», queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os servizos sociais prestaranos as administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas:

- a) a xestión directa,
- b) a xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público,
- c) mediante o réxime de concerto social previsto nesta lei,
- d) mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro.»

Dous. O punto 3 do artigo 33, «Fomento de previsións de índole social na contratación pública», queda redactado nos seguintes termos:

«3. Na mesma forma e condicións, poderá establecerse tal preferencia na adxudicación dos contratos relativos a prestacións de carácter social ou asistencial para as proposicións presentadas por entidades sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica, sempre que a súa finalidade ou actividade teña unha relación directa co obxecto do contrato nos termos previstos na normativa de contratación pública, ou así figure definido no concerto social previsto nesta lei.»

Tres. Incorpórase un novo artigo 33 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 *bis*. *Réxime de concerto social*

1. As entidades que ofrecen servizos sociais previstos nas carteiras de servizos vixentes poderán acollerse ao réxime de concertos nos termos que establece esta lei. As entidades que accedan ao réxime de concertos sociais terán que formalizar coa administración competente o correspondente concerto.

2. Para os efectos desta lei, enténdese por concerto social o instrumento por medio do cal se produce a prestación de servizos sociais de responsabilidade pública a través de entidades, cuxo financiamento, acceso e control sexan públicos.

3. O réxime de concerto social previsto nesta lei establécese como modalidade diferenciada da do concerto xeral regulado na normativa de contratación do sector público, dadas as especiais circunstancias que concorren no eido dos servizos sociais.

4. No establecemento dos concertos para a provisión de servizos sociais atenderanse os principios de atención personalizada e integral, arraigamento da persoa na contorna de atención social, elección da persoa e continuidade na atención no seu ciclo vital e a calidade. Por iso, poderanse establecer como criterios para a formalización dos concertos determinadas medidas de preferencia ou medidas de discriminación positiva, criterios sociais, de calidade, de experiencia e traxectoria acreditada, e os que se determinen regulamentariamente, sempre que se garanta a libre concorrència e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.

5. Regulamentariamente estableceranse os aspectos e criterios aos que se teñen que someter os concertos sociais, os cales preverán sempre os principios establecidos no punto anterior. Estes aspectos referiranse ao cumprimento dos requisitos previstos nesta lei, á tramitación da solicitude, á vixencia ou a duración máxima do concerto e as causas de extinción, ás obrigas das entidades que presten o servizo concertado e das administracións públicas que outorgasen o concerto social, á submisión do concerto ao dereito administrativo, ao número de prazas concertadas e a outras condicións.

6. Especificamente, na atención á infancia terase en consideración na selección dos cadros de persoal a formación espe-

cífica e a experiencia en atención a menores, en particular dereitos da infancia, maltrato infantil, atención a persoas menores de idade vítimas de violencia de xénero e abuso sexual.»

Catro. Incorpórase un novo artigo 33 *ter*, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 *ter*. *Obxecto dos concertos sociais*

Poderán ser obxecto de concerto social:

a) A reserva e a ocupación de prazas para uso exclusivo das persoas usuarias de servizos sociais ou os colectivos vulnerables, cuxo acceso sexa autorizado polas administracións públicas mediante a aplicación dos criterios previstos na normativa das administracións competentes.

b) A xestión integral de prestacións técnicas, tecnolóxicas, de servizos, programas ou centros.»

Cinco. Incorpórase un novo artigo 33 *quater*, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 *quater*. *Efectos dos concertos sociais*

1. O concerto social obriga o titular da entidade que concerta a prover as prestacións e os servizos nas condicións estipuladas na lexislación aplicable e no prego técnico do concerto social.

2. Non se lles pode cobrar ás persoas usuarias polas prestacións propias do sistema de servizos sociais de responsabilidade pública ningunha cantidade á marxe do prezo público establecido.

3. As prestacións non gratuítas non poderán ter carácter lucrativo. Para os ditos efectos, regulamentariamente determinaranse as condicións que permitan establecer prezos de referencia para as prestacións non gratuítas.

4. O cobramento ás persoas usuarias de calquera cantidade por servizos complementarios á marxe dos prezos públicos estipulados terá que ser autorizado pola administración competente.»

Seis. Incorpórase un novo artigo 33 *quinqüies*, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 *quinqüies*. *Requisitos exixibles para acceder ao réxime de concerto social*

1. Para poder subscribir concertos as entidades terán que contar coa oportuna autorización administrativa dos seus centros e coa tramitación da oportuna autorización, declaración responsable ou comunicación previa dos seus servizos, en función do réxime de intervención previsto.

2. Asemade, deberán figurar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, así como cumprir os outros requisitos específicos que se determinen regulamentariamente.

3. As entidades terán que acreditar, en todo caso, a disposición de medios e recursos abondos para garantir o cumprimento das condicións establecidas para cada servizo, así como o cumprimento da normativa que con carácter xeral ou específico lles sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade coma polo tipo de servizo obxecto de concertación.

4. Aquelas entidades coas cales se subscriban concertos de ocupación ou de reserva de prazas terán que acreditar a titularidade do centro ou a súa dispoñibilidade por calquera título xurídico válido por un período non inferior ao de vixencia do concerto.

5. Para o establecemento de concertos, as administracións públicas darán prioridade ás entidades sen ánimo de lucro cando existan análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social, sempre que en todo caso se garanta a libre concorrência e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.»

Sete. Incorpórase un novo artigo 33 *sexies*, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 *sexies*. *Duración, modificación, renovación e extinción dos concertos sociais*

1. Os concertos sociais teranse que establecer sobre unha base plurianual co fin de garantir a estabilidade na súa provisión, sen prexuízo de que se poidan determinar aspectos concretos que deban ser obxecto de revisión e, se procede, de modificación antes de concluír a súa vixencia.

Incluíranse no suposto regulado no artigo 58.1.c) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Os concertos poderán ser renovados nas condicións que se establezan regulamentariamente.

3. Unha vez concluída a vixencia do concerto, pola causa que sexa, as administracións públicas terán que garantir que os dereitos das persoas usuarias das prestacións concertadas non se vexan prexudicados pola súa finalización.

4. Sempre que por aplicación da normativa laboral as prestacións estean suxeitas á subrogación dos traballadores e das traballadoras recollerase expresamente nos pregos ou documentos reguladores da licitación.»

Oito. Incorpórase un novo artigo 33 *septies*, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 *septies*. *Formalización dos concertos sociais*

1. A formalización dos concertos efectuarase mediante un documento administrativo coa forma e o contido que se determinen regulamentariamente.

2. Poderase subscribir un único concerto para a reserva e a ocupación de prazas en varios centros ou para a xestión integral dunha pluralidade de prestacións ou servizos cando todos eles dependan dunha mesma entidade titular. Esta subscrición efectuarase nas condicións que se determinen regulamentariamente.»

Nove. Incorpórase un novo artigo 33 *octies*, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 *octies*. *Acordos marco para a xestión de servizos sociais*

1. Os órganos de contratación do sector público autonómico poderán concluír acordos marco coas entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de fixar as condicións ás que deberá axustarse a prestación de determinados servizos sociais durante un concreto período de tempo.

En particular, o sector público autonómico promoverá a formalización dos acordos marco aludidos no parágrafo anterior, coa finalidade de atender, de forma prioritaria, e na medida en que sexa posible, a libre elección da persoa destinataria do servizo de que se trate. Para iso procurará o asinamento de acordos marco con entidades prestadoras de servizos sociais.

2. Os contratos baseados nun acordo marco para a xestión de servizos sociais serán contratos de xestión de servizos públicos na modalidade de concerto.

3. Os acordos marco para a xestión dos servizos sociais e mais os contratos baseados nos ditos acordos réxense polo previsto nesta lei, así como no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e na demais normativa de contratación pública aplicable.

4. Para a subscrición dos acordos marco regulados nesta lei seguirase o procedemento previsto no artigo 197 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

5. Unha vez concluído o acordo marco para a xestión de servizos sociais, a adxudicación dos contratos nel baseados efectuarase aplicando os termos fixados no propio acordo marco, sen necesidade de convocar as partes a unha nova licitación.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, no acordo marco recollerase, en todo caso, que na adxudicación de cada contrato derivado se terá en conta de forma prioritaria, na medida do posible, a libre elección da persoa usuaria ou das persoas usuarias destinatarias do servizo de que se trate.»

Disposición transitoria única. *Continuidade na prestación de servizos e prórroga dos concertos*

Dados os principios de atención personalizada e integral, arraigamento da persoa na contorna de atención social, elección da persoa e continuidade na atención e a calidade, os concertos sociais establecerán fórmulas que garantan a continuidade na prestación destes servizos no mesmo centro e onde se viña prestando ás persoas usuarias tanto con anterioridade á publicación desta lei coma cos que se adxudi-

quen a partir da publicación desta lei, e preferentemente contando coas mesmas persoas profesionais.

Mentres non se dite a correspondente normativa de desenvolvemento, prorrogaranse aqueles concertos vixentes na data de entrada en vigor desta lei, respectando os límites legais aplicables.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango emanadas dos órganos da Comunidade Autónoma se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

O seu desenvolvemento regulamentario deberase realizar nun prazo non superior a oito meses desde a entrada en vigor.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días, que se contarán desde o seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2016

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da comisión

María Remedios Quintas Álvarez
Secretaria da comisión

SUMARIO

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación coa Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

- G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 51593) [153965](#)
 - G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 51591) [153966](#)
 - G.P. de Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 51614) [153967](#)
 - G.P. Mixto (doc. núm. 51600) [153968](#)
-
-
-
-

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que **mantén, para a súa defensa en Pleno**, todas as emendas e votos particulares, presentadas á Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia agás as aprobadas, transaccionadas ou decaídas (manter o punto 5 da emenda número 5 e a emenda número 8 que foron rexeitadas).

09/PL-000042, doc. núm. 47574

Pazo do Parlamento, 17 de xuño de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/06/2016 13:47:07



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas á **Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (doc. núm. 47574, 09/PPL-000042)**, que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2016

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 17/06/2016 13:38:12

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/06/2016 13:38:18

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, mantén, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas apresentadas á **Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, doc. 47574 (09/PPL-000042) que non foron incorporadas ao Dictame da Comisión.**

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2016.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/06/2016 10:14:32

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Mixto**, a través da súa voceira e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, as emendas presentadas á **Proposición de Lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza** (doc. núm. 47574, 09/PPL-000042), que non foron incorporadas ao Ditame da Comisión:


Pazo do Parlamento a 17 de xuño de 2016

Asdo.: Consuelo Martínez García

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 17/06/2016 14:26:24



Texto para Pleno

**PROPOSICIÓN DE LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI 13/2008, DO 3 DE
DECEMBRO, DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA**

Proposición de lei: BOPG núm. 606, do 24.02.2016

Emendas ao articulado: BOPG núm. 640, fascículo 1, do 04.05.2016

Informe da Ponencia: BOPG núm. 658, do 14.06.2016

Ditame da Comisión: BOPG núm. 662, do 21.06.2016

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo único. *Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O punto 1 do artigo 29, «Formas de prestación dos servizos sociais», queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os servizos sociais prestaranos as administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas:

- a) a xestión directa,**
- b) a xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público,**
- c) mediante o réxime de concerto social previsto nesta lei,**
- d) mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro.»**

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº2, de Substitución.

Debe ser substituído o texto do punto 1 do artigo 29 do punto Un do artigo único, que queda redactado como segue:

"1. Os servizos sociais relacionados coa violencia de xénero e a tutela e protección de menores prestaranos as administracións públicas galegas baixo xestión directa con medios propios.

Os demais servizos sociais prestaranos as administracións públicas galegas preferentemente baixo xestión directa con medios propios ou, de maneira indirecta, a través das seguintes fórmulas: réxime de concerto previsto nesta lei, xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público e mediante a modalidade de concerto social a través de convenios con entidades sen ánimo de lucro ou, no seu defecto, con entidades privadas."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, de Modificación.

Artigo 29.1. Modificación

Modifícase o apartado 1, que queda redactado do seguinte xeito:

“1. Os servizos sociais prestaranos as administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas:

– Xestión directa, que terá preferencia sobre outras modalidades.

– Xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público, que será levada a termo preferentemente mediante a modalidade de concerto social previsto nesta lei no caso das entidades de iniciativa social.

– Convenios con entidades sen ánimo de lucro.

Para os efectos desta lei, enténdese por entidades de iniciativa social aquelas que, sendo sen ánimo de lucro, realicen actividades de servizos sociais.”

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº1, ao apartado 1, de Substitución.

Sustituírase o texto proposto polo seguinte:

“Artigo 29. Formas de prestación dos servizos sociais

1. Os servizos sociais prestaranos as administracións públicas galegas directamente. De non ser posible pola inexistencia do servizo ou entidade pública, e pola imposibilidade orzamentaria ou administrativa da súa posta en marcha, establecerase a xestión de maneira indirecta, no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público, preferentemente mediante a modalidade de concerto social con entidades sen ánimo de lucro, restando como última opción a xestión indirecta a través de empresas privadas.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº1, ao apartado Un bis), de Adición.

Debe ser engadido un novo punto Un bis ao artigo único co seguinte contido:

Un bis. Suprímese na letra a) do artigo 4 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o seguinte texto:

"...Este principio non exclúe a posibilidade de que para a prestación de determinados servizos se requiran achegas económicas das persoas usuarias. Estas achegas determinaranse, en todo caso, atendendo a criterios de progresividade".

DITAME DA COMISIÓN:

Dous. O punto 3 do artigo 33, «Fomento de previsións de índole social na contratación pública», queda redactado nos seguintes termos:

«3. Na mesma forma e condicións, poderá establecerse tal preferencia na adxudicación dos contratos relativos a prestacións de carácter social ou asistencial para as proposicións presentadas por entidades sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica, sempre que a súa finalidade ou actividade teña unha relación directa co obxecto do contrato nos termos previstos na normativa de contratación pública, ou así figure definido no concerto social previsto nesta lei.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº3, de Adición.

Debe engadirse un novo parágrafo no punto Dous do artigo único, polo que se modifica o punto 3 do artigo 33, «Fomento de previsións de índole social na contratación pública», da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais da Galicia, co seguinte texto:

"Cando a xestión dos servizos sociais se articule mediante a modalidade de xestión indirecta, as prestacións estarán suxeitas á subrogación dos traballadores e das traballadoras."

DITAME DA COMISIÓN:

Tres. Incorpórase un novo artigo 33 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 bis. Réxime de concerto social

1. As entidades que ofrecen servizos sociais previstos nas carteiras de servizos vixentes poderán acollerse ao réxime de concertos nos termos que establece esta lei. As entidades que accedan ao réxime de concertos sociais terán que formalizar coa administración competente o correspondente concerto.

2. Para os efectos desta lei, enténdese por concerto social o instrumento por medio do cal se produce a prestación de servizos sociais de responsabilidade pública a través de entidades, cuxo financiamento, acceso e control sexan públicos.

3. O réxime de concerto social previsto nesta lei establécese como modalidade diferenciada da do concerto xeral regulado na normativa de contratación do sector público, **dadas as especiais circunstancias que concorren no eido dos servizos sociais.**

4. No establecemento dos concertos para a provisión de servizos sociais atenderanse os principios de atención personalizada e integral, arraigamento da persoa na contorna de atención social, elección da persoa e continuidade na atención no seu ciclo vital e a calidade. Por iso, poderanse establecer como criterios para a formalización dos concertos determinadas medidas de preferencia ou medidas de discriminación positiva, criterios sociais, de calidade, de experiencia e traxectoria acreditada, e os que se determinen regulamentariamente, sempre que se garanta a libre concorrência e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.

5. Regulamentariamente estableceranse os aspectos e criterios aos que se teñen que someter os concertos sociais, **os cales preverán sempre os principios establecidos no punto anterior.** Estes aspectos referiranse ao cumprimento dos requisitos previstos nesta lei, á tramitación da solicitude, á vixencia ou a duración máxima do concerto e ás causas de extinción, ás obrigas das entidades que presten o servizo concertado e das administracións públicas que outorgasen o concerto social, á submisión do concerto ao dereito administrativo, ao número de prazas concertadas e a outras condicións.

6. Especificamente, na atención á infancia terase en consideración na selección dos cadros de persoal a

formación específica e a experiencia en atención a menores, en particular, dereitos da infancia, maltrato infantil, atención a persoas menores de idade vítimas de violencia de xénero e abuso sexual.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº4, ao apartado 2, de Modificación.

Debe ser engadida no punto 2 no novo artigo 33 bis do punto Tres do artigo único, a expresión “...,no seu defecto,...”, polo que queda redactado o punto 2 como segue:

2. Para os efectos desta lei, enténdese por concerto social o instrumento por medio do cal se produce a prestación de servizos sociais de responsabilidade pública cuxo financiamento, acceso e control sexan públicos a través de entidades de iniciativa social ou, no seu defecto, privada.

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº5, ao apartado 4, de Substitución.

Debe ser substituída no punto 4, no punto do novo artigo 33 bis do punto Tres do artigo único, a expresión “...poderán establecer...” por “...establecerán...”.

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº6, ao apartado 4, de Modificación.

Debe ser engadido no punto 4 punto do novo artigo 33 bis do punto Tres do artigo único o seguinte texto: “...arraigamento na localidade, calidade do emprego, contar cun mínimo do 2 % do cadro de persoal con discapacidade, cumprimento da lexislación laboral, integración efectiva da perspectiva de xénero e implantación de plans de igualdade, de conciliación da vida laboral e persoal e contra a violencia de xénero no ámbito laboral...” quedando redactado o punto 4 do seguinte xeito:

4. No establecemento dos concertos para a provisión de servizos sociais atenderanse os principios de atención personalizada e integral, arraigamento da persoa na contorna

de atención social e elección da persoa. Por iso, poderanse establecer como criterios para a formalización dos concertos determinadas medidas de preferencia ou medidas de discriminación positiva, criterios sociais, de calidade, de experiencia e traxectoria acreditada, **arraigamento na localidade, calidade do emprego, contar cun mínimo do 2 % do cadro de persoal con discapacidade, cumprimento da lexislación laboral, integración efectiva da perspectiva de xénero e implantación de plans de igualdade, de conciliación da vida laboral e persoal e contra a violencia de xénero no ámbito laboral**, e os que se determinen regulamentariamente, sempre que se garanta a libre concorrencia e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.

DITAME DA COMISIÓN:

Catro. Incorpórase un novo artigo 33 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 ter. *Obxecto dos concertos sociais*

Poderán ser obxecto de concerto social:

- a) A reserva e a ocupación de prazas para uso exclusivo das persoas usuarias de servizos sociais **ou os colectivos vulnerables, cuxo acceso** sexa autorizado polas administracións públicas mediante a aplicación dos criterios previstos na normativa das administracións competentes.
- b) A xestión integral de prestacións técnicas, tecnolóxicas, de servizos, **programas** ou centros.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº7, de Supresión.

Debe ser suprimida no punto b) do novo artigo 33 ter do punto Catro do artigo único, a palabra "...integral...".

DITAME DA COMISIÓN:

Cinco. Incorpórase un novo artigo 33 *quater*, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 *quater*. *Efectos dos concertos sociais*

1. O concerto social obriga o titular da entidade que concerta a prover as prestacións e os servizos nas condicións estipuladas na lexislación aplicable e no prego técnico do concerto social.
2. Non se lles pode cobrar ás persoas usuarias polas prestacións propias do sistema de servizos sociais de responsabilidade pública ningunha cantidade á marxe do prezo público establecido.
3. As prestacións non gratuítas non poderán ter carácter lucrativo. Para os ditos efectos, regulamentariamente determinaranse as condicións que permitan establecer prezos de referencia para as prestacións non gratuítas.
4. O cobramento ás persoas usuarias de calquera cantidade por servizos complementarios á marxe dos prezos públicos estipulados terá que ser autorizado pola administración competente.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº9, de Adición.

Debe ser engadida ao final do punto 1 do novo artigo 33 *quater* no punto Cinco do artigo único a seguinte expresión:

"...na lexislación laboral e no convenio colectivo aplicable".

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº10, de Adición.

Debe se engadido un novo punto 4 *bis* no novo artigo 33 *quater* do punto Cinco do artigo único, coa seguinte redacción:

"4 *bis*. A prestación de servizos complementarios non gratuítos non poderá ser tida en conta á hora de avaliar as condicións de concesión do servizo."

DITAME DA COMISIÓN:

Seis. Incorpórase un novo artigo 33 *quinquies*, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 *quinquies*. *Requisitos exixibles para acceder ao réxime de concerto **social***

1. Para poder subscribir concertos as entidades terán que contar coa oportuna autorización administrativa dos seus centros e coa tramitación da oportuna autorización, declaración responsable ou comunicación previa dos seus servizos, en función do réxime de intervención previsto.

2. Asemade, deberán figurar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, así como cumprir os outros requisitos específicos que se determinen regulamentariamente.

3. As entidades terán que acreditar, en todo caso, a disposición de medios e recursos **abondos** para garantir o cumprimento das condicións establecidas para cada servizo, así como o cumprimento da normativa que con carácter xeral ou específico lles sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade coma polo tipo de servizo obxecto de concertación.

4. Aquelas entidades coas cales se subscriban concertos de ocupación ou de reserva de prazas terán que acreditar a titularidade do centro ou a súa dispoñibilidade por calquera título xurídico válido por un período non inferior ao de vixencia do concerto.

5. Para o establecemento de concertos, as administracións públicas darán prioridade ás entidades sen ánimo de lucro cando existan análogas condicións de **efectividade**, calidade e rendibilidade social, sempre que en todo caso se garanta a libre concorrência e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº11, de Supresión.

Debe ser suprimido no punto 1 do novo artigo 33 *quinquies* do punto Seis do artigo único o seguinte texto:

"...coa tramitación da oportuna autorización, declaración responsable ou comunicación previa dos..."

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº13, de Substitución.

Debe ser substituído o texto no punto 5 do novo artigo 33 *quinquies* do punto Seis do artigo único, que queda redactado como segue:

5. Para o establecemento de concertos sociais, as administracións públicas darán prioridade ás entidades sen ánimo de lucro cando existan análogas condicións de calidade do servizo, rendibilidade social e calidade do emprego, sempre que se garanta a libre concorrencia e se respecten os principios de igualdade de trato e transparencia.

Avaliarase especialmente a experiencia na prestación destes servizos, o vínculo coa comunidade, a prestación de servizos dirixidos a persoas ou grupos en situación de exclusión social, as medidas orientadas á conciliación da vida laboral e persoal, a promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social e mais a superación do 2 % de persoas con discapacidade no seu cadro de persoal. Non poderán terse en consideración na avaliación das condicións da prestación do servizo os distintos servizos complementarios non gratuítos que presten as entidades.

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº12, ao apartado 3, de Adición.

Debe ser engadido no punto 3 do novo artigo 33 *quinquies* do punto Seis do artigo único o seguinte texto: "...laboral, a implantación de plans de igualdade e de loita contra a violencia de xénero no ámbito laboral e a normativa...", quedando redactada a alínea como segue:

3. As entidades terán que acreditar, en todo caso, a disposición de medios e recursos abondos para garantir o cumprimento das condicións establecidas para cada servizo, así como o cumprimento da normativa **laboral, a implantación de plans de igualdade e de loita contra a violencia de xénero no ámbito laboral e mais a normativa** que con carácter xeral ou específico lles sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade coma polo tipo de servizo obxecto de concertación.

-Do G.P. dos Socialistas de Galicia

Emenda nº 5, ao apartado 5, de Modificación

5. Para os efectos de garantir os principios contidos no punto anterior, os prezos públicos nas modalidades de contratación contidas nesta lei entenderanse, para todos os efectos, como

prezo final da prestación, estean ou non as entidades prestadoras dos servizos exentas do IVE.

DITAME DA COMISIÓN:

Sete. Incorpórase un novo artigo 33 sexies, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 sexies. Duración, modificación, renovación e extinción dos concertos sociais

1. Os concertos sociais teranse que establecer sobre unha base plurianual co fin de garantir a estabilidade na súa provisión, sen prexuízo de que se poidan determinar aspectos concretos que deban ser obxecto de revisión e, se procede, de modificación antes de concluír a súa vixencia.

Incluíranse no suposto regulado no artigo 58.1.c) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Os concertos poderán ser renovados nas condicións que se establezan regulamentariamente.

3. Unha vez concluída a vixencia do concerto, pola causa que sexa, as administracións públicas terán que garantir que os dereitos das persoas usuarias das prestacións concertadas non se vexan prexudicados pola súa finalización.

4. Sempre que por aplicación da normativa laboral as prestacións estean suxeitas á subrogación dos traballadores e das traballadoras recollerase expresamente nos pregos ou documentos reguladores da licitación.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº6, de Modificación.

Sustituírase o texto proposto polo seguinte:

"Artigo 33 sexies. Duración, modificación e extinción dos concertos sociais.

1. Os concertos sociais teranse que establecer sobre unha base plurianual co fin de garantir a estabilidade na súa provisión, sen prexuízo de que se poidan determinar aspectos concretos que teñan que ser obxecto de revisión e, se procede, de modificación antes de concluír a súa vixencia. Será obxecto de revisión a circunstancia de dispoñer dun servizo público de xestión directa para a prestación cuberta.

Incluiranse no suposto regulado na letra c) do artigo 58.1 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

2. Os concertos poderán ser renovados nas condicións que se establezan regulamentariamente.

3. Unha vez concluída a vixencia do concerto, pola causa que sexa, as administracións públicas terán que garantir que os dereitos das persoas usuarias das prestacións concertadas non se vexan prexudicados pola súa finalización.

4. Sempre que por aplicación da normativa laboral as prestacións estean suxeitas á subrogación dos traballadores e das traballadoras recollerase expresamente nos pregos ou documentos reguladores da licitación."

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº14, de Modificación.

Debe ser substituído o texto no punto 1 do novo artigo 33 sexies do punto Sete do artigo único, quedando redactado como segue:

1. Os concertos sociais teranse que establecer sobre unha base plurianual máxima de catro anos, co fin de garantir a estabilidade na súa provisión, sen prexuízo de que se poidan determinar aspectos concretos que deban ser obxecto de revisión e, se procede, de modificación antes de concluír a súa vixencia.

A Administración galega establecerá o catálogo de servizos sociais susceptibles de seren prestados baixo a modalidade de concerto social, así como o prezo por praza que hai que pagar pola administración e a ratio de persoal mínimo exixible en función das características concretas da prestación concertada.

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº15, de Adición.

Debe ser engadida no punto 3 do novo artigo 33 sexies do punto Sete do artigo único, a seguinte expresión:"...a subrogación do persoal nas mesmas condicións laborais e salariais...", polo que queda redactada a alínea como segue:

3. Unha vez concluída a vixencia do concerto, pola causa que sexa, as administracións públicas terán que garantir **a subrogación do persoal nas mesmas condicións laborais e**

salariais e que os dereitos das persoas usuarias das prestacións concertadas non se vexan prexudicados pola súa finalización.

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº16, ao apartado 3 bis), de Adición.

Debe ser engadido un novo punto 3 bis no novo artigo 33 sexies do punto Sete do artigo único, co seguinte contido:

"4. Para garantir a calidade na prestación dos servizos sociais e o cumprimento das condicións estipuladas no concerto, a administración procederá a realizar inspeccións periódicas do grao de cumprimento de todos os aspectos incluídos nas cláusulas do concerto."

DITAME DA COMISIÓN:

Oito. Incorpórase un novo artigo 33 *septies*, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 *septies*. *Formalización dos concertos sociais*

1. A formalización dos concertos efectuarase mediante un documento administrativo coa forma e o contido que se determinen regulamentariamente.
2. Poderase subscribir un único concerto para a reserva e a ocupación de prazas en varios centros ou para a xestión integral dunha pluralidade de prestacións ou servizos cando todos eles dependan dunha mesma entidade titular. Esta subscrición efectuarase nas condicións que se determinen regulamentariamente.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº18, de Supresión.

Debe ser suprimido o punto 2 do novo artigo 33 *septies* do punto Oito do artigo único.

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº17, de Adición.

Debe ser engadida un novo parágrafo no punto 1 do novo artigo 33 *septies* do punto Oito do artigo único, co seguinte texto:

"Os acordos marcos necesitarán para a súa aprobación do acordo por maioría da representación das entidades sen ánimo de lucro prestadoras de servizos sociais."

DITAME DA COMISIÓN:

Nove. Incorpórase un novo artigo 33 *octies*, **coa seguinte redacción:**

«Artigo 33 *octies*. *Acordos marco para a xestión de servizos sociais*

1. Os órganos de contratación do sector público autonómico poderán concluír acordos marco coas entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de fixar as condicións ás que deberá axustarse a prestación de determinados servizos sociais durante un concreto período de tempo.

En particular, o sector público autonómico promoverá a formalización dos acordos marcos aludidos no parágrafo anterior, coa finalidade de atender, de forma prioritaria, e na medida en que sexa posible, a libre elección da persoa destinataria do servizo de que se trate. Para iso procurará a asinamento de acordos marco con entidades prestadoras de servizos sociais.

2. Os contratos baseados nun acordo marco para a xestión de servizos sociais serán contratos de xestión de servizos públicos na modalidade de concerto.

3. Os acordos marco para a xestión dos servizos sociais e mais os contratos baseados nos ditos acordos réxense polo previsto nesta lei, así como no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, e na demais normativa de contratación pública aplicable.

4. Para a subscripción dos acordos marco regulados nesta lei seguirase o procedemento previsto no artigo 197 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

5. Unha vez concluído o acordo marco para a xestión de servizos sociais, a adxudicación dos contratos nel baseados efectuarase aplicando os termos fixados no propio acordo marco, sen necesidade de convocar as partes a unha nova licitación.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, no acordo marco recollerase, en todo caso, que na adxudicación de cada contrato derivado se terá en conta de forma prioritaria, na medida do posible, a libre elección **da persoa usuaria ou das persoas usuarias destinatarias** do servizo de que se trate.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº7, de Substitución.

Sustituírase o texto proposto polo seguinte:

"Artigo 33 octies. *Acordos marco para a xestión de servizos sociais*

1. Os órganos de contratación do sector público autonómico poderán concluír acordos marco coas entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de fixar as condicións ás que deberá axustarse a prestación de determinados servizos sociais durante un concreto período de tempo.

En particular, o sector público autonómico promoverá a formalización dos acordos marcos aludidos no parágrafo anterior, coa finalidade de atender, de forma prioritaria, e na medida en que sexa posible, a libre elección da persoa destinataria do servizo de que se trate. Esta libre elección será válida dentro da mesma modalidade de xestión, evitando a competencia entre os servizos de xestión directa e indirecta.

2. Os contratos baseados nun acordo marco para a xestión de servizos sociais serán contratos de xestión de servizos públicos na modalidade de concerto.

3. Os acordos marco para a xestión dos servizos sociais e mais os contratos baseados nos ditos acordos réxense polo previsto nesta lei, así como no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e demais normativa de contratación pública aplicable.

4. Para a subscripción dos acordos marco regulados nesta lei seguirase o procedemento previsto no artigo 197 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

5. Unha vez concluído o acordo marco para a xestión de servizos sociais, a adxudicación dos contratos nel baseados efectuarase aplicando os termos fixados no propio acordo marco, sen necesidade de convocar as partes a unha nova licitación.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, no acordo marco recollerase, en todo caso, que na adxudicación de cada contrato derivado se terá en conta de forma prioritaria, na medida do posible, a libre elección das persoas usuarias destinatarias do servizo de que se trate, con respecto do estipulado no punto 1 deste artigo."

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº19, ao apartado 5 bis), de Adición.

Debe ser engadido un novo punto 5 bis no novo artigo 33 octies do punto Nove do artigo único, co seguinte contido:

"5 bis. En todo caso, cada novo contrato derivado do acordo marco será sometido a unha inspección que comprobe o cumprimento das condicións estipuladas nel, dentro dos seis primeiros meses do seu inicio."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria única. **Continuidade na prestación de servizos e prórroga dos concertos**

Dados os principios de atención personalizada e integral, arraigamento da persoa na contorna de atención social, elección da persoa e continuidade na atención e a calidade, os concertos sociais establecerán fórmulas que garantan a continuidade na prestación destes servizos **no mesmo centro e onde se viña prestando** ás persoas usuarias tanto con anterioridade á publicación desta lei coma cos que se adxudiquen a partir da publicación desta lei, **e preferentemente contando coas mesmas persoas profesionais.**

Mentres non se dite a correspondente normativa de desenvolvemento, prorrogaranse **aqueles concertos vixentes na data de entrada en vigor desta lei, respectando os límites legais aplicables.**

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº8, de Modificación.

Débase modificar a Disposición transitoria única, que quedará redactada co seguinte contido:

"Mentres non se dite a correspondente normativa de desenvolvemento prorrogaranse aqueles concertos ou contratos vixentes na data de entrada en vigor desta lei, respectando os límites legais aplicables."

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº20, ao apartado 1, de Adición.

Debe ser engadida no primeiro parágrafo da disposición transitoria única a seguinte expresión: "...a subrogación do persoal e..." quedando redactado o primeiro parágrafo como segue:

Dados os principios de atención personalizada e integral, arraigamento da persoa na contorna de atención social, elección da persoa e continuidade na atención e a calidade, os concertos sociais establecerán fórmulas que garantan **a**

subrogación do persoal e a continuidade na prestación destes servizos por parte das entidades que os viñan prestando ás persoas usuarias tanto con anterioridade á publicación desta lei coma cos que se adxudiquen a partir da publicación desta lei.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derogatoria única. **Derrogación normativa**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango emanadas dos órganos da Comunidade Autónoma se opoñan ao disposto nesta lei.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

O seu desenvolvemento regulamentario deberase realizar nun prazo non superior a oito meses desde a entrada en vigor.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor aos vinte días, que se contarán desde o seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos.

A Constitución española, no seu artigo 148.1.20º, establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de asistencia social.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, ten por obxecto estruturar e regular como servizo público os servizos sociais de Galicia para a construción do Sistema galego de benestar.

No artigo 29 do seu título II, sobre a prestación dos servizos sociais, regúlanse as formas de prestación dos servizos sociais en Galicia e establécese que os servizos sociais os prestarán as administracións públicas galegas directamente ou, de maneira indirecta, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público, nomeadamente mediante a modalidade de concerto.

No artigo 33 do mesmo título II regúlase o fomento de previsións de índole social na contratación pública e establécese o seguinte:

— Contempla que os pregos de condicións administrativas particulares das licitacións que convoquen as administracións públicas de Galicia en materia de servizos sociais poderán sinalar a preferencia na adxudicación dos contratos ás proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que teñan no seu cadro de persoal un número de traballadoras e traballadores con discapacidade superior ao dous por cento, sempre que as ditas proposicións igualem ás máis vantaxosas.

— Nos termos previstos na normativa de contratación pública, os pregos de cláusulas que rexan a contratación dos servizos sociais poden dar preferencia na adxudicación de contratos, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, ás proposicións presentadas por empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social.

— Na mesma forma e condicións poderá establecerse tal preferencia na adxudicación dos contratos relativos á prestación de carácter social ou asistencial para as proposicións presentadas por entidades sen ánimo de lucro.

Consideramos necesaria unha modificación da Lei de servizos sociais de Galicia co obxectivo de potenciar o papel das

entidades de iniciativa social na prestación de servizos e dotalas dun novo mecanismo que permita impulsar as relacións entre as administracións públicas e as entidades, á vez que dote dunha maior seguridade xurídica as actividades económicas deste sector.

Para iso, cómpre establecer o concerto social como modalidade contractual diferenciada da do concerto xeral recollido na norma xeral de contratos do sector público e, asemade, instaurar os acordos marco para a xestión de servizos sociais coas entidades que prestan servizos sociais coa finalidade de atender na medida en que sexa posible a libre elección da persoa destinataria do servizo de que se trate. Para outra banda, hai que acudir ao dereito comunitario, e en concreto á Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE. A devandita directiva recolle na súa consideración 114 que os estados membros e os poderes públicos seguen tendo liberdade para prestar por si mesmos ou organizar os servizos sociais de modo que non sexa necesario formalizar contratos públicos, sempre que o dito sistema garanta unha publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación.

Polo tanto, tendo en conta a regulación comunitaria e á vista da lexislación doutras comunidades autónomas, na medida en que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a configuración do sistema propio de servizos sociais, acométese a modificación parcial da Lei de servizos sociais coa introdución do concerto social como modalidade diferenciada con respecto á modalidade contractual do concerto xeral recollida no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, garantindo asemade o cumprimento dos principios informadores da normativa estatal e europea en materia de concertación entre a iniciativa pública e privada, así como a figura dos acordos marco para a xestión de servizos sociais coas entidades coa finalidade de atender, na medida en que sexa posible, a libre elección da persoa destinataria do servizo de que se trate.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3. Solicitude de creación dunha Comisión de investigación, por proposta dos dezoito deputados e deputadas do G.P. dos Sociaaalistas de Galicia, sobre a catástrofe que asolou a empresa Fandicosta en Domaio (Moaña) (doc. núm. 51475, 09/SCI-000013)

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados que asinan, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 50, 51 e 52 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte petición de constitución dunha **Comisión de investigación sobre a catástrofe que asolou a empresa Fandicosta en Domaio (Moaña)**.

Exposición de motivos

Na catástrofe que asolou a empresa Fandicosta en Domaio (Moaña) o día 9 de maio deste ano, tense conformado unha opinión xeneralizada de que a xestión por parte da Axencia Galega de Emerxencias presenta serias deficiencias que é necesario corrixir para evitar que volvan a repetirse.

A Axencia impediu aos bombeiros de Vigo acudir ao incendio en Fandicosta ata unha hora despois de iniciado, e a descoordinación no incendio da nave estivo a punto de converter o suceso nunha catástrofe de grandes dimensións, con dous depósitos de amoníaco de 5.000 litros cada un dentro da factoría e dúas gasolineiras e varias vivendas nas inmediacións da mesma.

Segundo o informe dos bombeiros de Vigo, os responsables de coordinar os labores de extinción non deron aviso ao Parque Central de Teis (Vigo), o máis próximo á zona do incendio, a 8 minutos, e foi a propia empresa a que solicitou os servizos a ditos bombeiros.

Ata en tres ocasións, e durante unha hora, desde o 112 denegaron o permiso aos bombeiros vigueses para desprazarse a Domaio (Moaña) e colaborar na extinción do incendio de gran magnitude que estaban a ver desde a súa propia base.

“Desde Santiago indicaron varias veces que non realizásemos unha saída para ese incendio e dicían que non eramos necesarios, que xa avisaran a outros parques mentres nós recibiamos chamadas de Fandicosta e víamos cos nosos propios ollos que aquilo alcanzaba

Grupo Parlamentario

unhas dimensións moi perigosas”, sinalaron fontes próximas ao servizo de extinción de incendios de Vigo.

Cando chegaron alí os bombeiros vigueses atopáronse a só tres efectivos cun vehículo escaleira e unha bomba urbana de Cangas, totalmente desbordados polo incendio. Ademais, outra bomba urbana do Porriño quedouse sen auga e xa non estaba operativa.

A primeira decisión dos bombeiros de Vigo, tras tomar o mando do operativo, foi protexer as outras dúas naves de Fandicosta nas que había dous tanques de amoníaco con 5.000 litros cada un.

Os propios bombeiros ofreceron o martes 10 de maio unha rolda de prensa para denunciar a descoordinación e sinalaron que se perdeu unha hora ata que chegou axuda desde Vigo para dirixir o operativo de extinción.

“Mobilizouse aos parques máis pequenos e, sen apenas medios, mentres que o parque de Vigo estaba cheo de voluntarios con 40 efectivos á espera de que os deixasen acudir, e o mesmo ocorría en Pontevedra”, asegurou Miguel Uclés, presidente da Plataforma de Bombeiros Públicos de Galicia.

“Non se contou cos medios necesarios desde o primeiro momento e a Dirección de Emerxencias debe explicar que pasou e por que mobilizaron aos parques pequenos máis afastados antes que aos grandes como Vigo, onde temos un protocolo especial para grandes incendios e medios que achegar”. Para os bombeiros, a mobilización de medios en Fandicosta “foi inapropiada”, dilatáronse os tempos de resposta “de maneira innecesaria” e houbo graves “carencias”.

Os propios profesionais sinalaron que é imprescindible que á Xunta de Galicia abra unha investigación para coñecer “todo o que sucedeu” durante os labores de extinción do incendio declarado o día 9 de maio nas instalacións da empresa Fandicosta. Así como “a elaboración dun novo protocolo de actuación” elaborado por expertos.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O propio presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, manifestou que o servizo coordinador de Emerxencias “ten que explicar” se os protocolos activáronse “de forma correcta” e se “todo funcionou de forma inmediata”, pero o certo é que ata o de agora non o fixo, e as explicacións dadas polo vice-presidente da Xunta de Galicia no Parlamento a preguntas deste grupo foron na nosa opinión insuficientes, insatisfactorias e contraditorias.

O presidente Feijoo tamén dixo que a Xunta está analizando e vendo as chamadas, os contactos e os rexistros dese día nos servizos de emerxencias e ten indicado que “quén mobiliza aos bombeiros de Galicia son os bombeiros de Galicia”, unha simpleza, que agocha a incapacidade do presidente ante as declaracións do alcalde de Vigo pedindo responsabilidades... “sempre hai que buscar culpables para non asumir responsabilidades”. Ante o inexplicable do argumento, solicitamos copia da transcripción literal das comunicacións da Axencia Galega de Emerxencias e do 112 en relación co incendio na factoría Fandicosa en Domaio (Moaña).

O vicepresidente, Alfonso Rueda, na súa liña habitual, saíu ao paso das críticas botando fora as culpas, “que sempre veñen das mesmas persoas cando se produce un sinistro desta magnitude...” explicación certamente incomprendible. Polo tanto, é necesario coñecer por qué a Xunta de Galicia preferiu que se mobilizasen tres parques menores e máis afastados, en vez do máis numeroso e mellor dotado e próximo a Vigo.

O vicepresidente Rueda que ten defendido que se coordinou “adecuadamente” no lume de Fandicosta, pero a vez que se abría a cambialos protocolos se así o determinan os técnicos/as. É necesario, polo tanto, investigar a situación e estudar as diferentes vías de actuación. De feito, confirmou que se ía a abrir unha investigación para revisar cómo se desenvolveu o operativo e determinar si os protocolos deben de ser reformados.

O Goberno galego ten creado durante os últimos anos un sistema xestionado por empresas privadas que opera nas comarcas e que se ten mostrado que presenta graves carencias. Ao acudir a realizar unha

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

intervención nunha fábrica como a de Fandicosta, os consorcios privados como os de Morrazo, Porriño ou Ribadumia poden pasar a factura dos gastos á compañía de seguros, falamos en realidade de puro negocio. Tamén o propio servizo de atención telefónica 112, primeiro punto de contacto entre a emerxencia e a axuda, foi subcontratado a unha empresa de publicidade telefónica.

Polo tanto, ante a alarma xerada pola negativa da Xunta de Galicia a través da Central de Emerxencias 112 durante unha hora a que os bombeiros de Vigo, o corpo con medios materiais e humanos máis importante da provincia de Pontevedra, colaborasen na extinción do lume que tivo lugar na factoría da empresa Fandicosta en Domaio – Moaña.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia solicita a creación dunha **Comisión de Investigación sobre as actuacións desenvolvidas pola Axencia de Emerxencias de Galicia e o 112 en relación co lume na factoría Fandicosta en Domaio (Moaña).**

Pazo do Parlamento, 14 de xuño de 2016

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/06/2016 11:30:53

Emilio Vázquez Blanco na data 14/06/2016 11:31:06

Noela Blanco Rodriguez na data 14/06/2016 11:31:11

José Ramón Val Alonso na data 14/06/2016 11:31:19

 Grupo Parlamentario

María del Carmen Acuña do Campo na data 14/06/2016 11:31:25

María Soledad Soneira Tajés na data 14/06/2016 11:31:30

María Concepción Burgo López na data 14/06/2016 11:31:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/06/2016 11:31:45

Pablo García García na data 14/06/2016 11:31:51

Jose Luis Méndez Romeu na data 14/06/2016 11:31:58

Raúl Fernández Fernández na data 14/06/2016 11:32:04

Carmen Gallego Calvar na data 14/06/2016 11:32:10

José Manuel Gallego Lomba na data 14/06/2016 11:32:16

Juan Carlos González Santín na data 14/06/2016 11:32:23

José Antonio Sánchez Bugallo na data 14/06/2016 11:32:29

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 14/06/2016 11:32:35

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 14/06/2016 11:32:39

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 14/06/2016 11:32:43

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 51384(09/MOC-000188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Moción consecuencia da Interpelación nº. 3778, publicada no BOPG nº. 58, do 26.02.2013 e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

Publicación da iniciativa, 659, 15.06.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2016 12:25
Nº Rexistro: 51384
Data envío: 10/06/2016 12:25:55.150



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Moción**, para substanciar a Interpelación (doc. 3778) debatida na sesión plenaria celebrada o día 7 de xuño de 2016, sobre a valoración do Goberno galego do incumprimento dos compromisos electorais en materia de servizos e emprego públicos e as previsións respecto da rectificación da política que está a seguir ao respecto

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar a convocatoria de oferta pública de emprego deste ano para devolver o número de persoal fixo da Administración autonómica aos mesmos niveis no ano 2009.
2. Aplicar un criterio único rexido baixo os criterios de transparencia e publicidade das listas de contratación temporal en toda Administración pública galega e organismos dependentes dela, para garantir que poidan ser consultadas.
3. Derrogar a Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así coma os artigos da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, que consoliden os devanditos retallos aplicados aos empregados e empregadas públicos.
4. Devolver á vixencia na súa totalidade o Convenio Colectivo Único de Persoal Laboral.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2016 12:25
Nº Rexistro: 51384
Data envío: 10/06/2016 12:25:55.150



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. Retomar a negociación colectiva, no prazo máximo dun mes, a través da constitución dunha mesa de negociación na que estea representada a Administración autonómica e as centrais sindicais da función pública, para tratar a perda de poder adquisitivo acumulado desde o ano 2012, especialmente coa redución do 40 % do específico ou cantidade equivalente, nas pagas extra de 2013, 2014, 2015 e 2016, co obxectivo de establecer un acordo plurianual que restituía a débeda acumulada, ademais doutros dereitos de carácter social arrebatados, coma a eliminación das axudas do Fondo de Acción Social.

Pazo do Parlamento, 10 de xuño de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 10/06/2016 12:17:52

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/06/2016 12:18:00

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 51385(09/MOC-000189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais. (Moción consecuencia da Interpelación nº. 42684, publicada no BOPG nº. 539, do 21.10.2015 e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

Publicación da iniciativa, 659, 15.06.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2016 12:51
Nº Rexistro: 51385
Data envío: 10/06/2016 12:51:02.478



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María del Carmen Acuña do Campo na data 07/06/2016 20:05:17

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/06/2016 20:05:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 50551(09/PNP-003711)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva

Publicación da iniciativa, 646, 19.05.2016



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade dun marco galego de relacións laborais e á defensa da negociación colectiva en Galiza.

Os cambios introducidos nos anos 2011 e 2012 polos sucesivos gobernos españois na normativa legal a través do Real Decreto Lei 7/2011, Real Decreto Lei 3/2012 e a Lei 3/2012, supuxeron unha modificación moi importante do Estatuto dos Traballadores en materia de negociación colectiva, en temas fundamentais como a aplicación e interpretación do convenio colectivo, a flexibilidade interna, a estrutura da negociación colectiva, a lexitimación para negociar ou a concorrencia, prevalencia, contido e vixencia dos convenios colectivos.

A prioridade dos convenios de empresa fronte aos de sector podendo rebaixar o que estes recollen, o limitar a ultraactividade dos convenios a un período máximo dun ano, a facilidade ou a liberdade das empresas para non aplicar un convenio colectivo, teñen xerado un panorama realmente desolador. O contido dos convenios empeorou; os salarios nuns casos diminuíron, noutros quedaron conxelados e noutros tiveron uns incrementos ridículos; cada vez, inaplícanse máis convenios ou simplemente non se negocian e incrementanse as desigualdades salariais entre traballadores e traballadoras dunha mesma empresa e mesmo entre empresas dentro dun mesmo sector.

Esta é a dura realidade que exemplifica en que medida estas reformas da negociación colectiva están a prexudicar os intereses da clase traballadora xerando un



marco de negociación claramente desequilibrado a favor dos intereses da patronal. Estamos a falar, pois, de cambios na normativa laboral, feitos conscientemente polos gobernos españois correspondentes, coa finalidade de provocar unha caída xeneralizada dos salarios, dividir a clase traballadora pola vía da atomización dos convenios e a individualización da negociación das condicións laborais, en definitiva, matar o principal instrumento de participación e de conquista de melloras salariais e laborais que teñen os traballadores e traballadoras.

Este proceso de deterioración das condicións de traballo de amplos sectores da clase obreira, veuse á súa vez agudizado coas sucesivas contrarreformas laborais que facilitaron e abarataron o despedimento, flexibilizaron a contratación facilitando o fraude e a precarización da mesma, facilitaron modificación substancial das condicións de traballo e a distribución irregular da xornada, etc., baixo a falsa xustificación de ser políticas necesarias para poder saír da crise, pondo interesadamente como unha das causas principais da orixe e saída desta as supostas rixideces do mercado laboral, agochando así as verdadeiras razóns desta crise que teñen a súa orixe no modelo económico financeiro de economía especulativa.

Todas estas reformas laborais viñeron a mudar, pois, a razón de ser do dereito do traballo, como un dereito tuitivo e protector da parte máis débil nas relacións laborais, a clase traballadora, para convertelo nunha ferramenta económica ao servizo do beneficio e a competitividade empresarial.

Estamos, xa que logo, nunha situación de emerxencia para a clase traballadora que require por unha banda a derogación do Real Decreto Lei 7/2011, Real Decreto Lei 3/2012 e a Lei 3/2012 e, por outra, recuperar o protagonismo e o fortalecemento da negociación colectiva e iso non é posíbel sen a participación activa da clase traballadora, o cal implica promocionar e potenciar os ámbitos de negociación no que sexan os traballadores e traballadoras afectados, así como os empresarios, os



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2016 13:42
Nº Rexistro: 50551
Data envío: 12/05/2016 13:42:26.105

verdadeiros protagonistas a hora de decidir sobre o que se negocia, se acorda e en que termos se fai a negociación. Estamos a falar pois de que calquera ámbito de negociación que afaste esta dos seus directos beneficiarios e dificulte o acceso á información, a toma de decisións e o control sobre esta, debe ser desbotado. En coherencia con isto, consideramos contrario aos intereses da clase traballadora e a unha dinámica que supoña o fortalecemento da negociación colectiva, calquera proceso de estatalización dos convenios hoxe existentes en Galiza, no ámbito provincial ou de empresa.

Todo isto lévanos a reafirmarnos na necesidade de que toda a negociación colectiva debe desenvolverse no ámbito galego, baixo o estrito control e interese da clase traballadora e da patronal galegas, priorizando as unidades de negociación sectorial máis próximas e apostando polo tanto responsabelmente a defender de forma colectiva a autorregulación dunha materia que ten que ser básica a hora de fixar as condicións de traballo e adaptalas á realidade social e económica de Galiza. O cumprimento deste obxectivo contribuiría a superar a realidade que se dá hoxe de que calquera referencia comparada coa media do Estado, do mercado laboral en Galiza, no que se refire a salarios, precariedade, pensións, sinistralidade, emprego e emigración, é negativa para a clase traballadora galega o que pon de manifesto a evidencia de factores estruturais que se obxectivan ao abeiro do marco actual e que polo tanto fan imprescindible a necesaria reversión deste marco de relacións laborais.

O respecto a un marco propio de negociación e de relacións laborais en Galiza foi o que motivou a iniciativa de creación no campo institucional de organismos como o Consello Económico e Social (CES) e o Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL). A importancia tamén dese marco propio de negociación ponse de manifesto no peso moi maioritario que tradicionalmente tiveron en Galiza os convenios provinciais de sector ou de empresa. O propio CGRL ten elaborado informes e feito pronunciamentos no sentido da importancia dun Acordo Marco Interconfederal en Galiza que contribuíse a fortalecer a negociación colectiva en Galiza e a superar a actual



estrutura atomizada, dispersa e non ben articulada, con sectores sen regulación e outros con problemas de colisión de ámbitos de aplicación.

Diante da situación descrita nos parágrafos anteriores, recoñecendo o carácter da negociación colectiva como fonte de dereito que nos pode permitir superar, en certa medida, o hándicap de que as competencias lexislativas nesta materia sexan do Estado e tendo en conta que é unha peza clave nas relacións laborais en Galiza a hora de fixar as condicións de traballo, dereitos e obrigas, nun sector ou empresa, entre empresari@s e traballador@s, en función da nosa propia realidade socioeconómica e laboral, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda, como resolución, a seguinte declaración de vontade:

1.- Defender a necesidade dun marco galego de relacións laborais.

2.- A defensa dun marco galego de relacións laborais debe conlevar:

a) Que os convenios sectoriais provinciais, autonómicos ou doutro nivel superior ao de empresa, teñan prevalencia non só sobre o convenio de empresa, senón tamén sobre os estatais. Igualmente os acordos sobre materias concretas ou acordos de estrutura a nivel de Galiza deben prevalecer sobre aqueles de ámbito estatal de semellantes características.

b) Reforzar a garantía da ultraactividade ilimitada do convenio colectivo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2016 13:42
Nº Rexistro: 50551
Data envío: 12/05/2016 13:42:26.105

c) Que os convenios sectoriais teñan a consideración de dereitos básicos, polo cal ningún convenio de empresa poderá establecer condicións inferiores ás determinadas polos convenios sectoriais de referencia.

3.- O Parlamento galego acorda apoiar todas aquelas iniciativas, sindicais ou lexislativas, que contribúan a facer viábel este pronunciamento.

4.-O Parlamento galego aproba así mesmo, dar traslado deste pronunciamento a todas as organizacións empresariais e sindicais actuantes en Galiza, así como o Consello Galego de Relacións Laborais.”

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 12/05/2016 13:41:32

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 12/05/2016 13:41:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 50798(09/PNP-003739)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Goldar Güimil, Jesús Antonio e 14 máis

Sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de dezaioito anos

Publicación da iniciativa, 652, 01.06.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2016 17:29
Nº Rexistro: 50798
Data envío: 24/05/2016 17:29:20.827

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Jesús Goldar Güimil, Alejandro Gómez Alonso, Miguel Tellado Filgueira, Cristina Romero Fernández, Enrique Nóvoa López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Gonzalo Trenor López, Jaime Castiñeira Broz, Maite Cancelo Márquez, Rosa Oubiña Solla, Berta Pérez Hernández, Elena González Sánchez, Javier Guerra Fernández, Jacobo Moreira Ferro e Javier Dorado Soto**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado día 12 de maio, o Presidente da Xunta de Galicia anunciou publicamente, trala súa aprobación polo Consello de Goberno, a posta en marcha dunha nova medida de marcado carácter social e que consistirá na implementación da gratuidade do transporte metropolitano interurbano para os menores e as menores de 18 anos.

Coa devandita medida o goberno de Galicia pretende acadar varios obxectivos, entre os que destacan o de garantir un mellor futuro dos nenos, e nenas, e da mocidade galega; promover o uso do transporte público e a accesibilidade ao mesmo; axudar á economía das familias con menores que se suma ás bonificacións xa existentes -que supoñen aforros medios de arredor de 600 € anuais e a bonificación adicional ás familias numerosas-, máis tamén pretende educar aos nenos e nenas, e mozos e mozas, no uso do transporte público.

A aplicación desta nova medida social, cun investimento anual de 2 millóns de euros por parte do goberno galego, suporá que arredor de 250.000 mozas e mozos galegos menores de 18 anos poderán beneficiarse dela; e será especialmente relevante para os rapaces e rapazas de ensinanza non obrigatoria, na cal o transporte escolar non é gratuito. Deste xeito, amplíase agora ata os 18 anos a gratuidade nos desprazamentos aos centros educativos e esténdese a gratuidade do transporte noutros desprazamentos habituais.

Non obstante, este Grupo Parlamentario entende que a aplicación desta importante medida no ámbito sobre o que a Xunta de Galicia ten competencia, isto é, sobre o transporte metropolitano interurbano das áreas de Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago, Vigo e Ourense, debera completarse coa súa extensión ao ámbito do transporte urbano, no que os concellos teñen competencia exclusiva, sempre e cando estes concellos

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2016 17:29
Nº Rexistro: 50798
Data envío: 24/05/2016 17:29:20.827

verdadeiramente teñan interese en mellora-lo futuro da mocidade galega ao tempo que promocionan o seu transporte urbano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei para en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a que solicite aos concellos que contan actualmente con transporte urbano, isto é, A Coruña, Lugo, Santiago, Vigo e Ourense, a que durante o ano 2016 adopten cantas medidas sexan necesarias có fin de estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de 18 anos.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/05/2016 17:26:05

Jesus Goldar Guimil na data 24/05/2016 17:26:15

Alejandro Gómez Alonso na data 24/05/2016 17:26:23

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/05/2016 17:26:33

Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/05/2016 17:26:42

Enrique Novoa López na data 24/05/2016 17:26:50

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 24/05/2016 17:26:57

Gonzalo Trenor Lopez na data 24/05/2016 17:27:05

Jaime Castiñeira Broz na data 24/05/2016 17:27:12

María Teresa Cancelo Márquez na data 24/05/2016 17:27:20

Rosa Oubiña Solla na data 24/05/2016 17:27:30

Berta Pérez Hernández na data 24/05/2016 17:27:37

Elena Cruz González Sánchez na data 24/05/2016 17:27:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Javier Jorge Guerra Fernández na data 24/05/2016 17:27:52

Jacobo Moreira Ferro na data 24/05/2016 17:28:04

Javier Dorado Soto na data 24/05/2016 17:28:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.4 50889(09/PNP-003756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e 2 máis

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións
necesarias para garantir o mantemento dos centros produtivos
e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia

Publicación da iniciativa, 652, 01.06.2016



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e dos deputados **Cosme Pombo Rodríguez** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á posíbel venda das factorías de Alcoa en Galiza

Segundo diferentes informacións recollidas nos medios de comunicación Alcoa está a estudar distintas opcións para os seus centros produtivos de Galiza e Asturias. Fontes do sector aseguran que Alcoa baralla todo tipo de escenarios, onde especialmente cobra forza a opción da venda de varios dos seus centros produtivos, dentro dun proceso de reordenación das actividades da compañía. Mentres, Alcoa non está a proporcionar información sobre esta situación.

Na actualidade, o grupo conta con 58.000 empregados en todo o mundo en numerosos centros produtivos en trinta países dedicados á fabricación de titanio, níquel e aluminio, ademais doutros compoñentes como bauxita e alúmina para aleacións. A multinacional, con vendas de máis de 23.000 millóns de dólares ao ano e unha capitalización bursátil de máis de 12.000 millóns de dólares, é un dos tres maiores grupos industriais do sector do aluminio no mundo.

En Galiza conta con tres centros de produción, un na Coruña e dous en San Cibrán, Lugo. Segundo diferentes fontes, estímase que a fábrica da Coruña e



un dos centros de San Cibrán poderían entrar dentro do plan de revisión de activos do grupo. Temos que salientar que a a nivel de emprego, a planta da Coruña conta con preto de 400 traballadores. Nos dous centros de San Cibrán hai 1.300 traballadores, máis outros 600 ligados a empresas auxiliares.

Cómpre recordar que Alcoa consolidouse no Estado Español a través da compra da antiga Empresa Nacional do Aluminio (Inespal). Foi un Goberno do Partido Popular a que privatizou esta empresa, cun xeito de actuar similar ao doutros procesos de privatización: a empresa obtivera máis de 12.000 millóns de pesetas de beneficio, nos dous anos anteriores á venda. Porén, a súa venda supuxo para o estado máis de 456 millóns de euros de perdas e aínda por riba Alcoa incumpriu todos os compromisos ligados á compra.

Así, o prezo de venda foi de 410 millóns de dólares, reducida despois en 109 millóns de dólares. Así mesmo, o estado comprometíase, como contrapartida, a fornecer enerxía a un prezo durante durante 10 anos (1998-2007) 3.840 ptas/mw e cinco anos suplementarios a 4.240 ptas/mw, tendo que poñer o estado a diferenza entre ese prezo e o prezo real de mercado até un tope de 410 millóns de dólares. Ademais, o estado debería asumir ata un tope de 65 millóns de dólares en gastos medioambientais.

Por todo isto o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza.”

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2016

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Cosme Pombo Rodríguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 25/05/2016 18:46:27

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 25/05/2016 18:46:34

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 25/05/2016 18:46:42

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.5 50903(09/PNP-003757)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica e Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias reflectidas no informe presentado pola organización de conservación da natureza World Wildlife Fund respecto do Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia

Publicación da iniciativa, 652, 01.06.2016

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Mónica Fernández Rodríguez** e **Consuelo Martínez García** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo da celebración do Día Europeo da Rede Natura 2000, o 21 de maio, World Wildlife Fund (WWF) que é unha das organizacións de conservación da natureza máis importantes del mundo, vén de presentar un informe sobre o grao de desenvolvemento dos plans de xestión destes espazos protexidos dentro do estado español. A Galiza lle corresponde a valoración máis negativa, en virtude da análise do Plan Director da Rede Natura 2000, aprobado en 2014.

Segundo WWF, o Plan Director da Rede Natura 2000 falla á hora de identificar as ameazas, os obxectivos de conservación son moi xenéricos, o que dificulta comprobar o seu cumprimento. As medidas propostas non aseguran a conservación de todas as especies e hábitats de interese comunitario e están descritas de xeito superficial, e non se describen as fontes de financiamento.

O documento resulta completamente insuficiente para a correcta xestión da Rede Natura 2000 en Galiza, e de manterse en vigor habería que facer plans específicos para cada un dos espazos.

WWF demándalle á Comisión Europea que lle esixa ao Goberno español que unifique criterios e que cumpran os requisitos legais mínimos e teñan os correctos financiamentos.

1



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2016 13:51
Nº Rexistro: 50903
Data envío: 26/05/2016 13:51:47.772

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Solucionar as deficiencias do Plan Director da Rede Natura 2000 contempladas neste estudo para cumprir cos requisitos legais mínimos.
- Facer os plans específicos para cada un dos espazos de Rede Natura 2000.
- Apostar por políticas de conservación cunha maior definición e protección axeitada no territorio galego e dotados dun correcto financiamento.”

Pazo do Parlamento, a 26 de maio de 2016

Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez

Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asdo.: Consuelo Martínez García

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 26/05/2016 13:51:19

María Consuelo Martínez García na data 26/05/2016 13:51:26



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.6 50924(09/PNP-003759)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 656, 08.06.2016

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, José Manuel Gallego Lomba, Pablo García García, José Antonio Sánchez Bugallo, Abel Losada Alvarez, Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno da Xunta de Galicia ten elaborado un proxecto de decreto para a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na nosa Comunidade Autónoma.

Como é habitual na práctica do Goberno galego, na elaboración do mencionado documento unicamente se contou cunha parte do sector, quedando fóra sensibilidades sociais esenciais. A maiores, contén medidas abusivas de difícil cumprimento que semellan pretender, sen xustificación racional, a eliminación de vivendas do mercado de alugamento vacacional.

O Grupo Parlamentario Socialista entende necesaria unha ordenación e regulación do alugamento vacacional, pero sempre feita dende a transparencia, cunha ordenación clara, dando acollemento a todos os sectores e coa finalidade de potenciar o turismo en Galicia como elemento dinamizador.

Por iso é imprescindible a participación dos propietarios dos inmobles, que son moitos, para así poder contemplar as súas necesidades e obxectivos e canalizar toda a enerxía do sector en aras dun mellor servizo aos potenciais turistas. E iso porque o alugamento vacacional é tendencia e contribúe ao crecemento das economías dunha boa parte dos concellos de Galicia. A demanda de alugamento vacacional medra ano tras ano, o que demostra unha gran satisfacción por parte do cliente que se hospeda neste tipo de aloxamentos.

Sanxenxo (en Pontevedra) é o exemplo de vila turística en Galicia. Hai moitas familias que teñen vivendas que alugan nas vacacións e ocorre que



 Grupo Parlamentario

os requisitos que se esixen neste proxecto para que esas vivendas poidan seguir alugándose na tempada estival son de moi difícil cumprimento, o que pode chegar a provocar que case a totalidade non se puidesen alugar, co que suporía para o impacto económico na economía deste concello, da provincia de Pontevedra e de toda Galicia. Porque na mesma situación han de estar Baiona, Cedeira ou Foz, por poñer varios exemplos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Retirada do proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Elaboración dun novo documento para regular a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico, cuns requisitos mínimos e contando coa participación dunha representación dos propietarios destes inmobles.

Pazo do Parlamento, 27 de maio de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

José Manuel Gallego Lomba

Pablo García García

José Antonio Sánchez Bugallo

Abel Losada Alvarez

Noela Blanco Rodríguez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2016 10:38
Nº Rexistro: 50924
Data envío: 27/05/2016 10:38:32.897



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/05/2016 10:31:41

José Manuel Gallego Lomba na data 27/05/2016 10:31:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo García García na data 27/05/2016 10:31:54

José Antonio Sánchez Bugallo na data 27/05/2016 10:32:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/05/2016 10:32:08

Noela Blanco Rodríguez na data 27/05/2016 10:32:14

Jose Luis Méndez Romeu na data 27/05/2016 10:32:22

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.7 51317(09/PNP-003792)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón e 5 máis

Sobre a aplicación polo Goberno galego, para o curso 2016-2017, dunha tarifa de matrícula reducida a todos os estudantes universitarios sen dereito á docencia procedentes das antigas licenciaturas e dos novos graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior

Publicación da iniciativa, 659, 15.06.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2016 17:18
Nº Rexistro: 51317
Data envío: 08/06/2016 17:18:06.041



Á MESA DO PARLAMENTO

Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso e Xosé Manuel Beiras Torrado** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para a seu debate en Pleno**, sobre os prezos públicos das matrículas universitarias de materias sen dereito a docencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A chamada crise económica está a afectar de xeito agresivo ás clases populares do noso país, someténdolas a un contexto de continuos recortes de dereitos. Nesta conxuntura histórica, para moitas familias Galegas resulta imposible poder asumir o custe dos estudos universitarios dos seus fillos, volvéndose así a tempos xa superados nos que só os estudantes de procedencia adiñeirada podían acceder a un título universitario.

O Goberno galego presume acotío de conxelar o prezo das matrículas universitarias....mais nun contexto de continuos recortes dos orzamentos das universidades públicas galegas, este feito tradúcese nun novo recorte repercutido nos recursos dispoñibles para o Sistema Universitario Galego.

Cada ano centos de estudantes son requiridos por impago da matrícula universitaria, sendo estas débedas a causa pola que moitos deles e delas abandonan as súas carreiras universitarias ou se ven obrigados a compaxinar os

estudos con traballos precarios para poder asumir os gastos de matrícula, transporte, estadía e manutención.

Alternativa galega de Esquerda defende unha Universidade Pública á que poda acceder todo o alumnado con independencia da súa capacidade económica. Compre pois introducir medidas de xustiza fiscal que rachen coas barreiras existentes neste momento.

Unha clara mostra desta situación de inxustiza prodúcese na falla de adecuación dos prezos universitarios naquelas titulacións nas que desapareceu o dereito a docencia.

Compre dicir que o prezo das taxas universitarias xustifícase en boa medida, como unha contribución dos e das estudantes para facer fronte á docencia recibida, incluíndo as clases teóricas, as prácticas, laboratorio etc...sendo este prezo variable en función do custe estimado das diferentes titulacións.

Aínda que a categoría de materias con dereito a exame sen docencia foi recollido nos Decretos de prezos públicos universitarios, a súa aplicación restrinxíuse unicamente ás antigas Licenciaturas. Unha decisión que a priori pode parecer lóxica, posto que non cabía esperar que existisen materias sen docencia nos Graos apenas uns anos transcorridos despois da implantación do EEES.

Con todo, existen hoxe máis de 1000 estudantes só na Universidade de Vigo, que cursan plans de Grado a extinguir, e que polo tanto se ven obrigados a pagar os mesmos prezos que o resto de estudantes, sen ter con todo dereito a docencia, avaliación continua ou titorías.

Por todo elo consideramos imprescindible establecer unha medida de equidade de xeito que se garanta un prezo xusto a todo o estudantado que non ten dereito a docencia independentemente da súa titulación de procedencia.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a aplicar unha tarifa reducida a todas e todos os estudantes universitarios sen dereito a docencia procedentes das antigas Licenciaturas e dos novos Graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior, aplicando un prezo que, de acordo co decreto de prezos vixente neste momento, se situaría nos 20 euros por materia harmonizando así as diferentes casuísticas.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 08/06/2016 17:14:03

Jose Javier Ron Fernandez na data 08/06/2016 17:14:15

Anton Sánchez García na data 08/06/2016 17:14:23

Eva Solla Fernández na data 08/06/2016 17:14:32

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/06/2016 17:14:39

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/06/2016 17:14:48

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.8 51285(09/PNP-003787)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación co baremo para a valoración do
grao de discapacidade das persoas con enfermidades
neurodexenerativas, e os seus procesos de revisión e
actualización

Publicación da iniciativa, 659, 15.06.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2016 09:30
Nº Rexistro: 51285
Data envío: 07/06/2016 20:07:03.439



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María de los Ángeles Ferreiro Vidarte, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Álvarez e María Carmen Acuña do Campo, a través da voceira, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As enfermidades neurodexenerativas teñen como atributo común o curso progresivo dos seus síntomas, reflicten o dano paulatino dunha parte ou partes do sistema nervioso. Todas elas presentan algunhas características clínicas comúns, en canto que o seu comezo é insidioso, e o seu curso é crónico e progresivo. Non teñen un tratamento etiolóxico e as actuacións terapéuticas son sintomáticas nalgúns casos e paliativas en todos eles. A intervención centrase, en xeral, en aliviar a dor, a incapacidade e as posibles complicacións que acurtan a vida. Xeran un terrible padecemento físico e psíquico entre os que as sofren e entre os seus familiares. Ademais, as súas repercusións socioeconómicas son moi importantes, pois ao propio proceso da enfermidade hai que sumarlle o impacto psíquico, a mingua na calidade de vida, a incapacidade laboral, a perda de habilidades sociais, a carga física e psíquica do persoal coidador destas persoas e o enorme gasto económico que implica a súa atención social e sanitaria.

As persoas con discapacidade por enfermidades neurodexenerativas non responden ao patrón doutras discapacidades e o sistema, pola súa inadecuación ás súas necesidades específicas, fai que en moitos casos se dean situacións claras de desprotección social. Así, prodúcense situacións de total desamparo porque non se acada un grao de discapacidade mínimo recoñecido. O sistema de valoración non é axeitado nin sensible para medir a realidade da súa discapacidade. Neste sentido, o recoñecemento adoita producirse demasiado tarde, cando a persoa acadou un grave nivel de deterioro físico. Cando a realidade, é que o acceso a servizos e recursos especializados son básicos para previr ou paliar os efectos da enfermidade e para atender ás persoas e ás súas familias. O recoñecemento do 33 % na

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

discapacidade das persoas diagnosticadas con enfermidades neurodexenerativas, con independencia da valoración, contribuiría a mellorar o seu acceso a recursos, servizos ou prestacións e evitaría que se xeren posibles situacións de desprotección como as que se están xerando na actualidade. Compensaríase así a especificidade en canto á variabilidade dos cursos destas enfermidades.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno de España para:

1º. Que atenda as peticións das asociacións de persoas con enfermidades neurodexenerativas, tendo en conta todas as especificidades destas enfermidades nos procesos de revisión e actualización dos baremos, buscando en todo momento poder realizar os procesos de valoración con equidade e atendendo ás características do avance do proceso dexenerativo.

2º. Que lle solicite a modificación do baremo para a avaliación do grao de discapacidade recoñecendo, tralo diagnóstico de enfermidades neurodexenerativas, unha porcentaxe de discapacidade do 33 %, independentemente da propia valoración que compense a especificidade en canto a variabilidade de xeración e de explotación que os cursos destas enfermidades xeran.

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2016

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 07/06/2016 20:04:48

Carmen Gallego Calvar na data 07/06/2016 20:04:59



 **Grupo Parlamentario**

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 07/06/2016 20:05:09

María del Carmen Acuña do Campo na data 07/06/2016 20:05:17

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/06/2016 20:05:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 44913(09/INT-001706)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación demográfica de Galicia e as súas consecuencias para a economía e a sociedade

Publicación da iniciativa, 573, 16.12.2015

Á Mesa do Parlamento

M^a Soledad Soneira Tajés, José Luis Méndez Romeu, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Álvarez e Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**

A situación demográfica galega estase a converter nun problema crónico que non ten visos de ser revertido coas receitas que o Goberno galego di cociñar. Os datos son dramáticos e concluíntes, segundo recolle o Instituto Galego de Estatística (IGE).

Entre o 31 de decembro de 2011 e novembro de 2015, o número de afiliados a Seguridade Social decreceu en 36.820 persoas. No mesmo período os ocupados son 50.300 menos. Todos estes datos laborais serían contraditorios, aparentemente, coa evolución do paro rexistrado que nos di, nese mesmo período de tempo, que ten decrecido en 42.497 persoas.

Como se explica entón este aparente contrasentido? Pois votándolle un ollo aos datos de movemento da poboación que o IGE vén de facer públicos nestes días. Estes datos amósannos unha terrible realidade: que os galegos e as galegas non se apuntan ao paro senón que optan pola emigración a outros lugares de España ou ao estranxeiro.

O IGE dinos que, en 2014, saíron de Galicia 30.154 persoas, das que 10.292 fixérono ao estranxeiro. Esta situación non se corrixe coa chegada de inmigrantes ou cos procedentes doutras comunidades autónomas xa que o saldo migratorio foi de 2.279 persoas menos que as que se viron forzadas a saír fóra da nosa Comunidade Autónoma. Este fenómeno tampouco é novo xa que se vén producindo dende 2012 en Pontevedra e dende 2013 no conxunto de Galicia.

E o fenómeno segue con máis virulencia, se cabe. No primeiro semestre deste ano Galicia perdeu 8.365 habitantes entre a suma das baixas vexetativas e a emigración que volve a ser un recurso ao que volven os



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

fillos e os netos daqueles que xa o fixeron nos anos 60 e 70. Nese período 4.582 residentes en Galicia emigraron ao estranxeiro e 7.248 trasladaron a súa residencia a outra comunidade autónoma do Estado. Pola contra, solo 10.595 persoas trasladáronse a vivir entre nós. O saldo migratorio, nestes seis meses, supón unha diferenza de 1.235 persoas menos que se incorporan ao censo galego con respecto ás que decidiron abandonar a nosa terra.

Esta preocupante realidade, que non parece que se vai corrixindo senón todo o contrario, lévanos a formular a seguinte Interpelación:

- 1.^a) Ten deseñado o Goberno galego algún mecanismo de estudo, análise e diagnose das causas, evolución e consecuencias do fenómeno demográfico que se amosa nesta iniciativa, para a economía e a sociedade galega a curto, medio e longo prazo?
- 2.^a) Existe algún proxecto, iniciativa ou estratexia que permita facer fronte a esta preocupante deriva demográfica?
- 3.^a) Con que recursos económicos conta e en que período de tempo se estima para a súa posta en marcha e finalización?
- 4.^a) Que obxectivos se pretenden acadar con esas medidas?
- 5.^a) Considera a Xunta de Galicia que o rexistro de parados (INEM) reflicte a realidade laboral do país?
- 6.^a) Como casar esa realidade coa mingua de afiliacións á Seguridade Social e o número de ocupados?

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2015

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
José Luis Méndez Romeu
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Álvarez
Vicente Docasar Docasar
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2015 12:21
Nº Rexistro: 44913
Data envío: 10/12/2015 12:21:44.145



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 10/12/2015 12:14:15

Jose Luis Méndez Romeu na data 10/12/2015 12:14:25

Carmen Gallego Calvar na data 10/12/2015 12:14:33

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 10/12/2015 12:14:38

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 10/12/2015 12:14:43

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 51050(09/INT-001979)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a política de prevención e defensa contra incendios
forestais da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 656, 08.06.2016



Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

Recentemente ven de aprobarse o Plan de defensa contra incendios forestais de Galiza (Pladiga 2016).

Pouco hai de salientábel de dito Plan. O Goberno Galego prosigue e persiste nun modelo de desmembración do dispositivo. Moita propaganda en canto ao número de efectivos na loita contra incendios, con datos moi afastados da realidade. Paulatina e progresiva desprofesionalización do dispositivo. Secundarización das medidas de prevención e por suposto da política forestal cunha perspectiva preventiva. E finalmente, unha previsión de descenso do número de incendios nun 8% que non se explica en que datos ou parámetros obxectivos se sustenta.

Porén, malia existiren datos máis que dabondo en relación con que está mudando a tipoloxía do fenómeno ao que nos enfrontamos nada se ten analizado en relación non este asunto. A nova e cada vez máis presente tipoloxía de incendios periurbanos ou no interface urbano-forestal non atopa ningún reflexo neste plan, nin na súa análise nin no establecemento de mecanismos para abordalos.

Estas son as razóns polas que a deputada asinante formula a seguinte Interpelación:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2016 16:30
Nº Rexistro: 51050
Data envío: 31/05/2016 14:14:19.092

- 1.- Non ten previsto acometer en relación coa configuración do dispositivo de loita contra incendios forestais en Galiza tendo en conta a nova tipoloxía de incendios?
- 2.- Considera que o dispositivo deseñado é o óptimo no caso de se produciren situacións meteorolóxicas extremas combinadas cunha actividade incendiaria intensa?
- 3.-Segue mantendo que a opción de fraccionar o dispositivo é eficaz?
- 4.- Non considera que isto compromete a coordinación do dispositivo e a aplicación do principio do mando único?
- 5.- Parécelle acaído retroceder a un modelo xa superado e que se ten demostrado xa fracasado pola súa ineficacia?
- 6.- En que se basea a previsión de redución dun 8% do número de incendios forestais durante esta campaña?
- 7.- Que medidas concretas se contemplan para abordar a nova tipoloxía de incendios periurbanos ou na interface urbano-forestal?
- 8.-. Como se vai abordar a investigación para ter máis datos para combater os incendios?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2016

Asdo.: Tereixa Paz Franco
Deputada do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2016 16:30
Nº Rexistro: 51050

Data envío: 31/05/2016 14:14:19.092

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 31/05/2016 14:12:03

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 51309(09/INT-001984)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 2 máis

Sobre a diminución do persoal docente e investigador no
Sistema universitario de Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, 659, 15.06.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2016 16:30
Nº Rexistro: 51309
Data envío: 08/06/2016 14:10:22.338



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Concepción Burgo López, Ricardo Vicente Docasar Docasar e Emilio Vázquez Blanco, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Os fortes recortes realizados polo Goberno do presidente Feijoo nos orzamentos das universidades galegas, que se poden cifrar nunha redución dun 15 % dos seus ingresos entre 2010 e 2015, (moi por riba da media de descenso do Sistema universitario española que está en torno ao 11 %), xunto coas limitacións na taxa de reposición do persoal imposto polo goberno Rajoy, están a producir efectos moi graves no SUG, tanto na investigación como na docencia.

Un dos graves efectos destas políticas de ataque ás universidades públicas é un forte descenso do persoal docente e investigador no Sistema universitario de Galicia o que está a provocar unha descapitalización das universidades galegas. Está perdendo o seu capital fundamental que é o capital humano de tal maneira que estamos a retroceder preto dunha década tanto nos ingresos como na contía de persoal.

En efecto, utilizando os datos oficiais das universidades nas súas respectivas memorias anuais, sabemos que entre 2010 e 2014 o SUG perdeu un mínimo de 400 profesores/as, un 7,5 % do cadro de persoal total de 2010. Estes datos vense confirmados polo último informe da CRUE, onde se reflicte unha diminución do profesorado dun 7,5 % na Universidade de Vigo, e dun 7,3 % en Santiago, moi por riba da media española que se atopa nun 5,74 %.

A perda de persoal investigador aínda é mais escandalosa. Entre 2010 e 2014 desapareceron 467 investigadores nas universidades do SUG un 19,5 % dos existentes en 2010.

Son cifras que marcan a grave situación que as políticas do PP están a provocar nas universidades, e que se torna a peor si temos en conta que o corpo galego de docentes universitarios é un dos mais avellentados de España. Segundo as estatísticas do Ministerio de Educación, a porcentaxe

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

de profesores/as menores de 35 anos era en 2014 tan só dun 4,6 % (fronte a unha media do 7,3 % no Estado) , pola contra o profesorado maior de 60 anos é o 16,1 % en Galicia e o 14,6 % en España. A idade media dos docentes das universidades supera en Galicia os 50 anos, situación moi preocupante, que vai provocar, por exemplo, que nos próximos cinco anos na Universidade de Santiago de Compostela xubiláranse 300 profesores/as.

Ademais, a limitación orzamentaria imposta pola Xunta de Galicia no incremento da masa salarial e no capítulo I, dificulta gravemente tamén a política de profesorado, limitando, practicamente impedindo, durante todos estes anos a consolidación e estabilización do profesorado e tamén facer fronte as necesidades docentes máis urxentes.

A consecuencia de todo isto, ademais da perda de profesores, foi incrementar o número de persoal docente e investigador laboral en situación de precariedade e interinidade. Cada vez é maior o número de persoal con contratos temporais e absolutamente precarios, moitos non chegan nin ao salario mínimo. E isto pon en perigo a calidade docente e investigadora das nosas universidades.

De feito existen carencias de docentes en múltiples áreas e titulacións como poñen en evidencia as protestas que se produciron en facultades como Medicina, Ciencias da Educación ou Filosofía. Faltan profesores e non se substitúen. Unha situación que fala tamén doutro dos problemas ocorridos nestes anos: a continua intromisión da Xunta de Galicia na autonomía das universidades que necesitaba o permiso da Consellería de Facenda para contratar o persoal necesario incluso para substitucións.

Membros da comunidade universitaria galega, mesmo falan de intromisión política directa da Xunta de Galicia nas universidades.

